

ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN AMBIENTAL

TÍTULO I.- NORMAS XERAIS.

- Artigo 1.- Obxecto e obxectivos.
- Artigo 2.- Ámbito de aplicación.
- Artigo 3.- Exercício de competencias municipais.
- Artigo 4.- Actuacións administrativas.
- Artigo 5.- Inspección.
- Artigo 6.- Denuncias.
- Artigo 7.- Licencias.

TÍTULO II.- NORMAS PARTICULARES RELATIVAS Á PROTECCIÓN DA ATMOSFERA FRONTE Á CONTAMINACIÓN POR FORMAS DA MATERIA.

CAPÍTULO 1.- DISPOSICIÓN XERAIS.

- Artigo 8.- Obxecto e ámbito de aplicación.
- Artigo 9.- Contaminación por formas da materia.
- Artigo 10.- Actividades potencialmente contaminadoras.

CAPÍTULO 2.- NIVEIS DE INMISIÓN E DECLARACION DE ZONA DE ATMÓSFERA CONTAMINADA.

SECCIÓN 1.- NORMAS XERAIS.

- Artigo 11.- Niveis de inmisión.
- Artigo 12.- Declaración de situación de atención e vixilancia atmosférica.
- Artigo 13.- Medidas.
- Artigo 14.- Zona de Atmósfera Contaminada.

CAPÍTULO 3.- CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA DE ORIXE RESIDENCIAL.

SECCIÓN 1.- INSTALACIONES DE COMBUSTIÓN.

Artigo 15.- Licencias.

Artigo 16.- Homologación.

SECCIÓN 2.- COMBUSTIBLES.

Artigo 17.- Tipos de combustibles.

Artigo 18.- Combustibles limpos.

Artigo 19.- Reserva de combustible.

Artigo 20.- Prohibición.

SECCIÓN 3.- GASES DE COMBUSTION.

Artigo 21.- Xeradores de calor.

Artigo 22.- Rendemento.

Artigo 23.- Menor rendemento.

Artigo 24.- Fumes.

Artigo 25.- Índice opacimétrico.

Artigo 26.- Prohibición.

SECCIÓN 4.- DISPOSITIVOS DE CONTROL E EVACUACION.

Artigo 27.- Novas instalacións.

Artigo 28.- Toma de mostrás.

Artigo 29.- Diámetro hidráulico.

Artigo 30.- Condicións de seguridade. Medicións.

Artigo 31.- Chemineas.

Artigo 32.- Altura e funcionamento das chemineas.

Artigo 33.- Depuración de fumes.

Artigo 34.- Depuración por vía húmida.

Artigo 35.- Mantemento.

CAPÍTULO 4.- CONTAMINACION ATMOSFERICA DE ORIXE INDUSTRIAL.

SECCIÓN 1.- Licencias.

Artigo 36.- Industrias potencialmente contaminadoras.

Artigo 37.- Estudio previo.

Artigo 38.- Obrigas.
 Artigo 39.- Medicións.
 Artigo 40.- Ampliación da industria.
 Artigo 41.- Modificación da industria.
 Artigo 42.- Contaminantes atmosféricos.
 Artigo 43.- Nivel de emisión.
 Artigo 44.- Denegación de licencia.

SECCIÓN 2.- GASES DE SAIDA.

Artigo 45.- Evacuación de gases.
 Artigo 46.- Rexistro de toma de mostrás.
 Artigo 47.- Condicións de seguridade.
 Artigo 48.- Vertidos.
 Artigo 49.- Métodos homologados.
 Artigo 50.- Entidades colaboradoras.
 Artigo 51.- Libro de rexistro.

SECCIÓN 3.- DISPOSITIVOS DE CONTROL.

Artigo 52.- Autocontrol.
 Artigo 53.- Equipos e aparatos de medida.
 Artigo 54.- Control de medidas correctoras.
 Artigo 55.- Avarías.
 Artigo 56.- Medición anual.
 Artigo 57.- Acción substitutoria.
 Artigo 58.- Inspeccións.
 Artigo 59.- Causas da inspección.
 Artigo 60.- Actuacións de inspección.
 Artigo 61.- Técnicos municipais.
 Artigo 62.- Infracción das normas.

CAPÍTULO 5.- CONTAMINACION ATMOSFERICA DE ACTIVIDADES VARIAS.

SECCIÓN 1.- GARAXES, TALLERES E OUTROS.

Artigo 63.- Garaxes, aparcamentos e talleres.
 Artigo 64.- Ventilación.
 Artigo 65.- Ventilación natural.
 Artigo 66.- Ventilación directa.
 Artigo 67.- Ventilación forzada.
 Artigo 68.- Instalación de detectores de monóxido de carbono.
 Artigo 69.- Chemineas.
 Artigo 70.- Talleres de pintura.

SECCIÓN 2.- OUTRAS ACTIVIDADES.

- Artigo 71.- Limpeza de roupa e tinturerías.
- Artigo 72.- Establecementos de hostelería.
- Artigo 73.- Instalacións provisionais.
- Artigo 74.- Obras de derrubamento.

SECCIÓN 3.- ACONDICIONAMENTO DE LOCAIS.

- Artigo 75.- Evacuación do aire.
- Artigo 76.- Torres de refrixeración.
- Artigo 77.- Condensación.
- Artigo 78.- Ventilación.

CAPÍTULO 6.- CONTAMINACION ATMOSFERICA POR CHEIROS.

- Artigo 79.- Normas xerais.
- Artigo 80.- Producción de cheiros.

CAPÍTULO 7.- CONTAMINACION ATMOSFERICA PRODUCIDA POR VEHICULOS DE MOTOR.

- Artigo 81.- Xeneralidades.
- Artigo 82.- Métodos homologados.
- Artigo 83.- Opacidade de fumes.
- Artigo 84.- Centros de inspección.
- Artigo 85.- Monóxido de carbono.
- Artigo 86.- Vehículos diésel.
- Artigo 87.- Certificado de control.
- Artigo 88.- Requirimento.
- Artigo 89.- Resultado da inspección.
- Artigo 90.- Emisións abusivas.
- Artigo 91.- Empresas con vehículos diésel.
- Artigo 92.- Labor de vixilancia.

CAPÍTULO 8.- INFRACCIONS.

- Artigo 93.- Tipificación de infraccións.
- Artigo 94.- Infraccións ó réxime de control de instalacións de combustión.
- Artigo 95.- Infraccións ó réxime de control de contaminación atmosférica de orixe industrial.
- Artigo 96.- Infraccións ó réxime de control de contaminación atmosférica con orixe en actividades varias e cheiros.
- Artigo 97.- Infraccións en Zona de Atmosfera Contaminada.
- Artigo 98.- Infraccións ó réxime de control de

contaminación atmosférica producida por vehículos a motor e ciclomotores.

TÍTULO III.- NORMAS PARTICULARES RELATIVAS A PROTECCION DA ATMOSFERA FRONTE A CONTAMINACION POR FORMAS DA ENERXIA.

CAPÍTULO 1.- DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 99.- Aplicación.
Artigo 100.- Obxcetivos.
Artigo 101.- Obrigatoriedade.
Artigo 102.- Instalacións e actividades incluídas.
Artigo 103.- Normas particulares de inspección.

CAPÍTULO 2.- NIVEIS DE RUIDO ADMISIBLE NO MEDIO URBANO.

SECCIÓN 1.- CRITERIOS XERAIS DE PREVENCION.

Artigo 104.- Planeamento urbano.

SECCIÓN 2.- NIVEIS MAXIMOS NO MEDIO EXTERIOR.

Artigo 105.- Límites.

SECCIÓN 3.- NIVEIS MAXIMOS NO MEDIO INTERIOR.

Artigo 106.- Límites.

Artigo 107.- Locais musicais.

CAPÍTULO 3.- CRITERIOS DE PREVENCION ESPECIFICA.

SECCIÓN 1.- CONDICIONS ACUSTICAS EN EDIFICIOS.

Artigo 108.- Disposicións xerais.

SECCIÓN 2.- RUIDOS DE VEHICULOS.

Artigo 109.- Xeneralidades.

Artigo 110.- Excepcións.

Artigo 111.- Límites.

Artigo 112.- Tubos de escape.

Artigo 113.- Mecanismo de control.

SECCIÓN 3.- COMPORTAMIENTO DOS CIDADANS NA VIA PUBLICA E NA CONVIVENCIA DIARIA.

Artigo 114.- Xeneralidades.

Artigo 115.- Actividade humana.

Artigo 116.- Animais domésticos.

Artigo 117.- Instrumentos musicais.

Artigo 118.- Aparatos domésticos.

Artigo 119.- Manifestacións populares.

Artigo 120.- Outras actividades.

SECCIÓN 4.- TRABALLOS NA VIA PUBLICA QUE PRODUZAN RUIDOS.

Artigo 121.- Obras de construción.

Artigo 122.- Carga e descarga.

SECCIÓN 5.- MAQUINAS E APARATOS SUSCEPTIBLES DE PRODUCIR RUIDOS E VIBRACIONES.

Artigo 123.- Xeneralidades.

Artigo 124.- Fluídos.

Artigo 125.- Prohibicións.

Artigo 126.- Circunstancias excepcionais.

SECCIÓN 6.- SISTEMAS DE ALARMA.

Artigo 127.- Aplicación.

Artigo 128.- Actividades reguladas.

Artigo 129.- Clasificación de alarmas.

Artigo 130.- Autorización.

Artigo 131.- Obrigas para titulares e responsables de alarmas.

Artigo 132.- Obrigas para titulares e/ou responsables de sirenas.

SECCIÓN 7.- CONDICIONS DE INSTALACION E APERTURA DE ACTIVIDADES.

Artigo 133.- Condicións para locais.

Artigo 134.- Licencia para actividades musicais.

Artigo 135.- Licencia para actividades industriais.

CAPÍTULO 4.- MEDICION DE RUIDOS E LIMITES DE NIVEL.

Artigo 136.- Condicións que teñen que cumprir os aparatos de medida.

Artigo 137.- Determinación do nivel sonoro.

Artigo 138.- Avaliación dos niveis de ruído.

CAPÍTULO 5.- VIBRACIONES.

Artigo 139.- Xeneralidades.

Artigo 140.- Vibracións prohibidas.

CAPÍTULO 6.- INFRACCIONES.

Artigo 141.- Tipificación de infraccións.

TÍTULO IV.- NORMAS PARTICULARES RELATIVAS AS AUGAS RESIDUAIS.

CAPÍTULO 1.- OBXECTIVOS E AMBITO DE APLICACION.

Artigo 142.- Obxectivos e ámbito de aplicación.

CAPÍTULO 2.- REGULACION DOS Vertidos.

Artigo 143.- Censo de verquidos.

Artigo 144.- Situación de emerxencia.

CAPÍTULO 3.- CONTROL DA CONTAMINACION NA ORIXE.

Artigo 145.- Tratamentos previos ó verquido.

Artigo 146.- Finalidade do control.

CAPÍTULO 4.- AUTORIZACION DE VERTIDOS.

Artigo 147.- Solicitude de permiso e autorización de verquidos.

Artigo 148.- Verquidos ás redes xerais de saneamento.

Artigo 149.- Tramitación.

Artigo 150.- Obrigatoriedade.

Artigo 151.- Organismo competente.

Artigo 152.- Denegación de autorizacións.

Artigo 153.- Instrumentos de planificación.

Artigo 154.- Taxa de saneamento.

CAPÍTULO 5.- LIMITACIONES OS VERTIDOS.

- Artigo 155.- Verquidos prohibidos.
 Artigo 156.- Verquidos a canles receptoras.
 Artigo 157.- Verquidos ás instalacións municipais.
 Artigo 158.- Revisións.

CAPÍTULO 6.- MOSTRAXE E ANALISE.

- Artigo 159.- Toma de mostras.
 Artigo 160.- Mostras.
 Artigo 161.- Análise.
 Artigo 162.- Métodos.
 Artigo 163.- Disconformidade.

CAPÍTULO 7.- INSPECCION.

- Artigo 164.- Disposicións xerais.
 Artigo 165.- Obxecto da inspección.
 Artigo 166.- Acceso ás instalacións.
 Artigo 167.- Acreditación.
 Artigo 168.- Acta.
 Artigo 169.- Inspección e control en planta de tratamentos previos ó verquido.
 Artigo 170.- Libro de rexistro.
 Artigo 171.- Informe de descarga.

CAPÍTULO 8.- REXIME DISCIPLINARIO.

- Artigo 172.- Normas xerais.
 Artigo 173.- Denuncias.
 Artigo 174.- Suspensión.
 Artigo 175.- Tipificación de infraccións.

TÍTULO V.- NORMAS PARTICULARES RELATIVAS A RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.CAPÍTULO 1.- XESTIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

SECCIÓN 1.- DISPOSICIÓN XERAIS.

- Artigo 176.- Aplicación.
 Artigo 177.- Tratamento, eliminación e xestión.
 Artigo 178.- Residuos abandonados.

Artigo 179.- Propiedade municipal.
Artigo 180.- Prestación de servicios.
Artigo 181.- Reutilización e recuperación.

SECCIÓN 2.- RESPONSABILIDADE.

Artigo 182.- Responsabilidade.
Artigo 183.- Exercicio de accións legais.

SECCIÓN 3.- TRATAMENTO DE RESIDUOS POR PARTICULARES.

Artigo 184.- Licencia municipal.
Artigo 185.- Revisións.
Artigo 186.- Prohibicións.

CAPÍTULO 2.- CLASIFICACIÓN DOS RESIDUOS.

Artigo 187.- Tipos de residuos.

CAPÍTULO 3.- RESIDUOS DOMICILIARIOS.

SECCIÓN 1.- DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 188.- Prestación do servicio.
Artigo 189.- Obrigas dos usuarios.

SECCIÓN 2.- COLECTORES PARA O LIXO.

Artigo 190.- Forma de presentación dos residuos.

Artigo 191.- Conservación e limpeza dos recipientes.

Artigo 192.- Conservación e limpeza do recinto.

Artigo 193.- Recollida.

Artigo 194.- Recipientes e vehículos colectores.

Artigo 195.- Volumes extraordinarios.

Artigo 196.- Escouras e cinzas.

Artigo 197.- Prohibicións.

SECCIÓN 3.- HORARIO DE PRESTACION DOS SERVICIOS.

Artigo 198.- Programación.

Artigo 199.- Casos de emerxencia.

CAPÍTULO 4.- RESIDUOS SANITARIOS.

Artigo 200.- Forma de presentación.
Artigo 201.- Centros productores.
Artigo 202.- Recollida.

CAPÍTULO 5.- RESIDUOS INDUSTRIAIS.

SECCIÓN 1.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 203.- Recollida e transporte.
Artigo 204.- Servicios prestados por
terceiros.
Artigo 205.- Obrigas.
Artigo 206.- Autorización.

SECCIÓN 2.- SERVICIOS MUNICIPAIS.

Artigo 207.- Prestación do servicio.
Artigo 208.- Tratamentos previos.
Artigo 209.- Propiedade municipal.
Artigo 210.- Taxas.

CAPÍTULO 6.- RESIDUOS ESPECIAIS.

SECCIÓN 1.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 211.- Prestación do servicio.
Artigo 212.- Obrigas dos usuarios.

SECCIÓN 2.- ALIMENTOS E PRODUCTOS CADUCADOS.

Artigo 213.- Artigos caducados.
Artigo 214.- Mobles e aparellos inservibles.
SECCIÓN 3.- VEHICULOS ABANDONADOS.

Artigo 215.- Situación de abandono.
Artigo 216.- Notificacións.
Artigo 217.- Procedemento.

SECCIÓN 4.- ANIMAIS MORTOS.

Artigo 218.- Servicio municipal.
Artigo 219.- Prohibicións.
Artigo 220.- Obrigas dos propietarios.
Artigo 221.- Aviso.

CAPÍTULO 7.- OUTROS RESIDUOS.

SECCIÓN 1.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 222.- Xeneralidades.

Artigo 223.- Obrigas.

SECCIÓN 2.- RESTOS DA XARDINERÍA.

Artigo 224.- Xeneralidades.

SECCIÓN 3.- TERRAS E ENTULLOS.

Artigo 225.- Aplicación.

Artigo 226.- Producción, transporte e descarga.

Artigo 227.- Entrega de entullos.

Artigo 228.- Obras na vía pública.

Artigo 229.- Prohibicións.

Artigo 230.- Contedores para obras.

Artigo 231.- Autorización municipal.

Artigo 232.- Requisitos dos contedores.

Artigo 233.- Normas de colocación.

Artigo 234.- Normas de utilización, obrigas e responsabilidades.

Artigo 235.- Normas de retirada.

Artigo 236.- Tempo de ocupación.

Artigo 237.- Autorizacións.

CAPÍTULO 8.- RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS

Artigo 238.- Recollida selectiva.

Artigo 239.- Organo competente.

Artigo 240.- Servicios de recollida selectiva.

Artigo 241.- Contedores para a recollida selectiva do lixo.

CAPÍTULO 9.- INSTALACIONES FIXAS PARA A RECOLLIDA DE RESIDUOS.

Artigo 242.- Cuartos do lixo.

Artigo 243.- Dimensións.

Artigo 244.- Prohibicións.

Artigo 245.- Incineración.

CAPÍTULO 10.- INFRACCIONS.

Artigo 246.- Tipificación de infraccións.

TÍTULO VI.- NORMAS PARTICULARES RELATIVAS A PROTECCION DE ESPACIOS NATURAIS, PARQUES, XARDINS, ARBOREDO URBANO E LIMPEZA DA VIA PUBLICA.

CAPÍTULO 1.- ESPACIOS NATURAIS.

SECCIÓN 1.- NORMAS XERAIS.

- Artigo 247.- Obxecto.
Artigo 248.- Inventario.
Artigo 249.- Tratamento de masas forestais con valor ecolóxico.
Artigo 250.- Zonas de influencia socio-económica.
Artigo 251.- Patronatos.
Artigo 252.- Licencias.

SECCIÓN 2.- PLANS, AREAS RECREATIVAS.

- Artigo 253.- Plans técnicos de ordenación.
Artigo 254.- Plans de mellora.
Artigo 255.- Usos recreativos do monte.
Artigo 256.- Zonas recreativas.
Artigo 257.- Prohibicións.

SECCIÓN 3.- INCENDIOS.

- Artigo 258.- Medidas preventivas.
Artigo 259.- Participación cidadá.

SECCIÓN 4.- RIBEIRAS E ZONAS DE MONTAÑA.

- Artigo 260.- Montes afectados por Espacios Naturais Protexidos.
Artigo 261.- Ribeiras e cursos de auga.
Artigo 262.- Zonas de montaña.

CAPÍTULO 2 .- PARQUES, XARDINS E ARBOREDO URBANO.

SECCIÓN 1.-NORMAS XERAIS.

- Artigo 263.- Obxecto.
Artigo 264.- Creación de zonas verdes.
Artigo 265.- Protección a vexetais no ordenamento urbanístico.
Artigo 266.- Calificación de bens de dominio e uso público.

Artigo 267.- Conducta a observar.
 Artigo 268.- Animais en zonas verdes.

SECCIÓN 2.- CONSERVACION DE EXEMPLARES
 VEXETAIS.

Artigo 269.- Inventario.
 Artigo 270.- Actos sometidos a licencia ou
 autorización municipal.
 Artigo 271.- Obrigas.
 Artigo 272.- Prohibicións.
 Artigo 273.- Gabias.

SECCIÓN 3.- OBRAS PUBLICAS E PROTECCION DO
 ARBOREDO.

Artigo 274.- Protección das árbores fronte a
 obras públicas.
 Artigo 275.- Condicións técnicas da
 protección.

SECCIÓN 4.- VEHICULOS EN ZONAS VERDES.

Artigo 276.- Sinalizacións.
 Artigo 277.- Circulación de bicicletas.
 Artigo 278.- Circulación de vehículos de
 motor.
 Artigo 279.- Circulación de autocares.
 Artigo 280.- Circulación de carros de
 inválidos.
 Artigo 281.- Estacionamento.

CAPÍTULO 3.- LIMPEZA DA VIA PUBLICA.

5 SECCIÓN 1.- NORMAS XERAIS.

Artigo 282.- Obxecto.
 Artigo 283.- Concepto de "vía pública".
 Artigo 284.- Prestación de servicio.
 Artigo 285.- Limpeza de elementos de servicios
 non municipais.

SECCIÓN 2.- ORGANIZACION DA LIMPEZA.

Artigo 286.- Rúas, patios e elementos de
 dominio particular.
 Artigo 287.- Limpeza viaria a cargo de
 particulares.

Artigo 288.- Situacións de emerxencia.
 Artigo 289.- Retirada de entullos.
 Artigo 290.- Limpeza de quioscos ou doutras
 instalacións de venda.
 Artigo 291.- Parte visible dos inmobles.
 Artigo 292.- Operacións de carga e descarga.
 Artigo 293.- Transporte de terras, entullos ou
 carbóns.
 Artigo 294.- Limpeza de vehículos.
 Artigo 295.- Circos, teatros e atraccións
 itinerantes.

SECCIÓN 3.- PROHIBICIONS.

Artigo 296.- Residuos e lixos.
 Artigo 297.- Uso de papeleiras.
 Artigo 298.- Lavado de vehículos.
 Artigo 299.- Manipulación de residuos.
 Artigo 300.- Rega de plantas.

SECCIÓN 4.- OBRIGAS.

Artigo 301.- Excrementos.
 Artigo 302.- Propietarios de soares.
 Artigo 303.- Estética de fachadas.

SECCIÓN 5.- PUBLICIDADE.

Artigo 304.- Actos públicos.
 Artigo 305.- Elementos publicitarios.
 Artigo 306.- Colocación de valos
 publicitarios, carteis, pancartas e adhesivos.
 Artigo 307.- Oitavas.
 Artigo 308.- Pintadas.

SECCIÓN 6.- LIMPEZA E CONSERVACION DO MOBILIARIO URBANO.

Artigo 309.- Normas xerais.
 Artigo 310.- Limitacións.
 Artigo 311.- Postos de venda.

CAPÍTULO 4.-TIPIFICACION DE INFRACCIONS.

Artigo 312.- Infraccións ó réxime de espazos
 naturais: montes.
 Artigo 313.- Infraccións ó réxime de espazos

naturais: incendios.
 Artigo 314.- Infraccións ó réxime de espacios
 naturais: ribeiras.
 Artigo 315.- Infraccións ó réxime de parques,
 xardíns e arboredo urbano.
 Artigo 316.- Infraccións ó réxime de limpeza.

TÍTULO VII.- PROTECCION DE ANIMAIS E REGULACION DA SUA TENZA.

CAPÍTULO 1.- NORMAS XERAIS.

Artigo 317.- Obxecto.
 Artigo 318.- Facultades da Alcaldía.
 Artigo 319.- Prohibicións xerais.
 Artigo 320.- Prohibicións especiais.
 Artigo 321.- Prohibición expresa referente a
 especies ameazadas.

CAPÍTULO 2.- CONDICIONS SANITARIAS.

Artigo 322.- Inscripción.
 Artigo 323.- Baixas.
 Artigo 324.- Curas e tratamentos.

CAPÍTULO 3.- AGRESION A PERSOAS.

Artigo 325.- Agresión.
 Artigo 326.- Control do animal.

CAPÍTULO 4.- ABANDONOS.

Artigo 327.- Consideración de abandono.
 Artigo 328.- Gastos e prazo.

CAPÍTULO 5.- ESTABLECEMENTOS DE CRIA, GARDA E VENDA DE ANIMAIS.

Artigo 329.- Licencia.
 Artigo 330.- Situación, construcións,
 instalacións e equipos.
 Artigo 331.- Alimentos.
 Artigo 332.- Salas de espera.
 Artigo 333.- Establecementos dedicados á venda
 de animais.

Artigo 334.- Documentación necesaria para a venda de animais.

CAPÍTULO 6.- ESPECIES NON AUTOCTONAS.

Artigo 335.- Documentación esixible.

Artigo 336.- Certificados de orixe.

CAPÍTULO 7.- INSTALACIONES AVICOLAS, HIPICAS E GANDEIRAS.

Artigo 337.- Instalacións comprendidas.

Artigo 338.- Licencia.

Artigo 339.- Obrigas.

Artigo 340.- Transporte de animais.

Artigo 341.- Entrada en matadoiros.

CAPÍTULO 8.- INSTALACIONES ZOOLOXICAS.

Artigo 342.- Definición de zoológico.

Artigo 343.- Tipos de zoológicos.

Artigo 344.- Licencia.

Artigo 345.- Medidas de seguridade.

Artigo 346.- Marco de exercicio da actividade.

CAPÍTULO 9.- SOCIEDADES PROTECTORAS DE ANIMAIS E PLANTAS.

Artigo 347.- Sociedades protectoras de animais e plantas.

CAPÍTULO 10.- INFRACCIONES.

Artigo 348.- Tipificación de infraccións.

TÍTULO VIII.- REXIME SANCIONADOR.

CAPÍTULO 1.- DISPOSICIONES XERAIS.

Artigo 349.- Infraccións.

Artigo 350.- Procedemento sancionador.

Artigo 351.- Competencias.

Artigo 352.- Rexistro de infractores.

CAPÍTULO 2.- MEDIDAS PREVENTIVAS.

Artigo 353.- Medidas preventivas.

CAPÍTULO 3.- SANCIONS.

Artigo 354.- Sancións.

Artigo 355.- Circunstancias modificativas da
responsabilidade administrativa.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

DISPOSICIÓNS FINAIS

ANEXOS

II.1.- DECRETO 1618/1980 DE APROBACION DO REGULAMENTO DE INSTALACIONES DE CALEFACCION, CLIMATIZACION E AUGA QUENTE SANITARIA, CO FIN DE RACIONALIZA-LO SEU CONSUMO ENERXETICO (BOE 6-8-1991).

II.2.- MEDIDA DA OPACIDADE DOS FUMES POLO ESCAPE DOS VEHICULOS AUTOMOBILES CON MOTOR DIESEL.

II.3.- VALORACION DO MONOXIDO DE CARBONO CONTIDO NOS GASES DE ESCAPE DOS VEHICULOS CON MOTOR DE ACENDIDO POR CHISPA EN REXIME DE "RALENTI".

III.1.- DEFINICIONS.

III.2.- NIVEIS MAXIMOS NO INTERIOR DO EDIFICIO.

III.3.- VALORES LIMITE DO NIVEL SONORO EMITIDO POLOS DISTINTOS VEHICULOS A MOTOR E CICLOMOTORES.

III.4.- TABOA E GRAFICO DE VIBRACIONES (Coeficiente K).

IV.1.- DEFINICIONS.

IV.2.- DOCUMENTACION NECESARIA PARA A OBTENCION DO PERMISO DE VERTIDOS AS INSTALACIONES MUNICIPAIS DE SANEAMENTO.

IV.3.- TABOA 1: INTERVALO DE CARACTERISTICAS E CONCENTRACIONES MAXIMAS PERMITIDAS NOS VERTIDOS OS COLECTORES MUNICIPAIS.

VI.1.- CONDICIONS PARA A REALIZACION DE REPOBOACIONES FORESTAIS.

VI.2.- VALORACION DE ARBORES.

TÍTULO I.- NORMAS XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto e obxectivos.

E obxecto da presente ordenanza o establecemento dun marco legal de regulación dos bens e recursos ambientais susceptibles de ser xestionados no ámbito das competencias das corporacións locais.

Artigo 2.- Ambito de aplicación.

Serán de aplicación as prescricións da presente ordenanza en todo o territorio do termo municipal. Poderá estenderse este ámbito por acordo expreso entre entes locais que constitúan mancomunidades con obxecto de aplica-lo contido da presente ordenanza.

Artigo 3.- Exercicio de competencias municipais.

Cando existan regulacións específicas de superior rango, as prescricións desta ordenanza aplicaranse con suxeición ó principio de xerarquía das normas e como complemento daquelas.

A totalidade do ordenamento xurídico obrigará tanto ás actividades e instalacións de nova implantación coma ás que se atopan en funcionamento, exercicio ou uso, xa sexan públicas ou privadas, con aplicación, no seu caso, das disposicións transitorias da presente ordenanza.

As competencias recollidas nesta ordenanza serán exercidas pola Alcaldía ou Concelleiro-Delegado que aquela designe. Poderá esixirse de oficio ou a instancia de parte, no marco das súas competencias, a adopción das medidas preventivas, correctoras ou reparadoras necesarias, ordenarse cantas inspeccións se estimen

convenientes e aplicarse as sancións en caso de incumprimento da presente ordenanza, conforme ó establecido no Título VIII desta.

Artigo 4.- Actuacións administrativas.

As actuacións derivadas da aplicación desta ordenanza axustaranse ás disposicións sobre procedemento administrativo e, en xeral, ó réxime xurídico establecido na normativa de administración local.

Artigo 5.- Inspección.

As autoridades municipais poderán realizar inspeccións entrando en instalacións, locais ou recintos, cantas veces sexan necesarias, estando os propietarios, titulares responsables e/ou usuarios das mesmas obrigados a permiti-lo seu acceso, sempre que a actividade de inspección teña por obxecto asegura-lo cumprimento das prescricións da presente ordenanza.

Artigo 6.- Denuncias.

Cualquera persoa física ou xurídica poderá denunciar ante o Concello aquelas actividades que contraveñan as prescricións desta ordenanza, adquirindo respecto ó expediente, se se iniciase, a condición de interesado.

Artigo 7.- Licencias.

Para aquelas actividades que estean sometidas á obtención de licencia previa, as condicións sinaladas pola presente ordenanza serán esixibles a través do correspondente proxecto técnico, debendo verificarse o seu cumprimento e, no seu caso, a eficacia das medidas preventivas, reparadoras e correctoras.

TÍTULO II.- NORMAS PARTICULARES RELATIVAS A PROTECCION DA ATMOSFERA FRONTE A CONTAMINACION POR FORMAS DA MATERIA.

CAPÍTULO 1.- DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 8.- Obxecto e ámbito de aplicación.

O presente Título ten por obxecto regular cantas actividades, situacións e instalacións sexan susceptibles de producir emisións de gases ou de partículas sólidas ou líquidas no termo municipal, para evita-la contaminación atmosférica e o risco que provoque á saúde humana, ós recursos naturais e ó ambiente.

Artigo 9.- Contaminación por formas da materia.

Para os efectos deste Título, enténdese por contaminación por formas da materia, de acordo coa Lei 38/1972 de Protección do Medio Ambiente Atmosférico, a presenza no aire de materias que impliquen risco, dano ou molestia grave para as persoas ou bens de calquera natureza.

Artigo 10.- Actividades potencialmente contaminadoras.

Para a determinación de actividades potencialmente contaminadoras rexerá o disposto nos artigos 41 e seguintes do Regulamento que desenvolve a Lei citada no artigo anterior, aprobado polo Decreto 833/1975, os seus anexos e maila lexislación concordante.

CAPÍTULO 2.- NIVEIS DE INMISION E DECLARACION DE

ZONA DE ATMOSFERA CONTAMINADA.

SECCIÓN 1.- NORMAS XERAIS.

Artigo 11.- Niveis de inmisión.

Enténdese por límites de inmisión a presenza na atmosfera de cada contaminante, illadamente ou asociado con outros, dentro das concentracións máximas tolerables. Os niveis máximos de inmisión admisibles adaptaranse ó establecido na lexislación vixente, con especificación expresa do seu tempo de exposición correspondente.

Artigo 12.- Declaración de situación de atención e vixilancia atmosférica.

Cando, á vista dos valores subministrados pola Rede Principal de Vixilancia e Prevención da Contaminación Atmosférica, e tendo en conta as previsións meteorolóxicas, se considere previsible alcanzar nunha determinada zona da cidade niveis de inmisión superiores ós tipificados como admisibles polo presente Título ou manterse durante un período prolongado en valores que, anque inferiores a estes, sexan moi próximos, o alcalde declarará a situación de atención e vixilancia atmosférica, previa proposta dos servizos técnicos municipais.

Artigo 13.- Medidas.

1. No caso de declararse a situación de atención e vixilancia atmosféricas, a Alcaldía adoptará as medidas pertinentes co obxecto de preservar as condicións hixiénico-sanitarias da atmosfera, dándolle a máxima publicidade de forma inmediata.

2. Coa mesma urxencia e amplitude divulgarase o cesamento da situación de atención e vixilancia atmosférica, que tamén será declarado pola alcaldía.

Artigo 14.- Zona de Atmosfera Contaminada.

As declaracións de Zona de Atmosfera Contaminada e

de situación de emerxencia realizaranse na forma e cos efectos previstos no Decreto 833/1975 e lexislación concordante.

CAPÍTULO 3.- CONTAMINACION ATMOSFERICA DE ORIXE RESIDENCIAL.

SECCIÓN 1.- INSTALACIONES DE COMBUSTION.

Artigo 15.- Licencias.

1. Tódalas instalacións de combustión, calquera que sexa o combustible empregado e mailo uso a que estean destinadas, a potencia calorífica útil das cales sexa superior a 25.000 kcal/h, deberán cumprir-las prescricións deste Título e precisarán para o seu funcionamento a correspondente licencia ou autorización que poderá, no seu caso, concederse simultaneamente coa licencia de obras. Cando a importancia ou as características da instalación así o aconsellen, procederase á súa tramitación polas canles establecidas no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961.

2. Toda modificación, substitución ou transformación nas instalacións de combustión existentes a que se fai referencia neste artigo, precisará de licencia municipal, adaptándose ás prescricións deste Título e á normativa xeral sobre a materia.

3. Tódolos equipos, aparatos e demais elementos que se instalen corresponderán ós especificados na documentación presentada na solicitude de licencia municipal e deberán axustarse á normativa vixente existente nesta materia, especialmente no relativo á homologación dos equipos utilizados.

Artigo 16.- Homologación.

Tódolos elementos instalados responderán a tipos

homologados cando existan normas ó respecto e, tanto cada un deles coma a súa instalación, cumprirán o prescrito na regulamentación de instalacións de calefacción, climatización e auga quente sanitaria e instrucións técnicas complementarias.

SECCIÓN 2.- COMBUSTIBLES.

Artigo 17.- Tipos de combustibles.

Os combustibles empregados nestas instalacións e mailas súas características serán os seguintes:

- Combustibles gasosos: sen límite.
- Combustibles sólidos: só poderán utilizarse carbóns de calidade autorizada na lexislación vixente.
- Combustibles líquidos: utilizaranse os fixados pola lexislación vixente para este tipo de instalacións.

Artigo 18.- Combustibles limpos.

Para os efectos previstos neste Título defínense como combustibles limpos: a enerxía eléctrica, o gas natural, os gases licuados do petróleo, os gases manufacturados e outros combustibles posibles sempre que o seu contido en xofre sexa igual ou inferior ó 0,2 %.

Artigo 19.- Reserva de combustible.

As instalacións de combustión que teñan unha potencia calorífica total superior a 2.000 Mkal/h disporán dunha reserva de combustible limpo para aseguralo seu funcionamento durante 6 días polo menos. Dita reserva utilizarase cando se declare unha situación de emerxencia e mentres dure a mesma, ou cando se prevexa que vaia producirse.

Artigo 20.- Prohibición.

Non poderán utilizarse aqueles combustibles, líquidos ou sólidos, o contido de xofre dos cales sexa superior ó que para cada caso sinale a lexislación vixente.

SECCIÓN 3.- GASES DE COMBUSTION.

Artigo 21.- Xeradores de calor.

A instalación e funcionamento dos xeradores de calor, co fin de racionaliza-lo seu consumo enerxético, axustaranse á regulamentación de instalacións de calefacción, climatización e auga quente sanitaria e instrucións técnicas complementarias.

Artigo 22.- Rendemento.

Os xeradores de calor terán, como mínimo, os rendementos que determine a normativa vixente en cada momento. Na actualidade, rexerán os especificados na táboa que figura no anexo II.1 do presente Título, en tanto por cento, funcionando a súa potencia útil e referidos ó poder calorífico inferior do combustible.

Artigo 23.- Menor rendemento.

Cando o rendemento de combustión de calquera xerador de calor sexa inferior ó 75 %, o titular ou titulares da instalación estarán obrigados a substituí-los elementos defectuosos, a cambia-la instalación ou, no seu caso, a adopta-las medidas necesarias a fin de conseguir que o rendemento supere a porcentaxe indicada. (Son de especial aceptación as excepcións establecidas no anexo II.1).

Artigo 24.- Fumes.

1. Para aquelas instalacións nas que se utilicen combustibles sólidos, a temperatura dos fumes, á entrada da cheminea, non debe supera-los 250 °C.

2. Nas instalacións de combustibles líquidos, o

tanto por cento de concentración de CO₂ de gases secos nos fumes, medido en volume, deberá estar comprendido entre 10 e 13 e a súa temperatura entre os 180 e 250 °C, medidos tódolos valores á entrada da cheminea.

Artigo 25.- Índice opacimétrico.

1. Só poderán emitirse fumes visibles ocasionalmente. O índice opacimétrico máximo autorizado será de 1 na Escala Ringelmann ou 2 na Escala Bacharach.

2. Estes límites poderán ser rebasados ata o dobre no centro de instalacións con combustibles sólidos, durante un tempo máximo de media hora, sempre tendo en conta o disposto no artigo 32.

Artigo 26.- Prohibición.

Queda prohibida toda combustión que non se realice en fogares axeitados e provistos das correspondentes conduccións de evacuación dos produtos de combustión.

SECCIÓN 4.- DISPOSITIVOS DE CONTROL E EVACUACION.

Artigo 27.- Novas instalacións.

1. As novas instalacións deberán dispor dos dispositivos axeitados que permitan medi-la presión na cheminea e cámara de combustión, temperatura dos fumes e análises destes, así como cantos controles sexan necesarios para comproba-lo funcionamento do proceso de combustión.

2. Con este fin, a cheminea deberá dispoñer dun furado de diámetro non inferior a 5 cm, coa correspondente tapa, situado en lugar accesible, segundo se indica no artigo seguinte.

3. As instalacións de calefacción e auga quente sanitaria disporán dun furado de diámetro non inferior a 8 mm.

Artigo 28.- Toma de mostrás.

O furado para a toma de mostrás situarase de tal xeito que a distancia a calquera perturbación do fluxo gasoso, (cóbado, cambio de sección ou outros) sexa como mínimo de 8 diámetros, no caso de que a perturbación se atope antes do punto de medida respecto do furado do fluxo, ou de 4 diámetros se se atopa en sentido contrario.

2. No caso particular de instalacións xa existentes, con grandes dificultades para manter estas distancias, poderán diminuírse procurando conservar unha relación de un a dous, con obxecto de que a desviación das condicións ideais sexa mínima. En calquera caso, non se emitirán valores inferiores a 2 e 0,5 diámetros para as distancias entre o punto de toma de mostra e calquera perturbación anterior e posterior, respectivamente.

Artigo 29.- Diámetro hidráulico.

1. Para seccións non circulares empregarase o diámetro hidráulico equivalente, que no caso de sección rectangular vén dado pola fórmula:

$$De = 2 \frac{a \times b}{a + b}$$

onde a e b son os lados interiores da sección da cheminea.

2. Tódalas dimensións indicadas nos artigos precedentes refírense a cotas interiores.

Artigo 30.- Condicións de seguridade. Medicións.

1. Para realizar medicións e toma de mostrás, os furados circulares que se practiquen nas chemineas estarán dotados, para facilita-la introducción dos elementos necesarios, dun casquete roscado de 100 mm de

lonxitude ou maior, que permita encaixa-la tapa correspondente. Este casquete irá soldado a tope para o paso de chemineas metálicas ou ancorado en chemineas de obra.

2. Nas conexións disporanse as correspondentes tapas metálicas, macho ou femia.

3. O rexistro para a toma de mostras deberá ser accesible para facilita-la instalación e comprobación dos aparatos de medida, de xeito que o persoal de inspección poida operar normalmente e sen risco de accidentes.

4. Se for necesario, deberá instalarse unha plataforma que dispoña de varanda e rodapé de seguridade.

5. Tódalas medicións que se realicen (caudais, velocidades, concentracións de contaminantes e outros), levaranse a cabo sendo métodos homologados nacional ou internacionalmente.

Artigo 31.- Chemineas.

1. Nas chemineas circulares, o número de furados e conexións será de 2, situados segundo diámetros perpendiculares.

2. Nas chemineas rectangulares, este número será de 3, dispostos sobre o lateral de menores dimensións e nos puntos medios dos segmentos que resultan de dividi-la distancia lateral inferior en tres partes iguais.

3. Nas chemineas de diámetro interior, real ou equivalente, inferior a 70 cm, só se disporá dunha conexión para medición e análise.

Artigo 32.- Altura e funcionamento das chemineas.

1. As chemineas para a evacuación dos gases, produto da combustión ou de actividades, construíranse segundo as presentes normas e a súa desembocadura deberá sobrepasar, cando menos nun metro, a altura do edificio máis alto, propio ou estremeiro, nun radio de quince metros e sempre de forma que, polas condicións do contorno e a criterio dos servizos técnicos municipais,

non cree molestias ós vecinos nin afecte ó ambiente. En casos excepcionais e previa xustificación poderá dispensarse o cumprimento dalgún destes requisitos.

2. As chemineas e conductos de evacuación contarán cun illamento axeitado ás súas condicións de funcionamento a fin de evita-la transmisión de calor ás propiedades contiguas e que o paso do fluído gasoso cause prexuízos ou molestias a terceiros, especialmente no caso de vivendas.

3. No caso de que unha saída de fumes incida negativamente no seu contorno, o Concello poderá impoñer, previo informe técnico, as medidas correctoras que estime oportunas.

Artigo 33.- Depuración de fumes.

Cando exista un depurador de fumes no circuíto de evacuación, deberá dispoñerse dun furado anterior e doutro posterior para a toma de mostras e análises de eficacia do mesmo.

Artigo 34.- Depuración por vía húmida.

Os sistemas de depuración deberán cumpra-la normativa vixente e, no caso de tratarse de sistemas por vía húmida, non poderán verter á rede de sumidoiros líquidos que conteñan reactivos, nin o pH dos cales estea fóra do intervalo comprendido entre 6 e 10.

Artigo 35.- Mantemento.

As instalacións a potencia total das cales supere as 86.400 Kcal/h deberán obrigatoriamente ser conservadas e mantidas por empresas especializadas ou por persoal autorizado, que serán responsables do seu bo funcionamento. Deberán realizar, cando menos, unha revisión anual, o resultado da cal quedará asentado no libro rexistro oficial da instalación, que recollerá, ademais, tódalas incidencias e reparacións efectuadas durante o seu funcionamento e estará a disposición da administración.

CAPÍTULO 4.- CONTAMINACION ATMOSFERICA DE ORIGE INDUSTRIAL.

SECCIÓN 1.- LICENCIAS.

Artigo 36.- Industrias potencialmente contaminadoras.

Considéranse como industrias potencialmente contaminadoras da atmosfera as definidas no Decreto 833/1975 de Protección de Medio Ambiente Atmosférico, ás cales se lle aplicará todo canto este dispón e, en particular, os límites de emisión máximos.

Artigo 37.- Estudio previo.

1. Para estas industrias será requisito indispensable, previo á concesión da súa licencia municipal, a presentación dun estudio ou proxecto, suscrito polo técnico competente, no que se xustifique o cumprimento do disposto no citado Decreto.

2. O estudio formará parte, no seu caso, do proxecto técnico global que regulamentariamente ha de acompañar á solicitude de licencia para a instalación da actividade cualificada en cuestión.

Artigo 38.- Obrigas.

1. Os titulares de actividades industriais potencialmente contaminadoras da atmosfera están obrigados a respecta-los límites de emisión que lles correspondan, sen necesidade dun acto de requirimento ou suxeición individual.

2. Así mesmo, estarán obrigados a :

a) facilita-lo acceso dos inspectores municipais ós lugares da actividade;

b) poñer a disposición dos inspectores a información, documentación, elementos e persoal auxiliar

que sexan requiridos;

c) permitirlles ós inspectores as tomas de mostras suficientes para realiza-las análises e comprobacións;

d) permiti-lo emprego dos instrumentos e aparatos da empresa utilizados con fins de autocontrol;

e) proporcionar, en xeral, todo tipo de facilidades para a realización da inspección.

Artigo 39.- Medicións.

1. Unha vez instalada a industria será preciso realiza-las medicións oportunas para garanti-lo correcto funcionamento da instalación, dentro dos límites de emisión fixados en cada caso.

2. Dita medición será realizada polo Concello ou por entidades colaboradoras da administración.

Artigo 40.- Ampliación da industria.

Non se autorizará a ampliación dunha industria se non cumpre, en canto ás instalacións xa existentes, os niveis de emisión establecidos, salvo que xunta ó proxecto de ampliación presente outro de depuración das emisións xa existentes, adoptando aqueles medios anticontaminantes necesarios e as medidas preventivas, correctoras e/ou reparadoras para reducir ditos niveis a límites regulamentarios.

Artigo 41.- Modificación da industria.

Cualquera modificación que unha industria, incluída nos grupos A e D do Catálogo de Actividades Potencialmente Contaminadoras (Decreto 833/1975) desexe introducir nas súas materias primas, maquinaria, proceso de fabricación ou sistema de depuración de efluentes gasosos, que poidan afectar á emisión de contaminantes na atmosfera deberá ser posta en coñecemento do Concello e seguirá o trámite de autorización previsto para a instalación, ampliación ou modificación de industrias.

Artigo 42.- Contaminantes atmosféricos.

Enténdese por contaminantes da atmosfera, entre outros, as materias que se relacionan no anexo do Decreto 833/1975 de Protección do Medio Ambiente Atmosférico.

Artigo 43.- Nivel de emisión.

1. Enténdese por nivel de emisión, a concentración máxima admisible de cada tipo de contaminante vertido á atmosfera, medido en peso ou en volume segundo a práctica corrente internacional e nas unidades de aplicación que correspondan a cada un deles. O nivel de emisión pode vir dado polo peso máximo de cada substancia contaminante vertida á atmosfera, sistematicamente, nun período de tempo ou por unidade de produción.

2. Os niveis de emisión máximos non poderán superalos indicados no anexo do Decreto 833/1975, anteriormente citado e normas derivadas e concordantes.

Artigo 44.- Denegación de licencia.

Cando, a pesar de cumprirse o indicado no artigo anterior, os niveis de inmisión admisibles poidan ser superados polas emisións dalgunha nova actividade, o Concello, previo informe dos servizos técnicos municipais, poderá denega-la correspondente licencia.

SECCIÓN 2.- GASES DE SAIDA.

Artigo 45.- Evacuación de gases.

A evacuación de gases, pos, fumes ou outras emisións á atmosfera, farase a través de chemineas que cumprirán o especificado no Anexo II da Orde do 18 de outubro de 1976 do Ministerio de Industria y Energía, sobre prevención e corrección da contaminación da atmosfera.

Artigo 46.- Rexistro de toma de mostras.

As novas instalacións, así como as actualmente en funcionamento, deberán ter rexistros para a toma de mostras similares ós indicados no artigo 27 e seguintes.

Artigo 47.- Condicións de seguridade.

Cando sexa preciso realizar medidas en lugares pouco accesibles, os titulares das industrias estarán obrigados a instalar unha plataforma ou andamio provisional de fácil acceso. Estes elementos situaranse no lugar que determine o inspector e irán provistos dunha toma de corrente de 220-380 V, de iluminación suficiente e condicións axeitadas de seguridade.

Artigo 48.- Verquidos.

Non poderán verterse á rede de sumidoiros gases, fumes, pos ou outras emisións que, polas súas características, se opoñan ás limitacións establecidas no Título IV sobre augas residuais.

Artigo 49.- Métodos homologados.

Os métodos de medida que se empregan en cada caso deberán se-los homologados e recomendados polo Ministerio de Industria y Energía.

Artigo 50.- Entidades colaboradoras.

Para a realización de informes, probas e medicións dos niveis de emisión, con independencia dos realizados polos servicios municipais, poderá recorrerse ás entidades colaboradoras do Ministerio de Industria ou da Consellería de Industria da Xunta de Galicia.

Artigo 51.- Libro de rexistro.

Os titulares das industrias deberán dispoñer do correspondente libro-rexistro, no que se anoten as revisións periódicas e os resultados obtidos das medicións realizadas, todo isto de acordo coa normativa vixente. Este libro estará en todo momento a disposición

dos servicios técnicos municipais.

SECCIÓN 3.- DISPOSITIVOS DE CONTROL.

Artigo 52.- Autocontrol.

1. Os titulares de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera exercerán un autocontrol das emisións dos seus contaminantes atmosféricos.

2. Nas industrias clasificadas nos grupos B e C do Catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera deberán efectuarse controles das súas emisións coa periodicidade que indiquen os servicios técnicos municipais, coa supervisión dos mesmos e debendo remitírlle-lo resultado das medicións.

Artigo 53.- Equipos e aparatos de medida.

1. Para os efectos previstos no artigo anterior, o Concello, cando razóns técnicas ou doutro tipo así o aconsellen, poderá esixirlles ás industrias novas e ás xa existentes a instalación de equipos e aparatos de medida das emisións de contaminantes, que poderán ser automáticos e continuos e con rexistrador incorporado cando sexa técnica e economicamente viable. Ditos instrumentos poderán ser controlados polos técnicos municipais, se así o decide o Concello.

2. En determinados casos, poderase impoñe-la transmisión da información recollida por ditos equipos e aparatos ata un cadro de control central, propiedade do Concello e doutro organismo oficial competente. As bandas de papel continuo dos rexistradores deberán conservarse durante tres anos.

Artigo 54.- Control de medidas correctoras.

Cando o Concello o considere necesario poderá esixi-la instalación de aparatos rexistradores continuos para controla-lo funcionamento efectivo das medidas correctoras, debendo remitírlle-lo titular da actividade

ditos rexistros ós servicios municipais, coa periodicidade que estes lles sinalen.

Artigo 55.- Avarías.

As empresas industriais deberán comunicarlle ó Concello, coa maior urxencia posible, as anomalías ou avarías das súas instalacións ou sistemas de depuración dos efluentes gasosos que poidan repercutir na calidade do aire da zona, a fin de que a autoridade municipal ordene as medidas de emerxencia oportunas. Ditas anomalías ou avarías reflectiranase no libro-rexistro a que se refire o artigo 51.

Artigo 56.- Medición anual.

As industrias do grupo A do Catálogo de Actividades Potencialmente Contaminadoras deberán efectuar, cando menos unha vez ó ano, a medición dos contaminantes vertidos á atmosfera, podendo aumentala súa frecuencia se os servicios técnicos do Concello o considerasen xustificadas. Esta medición será supervisada polos servicios técnicos municipais, ós que se lles remitirá o resultado da mesma.

Artigo 57.- Acción substitutoria.

No suposto de incumprimento do indicado nos artigos anteriores, as medicións serán realizadas polo Concello ou por entidades colaboradoras da administración, debendo aboa-las empresas os gastos orixinados, con independencia da posible sanción administrativa.

Artigo 58.- Inspeccións.

Enténdese por inspección, para os efectos do presente Capítulo, todo acto que teña por obxecto comproba-las emisións de contaminantes á atmosfera e a súa incidencia sobre o ambiente; a eficacia, funcionamento e mantemento das instalacións correctoras implantadas polas actividades para reduci-la cantidade das emisións; o correcto deseño, a montaxe e mailo uso

das instalacións de fabricación que puidesen ter incidencia sobre o medio ambiente; así como todo acto que tenda a verifica-las condicións técnicas ou administrativas, ou comproba-la autorización de funcionamento dunha instalación, para os efectos de emisión de contaminantes á atmosfera.

Artigo 59.- Causas da inspección.

As actividades industriais potencialmente contaminadoras da atmosfera serán inspeccionadas polo Concello, sempre que se teña presentado denuncia fundada, se presuma que a contaminación poida ser excesiva ou cando o requira a planificación establecida polos servicios municipais.

Artigo 60.- Actuacións de inspección.

1. As inspeccións a que se refire o artigo anterior abranguerán as verificacións seguintes:

a) comprobación de que continúan cumpríndose satisfactoriamente as condicións establecidas nas autorizacións;

b) comprobación de que se respectan os niveis de emisión impostos á industria, así como a súa incidencia sobre a calidade do aire;

2. As actuacións de inspección, medidas, probas, ensaios, comprobacións e similares asumidas polo Concello e determinadas neste Título, poderán ser realizadas polos seus servicios propios ou ben mediante a asistencia técnica de entidades colaboradoras da administración, debidamente autorizadas e recoñecidas.

Artigo 61.- Técnicos municipais.

1. Os técnicos municipais e mailo persoal oficialmente designado para realiza-la inspección e verificación das instalacións, sempre teñan a condición de funcionarios municipais, gozarán, no exercicio das súas funcións, da consideración de "axentes da autoridade" para os efectos do disposto na lexislación penal.

2. No exercicio da súa misión, poderán ir acompañados dos expertos que consideren necesarios, os cales estarán suxeitos ás normas de secreto administrativo.

Artigo 62.- Infracción das normas.

1. No suposto de infracción das normas de emisión de contaminantes detectada con motivo dunha inspección municipal, o alcalde poderá ordenar de oficio as medicións que xulgue necesarias e requirira ó titular para que, no prazo que se fixe, corrixa as deficiencias observadas.

2. Naqueles casos en que, como consecuencia da infracción das normas de emisión, se producise unha grave situación de contaminación atmosférica con risco para a saúde humana e para o ambiente, o alcalde poderá esixir a paralización da industria ata que se adopten as medidas correctoras oportunas.

CAPÍTULO 5.- CONTAMINACION ATMOSFERICA DE ACTIVIDADES VARIAS.

SECCIÓN 1.- GARAXES, TALLERES E OUTROS.

Artigo 63.- Garaxes, aparcamentos e talleres.

Tódolos garaxes, aparcamentos e talleres de reparación de automóbiles, tanto públicos como privados, deberán dispor de ventilación suficiente que garanta que en ningún punto dos mesmos poida producirse acumulación de contaminantes debido ó funcionamento dos vehículos.

Artigo 64.- Ventilación.

A ventilación poderá ser natural ou forzada. En calquera caso, as medidas adoptadas para a distribución de aire interior deberán conseguir que en ningún punto dos locais poidan alcanzarse concentracións de monóxido

de carbono superiores a 50 p.p.m.

Artigo 65.- Ventilación natural.

1. Enténdese por ventilación natural aquela que dispón dunha superficie libre, en comunicación directa co exterior, de 1 m^2 por cada 200 m^2 de superficie. A superficie dos accesos, se permanecen sempre abertos, poderá tomarse en consideración.

2. Cando a ventilación sexa natural, as saídas de aire deberán estar afastadas, como mínimo, 3 m de calquera oco de ventá alleo ó garaxe.

3. Para garanti-la correcta ventilación natural de toda a superficie do garaxe esixirase, ademais, que ningún punto del se atope arredado, en liña recta, máis de 25 m dun oco de ventilación de superficie non inferior a 0.25 m^2 .

Artigo 66.- Ventilación directa.

En garaxes situados en patios de rueiro ou espacios interiores, permitiranse ocos de ventilación directa, sempre que estean separados, como mínimo, 15 m das aliñacións interiores dos edificios.

Artigo 67.- Ventilación forzada.

1. Cando a ventilación natural sexa insuficiente, instalarase ventilación forzada, que deberá calcularse para evitar concentracións de monóxido de carbono superiores a 50 p.p.m., en calquera punto do local.

2. Como valor de partida poderá estimarse o caudal de aire de ventilación necesario para producir seis renovacións por hora. A distribución das bocas de aire, neste caso, será tal que ningún punto do garaxe quede afastado máis de 10 m dunha desas bocas, sexa de impulsión ou extracción.

Artigo 68.- Instalación de detectores de monóxido de carbono.

1. Será preceptiva a instalación de aparatos

detectores de monóxido de carbono, a razón de 1 por cada 300 m² de superficie ou fracción, debendo existir, cando menos, un por planta, situados entre 1,5 e 2 m de altura respecto ó chan e en lugares representativos.

2. Os detectores deberán instalarse de xeito que accionen automaticamente a instalación de ventilación forzada cando a concentración de CO sexa superior a 50 p.p.m.

Artigo 69.- Chemineas.

A extracción forzada do aire dos garaxes e talleres instalados en edificios deberá realizarse por chemineas axeitadas, que cumpran as condicións indicadas no artigo 32.

Artigo 70.- Talleres de pintura.

Os talleres que realicen operacións de pintura levaranas a cabo no interior dunha cabina especial que depurará os gases e disporá de cheminea independente que sobrepase en dous metros a altura do edificio propio ou estremeiro nun radio de 15 metros. En determinados casos, e mediante autorización municipal expresa, poderase eximir de cheminea sempre que estean dotadas de sistemas de depuración homologados. En calquera caso, a ventilación do local deberá realizarse sen producir molestias.

SECCIÓN 2.- OUTRAS ACTIVIDADES.

Artigo 71.- Limpeza de roupa e tinturerías.

Nas industrias de limpeza de roupa e tinturerías esixiranse chemineas de ventilación dos locais, independentemente das propias instalacións de combustión e aparatos de limpeza. En determinados casos, e mediante autorización municipal expresa, poderase prescindir de chemineas nos aparatos de limpeza de roupa, sempre que estean dotados de depuradores axeitados debidamente homologados. En calquera caso, a ventilación do local deberá realizarse sen producir molestias.

Artigo 72.- Establecementos de hostelería.

1. Os establecementos de hostelería como bares, restaurantes, cafeterías e outros análogos que dispoñan de prancha, grella ou cociña deberán cumprilo establecido na Sección terceira, se nos mesmos se realizan operacións de preparación de alimentos que orixinen gases, fumes e cheiros, e estarán dotados de ventilación mediante cheminea que cumpra o disposto no artigo 32.

2. Aqueles establecementos que non sirvan comidas convencionais, pero que dispoñan de prancha, grellas ou elementos similares, deberán de contar, cando menos, cunha cheminea para a extracción de gases, fumes ou cheiros.

Artigo 73.- Instalacións provisionais.

As instalacións de tipo provisional ou temporal, tales como plantas de aglomerado asfáltico, preparación de áridos, formigonado ou outras similares deberán contar coa correspondente autorización municipal, debendo cumprilas prescricións e mailos límites de emisión sinalados para estes casos pola normativa vixente.

Artigo 74.- Obras de derruba.

Nas obras de derruba e noutras actividades que poidan producir po, cando non sexa posible canaliza-las emisións, deberán adoptarse as medidas necesarias para que a unha distancia de 2,5 m en horizontal dende o límite físico do espacio en que se realiza a actividade, a calidade do aire se manteña dentro dos límites sinalados pola normativa vixente.

SECCIÓN 3.- ACONDICIONAMENTO DE LOCAIS.

Artigo 75.- Evacuación do aire.

1. A evacuación do aire quente ou enrarecido, produto do acondicionamento de locais, realizarase cando

o volume de aire evacuado sexa inferior a $0,2 \text{ m}^3/\text{s}$, de xeito que o punto de saída de aire diste, como mínimo, 2 metros de calquera oco de ventá situado no plano vertical.

2. Para volumes de aire comprendidos entre $0,2$ e $1 \text{ m}^3/\text{s}$, o punto de saída distará, como mínimo, 3 m de calquera ventá situada no plano vertical e 2 m no plano horizontal. Así mesmo, a distancia mínima entre a saída do aire e o punto máis próximo de ventá situada en distinto parámetro será de 3,5 metros.

3. No caso de estar situadas en fachadas, a altura mínima sobre a beirarrúa será de 2 m e estará provista dunha reixa de 45° de inclinación, que oriente o aire cara arriba.

4. Para volumes de aire superiores a $1 \text{ m}^3/\text{s}$, a evacuación terá que ser a través de cheminea, a altura da cal supere en 2 m a do edificio propio ou estremeiro nun radio de 15 m. A ventilación de locais de uso público, a superficie dos cales destinada ó mesmo sexa superior a 200 m^2 , farase tamén por conducto a cuberta. Esta superficie será de 150 m^2 para os locais destinados ó ramo de hostelería.

5. En cada caso, xustificárase tecnicamente o número aconsellable de evacuacións por hora. O Concello poderá modificar este parámetro se o considera insuficiente, previo informe dos servizos técnicos municipais.

Artigo 76.- Torres de refrixeración.

As torres de refrixeración situaranse na cota máis elevada do edificio e a máis de 15 m de ocios de fachada próxima ou, se están noutra situación, situaranse tamén a 15 m de ocios ou fachadas con ventás.

Artigo 77.- Condensación.

Todo aparato ou sistema de acondicionamento que produza condensación terá, necesariamente, unha eficaz recollida e conduction de auga, que impida que se produza goteo ó exterior.

Artigo 78.- Ventilación.

A ventilación dos centros de transformación poderá ser natural ou forzada. En caso de ventilación natural, as reixas de saída de aire quente ou enrarecido deberán distar, como mínimo, 2 m de calquera oco de ventá, ou tomas de aire doutras actividades xa instaladas, situada en plano vertical. En caso de ventilación forzada, o punto de evacuación cumprirá o disposto no artigo 75.

CAPÍTULO 6.- CONTAMINACION ATMOSFERICA POR CHEIROS.

Artigo 79.- Normas xerais.

1. Queda prohibida toda emisión de cheiros que produzan molestias e constitúan incomodidade para a veciñanza, sexa en forma de emisións de gases ou de partículas sólidas ou líquidas.

2. As actividades que produzan o tipo de molestias descritas precedentemente deberán localizarse conforme ó previsto neste Título e noutras disposicións de rango superior, podendo a autoridade municipal competente fixala súa situación mediante resolución razonada, naqueles casos de excepcional importancia.

3. Para determinar unha localización axeitada atenderase ó tipo de actividade, informes técnicos, medidas preventivas, correctoras e reparadoras e á necesidade ou non da súa proximidade á veciñanza, así como dos ventos dominantes, no seu caso.

4. A concesión de licencia realizarase soamente cando a actividade se atope dotada de tódolos elementos correctores e evacuadores necesarios para evitarlle ó vecindario calquera tipo de molestia.

5. As actividades que teñan por obxecto expender ou almacenar mercadorías de doada descomposición deberán contar obrigatoriamente con cámaras frigoríficas de características e dimensións axeitadas, a fin de evitar calquera tipo de emanación cheirosa que se convirta en

molestia ou incomodidade para a veciñanza.

Artigo 80.- Producción de cheiros.

1. En tódalas industrias ou actividades que poidan producir cheiros durante o seu funcionamento, con independencia de que os xeradores de calor e mailas súas saídas de fume cumpran o estipulado neste Título, están prohibidas ventás e furados practicables que poñan en comunicación o recinto industrial coa atmosfera.

2. A ventilación nas industrias ou actividades mencionadas deberá ser forzada e a extracción do aire enrarecido farase a través da correspondente cheminea.

3. Aquelas actividades ou industrias que orixinen dexestións de animais ou produzan residuos fedorentos deberán situarse a unha distancia adecuada do núcleo poboacional.

4. Os gases que polas súas características organolépticas produzan molestias ou irritación nas mucosas nasais, deberán ser evacuados a través de conductos estancos e con ventilación forzada.

CAPÍTULO 7.-CONTAMINACION ATMOSFERICA PRODUCIDA POR VEHICULOS DE MOTOR.

Artigo 81.- Xeneralidades.

Os usuarios dos vehículos de motor e ciclomotores que circulen dentro do termo municipal están obrigados a manter en correcto funcionamento os motores a fin de reduci-las emisións de contaminantes á atmosfera, cumprindo en todo momento a normativa vixente na materia.

Artigo 82.- Métodos homologados.

Tódalas medicións e inspeccións técnicas que se realicen para comproba-las emisións dos vehículos deberán seguir métodos e procedementos de medida homologados, recollidos na normativa vixente. Así mesmo, os aparatos empregados nas medicións corresponderán a tipos aprobados

e debidamente contrastados polo Ministerio de Industria e Enerxía ou pola Consellería de Industria da Xunta de Galicia.

Artigo 83.- Opacidade de fumes.

Nos ensaios para a medida da opacidade de fumes nos centros de control, deberá presentarse o vehículo co carburante habitual do mercado, sen ningún tipo de aditivos. Se o técnico inspector sospeita a presenza destes no carburante empregado, poderá extraer unha mostra en cantidade inferior a un litro para a súa posterior análise, non sendo válida a medida ata que os resultados de dita análise confirmen as características do carburante. O método de medición será o indicado no anexo II.2.

Artigo 84.- Centros de inspección.

As inspeccións técnicas de vehículos a motor e ciclomotores efectuaranse nos centros que o Concello poida dispoñer, ou nos dependentes de entidades colaboradoras da Administración debidamente autorizadas, segundo determina a lexislación vixente.

Artigo 85.- Monóxido de carbono.

1.- Os vehículos automóbiles con motor de acendido por chispa deberán cumprir en todo momento os límites de emisión de monóxido de carbono fixados pola normativa vixente.

2.- Con obxecto de realiza-la medición das emisións destes vehículos, os inspectores municipais poderán detelos en todo lugar e ocasión, entregándolle ó conductor, unha vez realizada a medición, unha acta co resultado da mesma. No caso de que as emisións superen os límites admisibles, seguirase o correspondente expediente sancionador.

3.- Cando os vehículos con motor de acendido por chispa se sometan voluntariamente a revisión nun dos centros oficiais de control e os resultados obtidos sexan favorables, estes serán considerados, igualmente, como vehículos controlados.

4.- O método a seguir para efectuar estas medicións será o especificado no anexo número II.3.

Artigo 86.- Vehículos diésel.

1. Os vehículos con motor diésel disporán dun precinto na bomba de inxección de combustible e deberán cumprir en todo momento os límites de emisión fixados pola normativa vixente.

2. Tódolos vehículos automóbiles con motor diésel serán sometidos, coa periodicidade que determine o Concello e sen prexuízo da aplicación do artigo 85.2, a inspección técnica para coñece-lo seu funcionamento no que se refire á emisión de fumes á atmosfera e adoptar, en caso necesario, as oportunas medidas correctoras.

Artigo 87.- Certificado de control.

1. A cualificación de vehículo controlado terá o período de vixencia que determinara o Concello, durante o cal os que a obtivesen non serán sancionados á primeira infracción deste tipo, e disporán dun prazo para a súa corrección, cando foran requiridos para iso.

2. O certificado de control considérase válido ata un mes despois da súa caducidade, sempre que se houbese presentado pedimento de revisión previa á mesma e a data concertada para aquela estea dentro do mes de prórroga.

Artigo 88.- Requirimento.

1. Os axentes da Policía Local poderán, en todo caso, valorar visualmente as emisións de fumes de tódolos vehículos de xeito que, cando estimen que aqueles son excesivos, requiriran a presentación do vehículo nun centro de control no prazo de 15 días, para realiza-la correspondente inspección e comprobación de emisións.

2. Se o vehículo non se presentase en tempo e forma, a autoridade municipal, tralos trámites regulamentarios previos, imporá a sanción correspondente.

Artigo 89.- Resultado da inspección.

Se, presentado o vehículo, o resultado da inspección fose favorable, a denuncia quedará sen efecto. En caso de resultar desfavorable, imporase a sanción pertinente e concederase un novo prazo de 15 días para a presentación do vehículo debidamente corrixido, con apercibimento expreso de maiores sancións en caso de reincidencia.

Artigo 90.- Emisións abusivas.

Cando, a xuízo dos axentes municipais, as emisións se consideren manifestamente abusivas poderán obrigar ó conductor do vehículo a dirixir este a un centro de control nese mesmo momento para realiza-la comprobación das emisións sen permiti-la manipulación do motor. Unha vez coñecido o resultado destas emisións poderá abrirse o correspondente expediente sancionador.

Artigo 91.- Empresas con vehículos diésel.

As empresas e demais persoas xurídicas, tanto Públicas como privadas, que dispoñan de 10 ou máis vehículos diésel que circulen habitualmente polo municipio, deberán presentar no departamento municipal correspondente un programa detallado de mantemento dos mesmos, que deberá ser aprobado por dito departamento.

Artigo 92.- Labor de vixilancia.

No cumprimento do seu labor de vixilancia, os axentes da policía municipal poderán situarse á saída dos parques de automóbiles destas empresas para recomenda-la non saída á vía pública daqueles vehículos que, ó seu xuízo, xeren emisións excesivas. En caso de non atender esta recomendación, os axentes actuarán de acordo co disposto no artigo 90.

CAPÍTULO 8.- INFRACCIONS.

Artigo 93.- Tipificación de infraccións.

1. Constituirán infracción administrativa os actos ou omisións que contraveñan as normas contidas neste Título, así como a desobediencia ós mandatos de establece-las medidas preventivas, correctoras ou reparadoras sinaladas ou de seguir determinada conducta en relación coas materias que este regula.

2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 94.- Infraccións ó réxime de control de instalacións de combustión.

En relación coas instalacións de combustión, sexan estas de tipo residencial ou industrial, consideraranse:

1. Infraccións leves:

- carecer do regulamentario rexistro para a toma de mostras ou que o mesmo non cumpra coas prescricións do presente Título. (Esta situación será considerada como leve só na primeira inspección, sendo interpretadas as sucesivas como reincidencias);
- supera-lo índice opacimétrico dos fumes emitidos, ata dúas unidades da Escala Bacharach;
- non cumprir co tanto por cento de CO₂ para combustibles líquidos específicos no artigo 30;
- supera-los límites de emisión fixados pola lexislación vixente en cantidade inferior ó 100 % de ditos límites.

2. Infraccións graves:

- a reincidencia en infraccións leves;
- non facilita-lo acceso dos inspectores municipais ás instalacións ou entorpece-lo

desenvolvemento da súa misión;

- supera-lo índice opacimétrico dos fumes emitidos, entre 2 e 4 unidades da Escala Bacharach;
- o funcionamento de instalacións de combustión cun rendemento mínimo inferior ata nun 5% do valor absoluto dos límites fixados;
- non adopta-las medidas preventivas, correctoras e/ou reparadoras no prazo ordenado;
- superar, en máis do dobre e menos do triple, os límites de emisión fixados pola lexislación vixente.

3. **Infraccións moi graves:**

- a reincidencia en infraccións graves;
- supera-lo límite opacimétrico dos fumes emitidos, en máis de 4 unidades da Escala Bacharach;
- o funcionamento de instalacións de combustión cun rendemento mínimo inferior en máis dun 5% do valor absoluto dos límites fixados;
- superar en máis do triple, por dúas ou máis veces ó día, os límites de emisión fixados na lexislación vixente para os contaminantes atmosféricos;
- o consumo de combustible distinto ó autorizado para o seu uso, conforme ó establecido na lexislación vixente.

Artigo 95.- Infraccións ó réxime de control de contaminación atmosférica de orixe industrial.

1. Considérase **infracción leve** calquera inobservancia ás normas relativas a contaminación de

orixe industrial, non cualificada expresamente como infracción grave.

2. Considéranse **infraccións graves**:

- non permiti-lo acceso dos inspectores ás instalacións industriais, ou non dar facilidades para o desenvolvemento da súa misión;

- a falta das autorizacións ou licencias necesarias para o exercicio da actividade e posta en marcha das instalacións.

- a emisión de contaminantes por riba dos niveis fixados por parte de actividades incluídas no grupo A do Catálogo xa citado. Non obstante, admitirase sobrepassar en dúas veces os niveis de emisión admisibles durante un período máximo de media hora por día;

- a resistencia ou demora na instalación das medidas preventivas e/ou elementos correctores ou reparadores que fosen impostos;

- a negativa á instalación ou funcionamento, nas condicións establecidas no artigo 58, de aparatos para a medición e control de contaminantes nas emisións industriais e para a determinación de niveis de emisión.

3. Considérase infracción moi grave calquera das tipificadas como "graves", nas cales coincidan factores de reincidencia.

Artigo 96.- Infraccións ó réxime de control de contaminación atmosférica con orixe en actividades varias e cheiros.

1. Considerarase **infracción leve** cando, en obras de derruba e outras actividades que poidan producir po, e non podéndose canaliza-las emisións, non se adopten as medidas necesarias para que, a unha distancia de 2,5 metros en horizontal dende o límite físico do espazo en que se realiza a actividade, a calidade do aire se manteña dentro dos límites sinalados pola normativa vixente.

2. Consideraranse **infraccións graves** as condutas que impliquen a inobservancia das seguintes prescricións en canto a acondicionamento de locais:

a) A evacuación do aire quente ou enrarecido, produto do acondicionamento de locais, realizarase cando o volume de aire evacuado sexa inferior a $0,2 \text{ m}^3/\text{s}$ de xeito que o punto de saída de aire diste, como mínimo, 2 metros de calquera oco de ventá situado no plano vertical.

b) Para volumes de aire comprendidos entre $0,2$ e $1 \text{ m}^3/\text{s}$, o punto de saída distará, como mínimo, 3 metros de calquera ventá situada no plano vertical e 2 m no plano horizontal. Así mesmo, a distancia mínima entre a saída do aire e o punto máis próximo de ventá situada en distinto parámetro será de 3,5 metros.

c) No caso de estar situadas en fachadas, a altura mínima sobre a beirarrúa será de 2 metros e estará provista dunha reixa de 45° de inclinación, que oriente o aire cara arriba.

3. Considérase **infracción moi grave** aquela grave en que coincidan factores de reincidencia.

4. En materia de cheiros, considérase como infracción o incumprimento de calquera das prescricións contidas nos artigos 79 e 80. O instructor graduará a gravidade da infracción en cada caso, atendendo ás circunstancias seguintes:

a) molestias causadas á veciñanza, gravidade das mesmas e sensibilidade da poboación verbo disto;

b) aceptación ou resistencia por parte do posible infractor das instrucións outorgadas polos servicios municipais;

c) prexuízo, no seu caso, de actividades municipais ou privadas afectadas pola suposta infracción, se aquelas foron autorizadas e reportan beneficios de calquera índole á poboación.

Artigo 97.- Infraccións en Zona de Atmosfera Contaminada.

Tódalas infraccións cometidas en Zonas de Atmosfera Contaminada ou no marco de situacións de emerxencia serán

tipificadas no seu máximo grao.

Artigo 98.- Infraccións ó réxime de control de contaminación atmosférica producida por vehículos a motor e ciclomotores.

1.- Considéranse **infraccións leves**:

a) A emisión polos vehículos de motor e ciclomotores de acendido por chispa do 5 ó 7,5 por cento en volume de monóxido de carbono, e polos vehículos diésel entre 55 e 60 unidades Hartridge ou os seus equivalentes en unidades Bosch ou unidades absolutas, de acordo coa potencia do motor de que se trate, por riba dos niveis establecidos no Decreto 3025/74.

b) O simple atraso na presentación do vehículo a inspección municipal. Entenderase que existe simple atraso cando o vehículo sexa presentado dentro dos 15 días seguintes ó prazo sinalado no artigo 88.

2.- Considéranse **infraccións graves**:

a) A emisión polos vehículos de motor e ciclomotores de acendido por chispa de máis do 7,5 por cento en volume de monóxido de carbono, e polos vehículos de motor diésel de máis de 60 unidades Hartridge ou os seus equivalentes en unidades Bosch ou unidades absolutas, de acordo coa potencia do motor de que se trate, por riba dos niveis establecidos.

b) Cando cometéndose unha infracción leve dos apartados a) e b) do número anterior, se require de novo ó titular do vehículo para a súa presentación no prazo de 15 días e esta non se realizase, ou se realizada, os resultados da inspección superan os límites sinalados pola lexislación vixente.

Para estes efectos, considerarase como non presentación, o atraso superior a 15 días.

c) A reincidencia en infraccións leves, dentro dun prazo de 4 meses no suposto a), e de 2 no b).

d) O levantamento, sen autorización previa, dos precintados das bombas de inxección do combustible.

e) A presenza de aditivos no carburante empregado ó presenta-lo vehículo a inspección.

f) A non presentación por parte das empresas a que se refire o artigo 91 do programa detallado de mantemento, sempre que fosen requiridas para estes efectos polo departamento competente.

3.- Considéranse **infraccións moi graves**:

a) A reincidencia en infraccións graves previstas no apartado c) do número anterior.

b) A reincidencia no levantamento, sen autorización previa, dos precintos da bomba de inxección do combustible a que se fai referencia no apartado d) do número anterior.

c) Cando cometéndose unha infracción grave do apartado 2.a) e b), se requirise de novo ó titular do vehículo para a súa presentación no prazo de 15 días e non o fixese, ou, se presentado, os resultados da inspección superasen os límites establecidos pola lexislación vixente.

d) A non presentación, por parte das empresas a que se refire o artigo 96, do programa detallado para o mantemento dos seus vehículos, sempre que fosen requiridas por dúas ou máis veces polo departamento competente.

TÍTULO III.- NORMAS PARTICULARES RELATIVAS A PROTECCION DA ATMOSFERA FRONTE A CONTAMINACION POR FORMAS DA ENERXIA.

CAPÍTULO 1.- DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 99.- Aplicación.

O presente Título regula a actuación municipal para a protección do ambiente contra as perturbacións por ruídos e vibracións, dentro do municipio.

Artigo 100.- Obxectivos.

Correspóndelle ó Concello exercer-lo control do cumprimento deste Título, esixi-la adopción das medidas preventivas, correctoras ou reparadoras necesarias, sinalar limitacións, ordenar cantas inspeccións sexan precisas e aplica-las sancións correspondentes en caso de incumprirse o ordenado.

Artigo 101.- Obrigatoriedade.

A execución de calquera actividade temporal que comporte a produción de ruídos ou vibracións molestos requirirá a previa licenzia municipal, tralo informe técnico previo, sen prexuízo das demais licenzias ou autorizacións que procedan.

Cando se trate de actividades temporais que, a xuízo dos servizos técnicos municipais, revistan certa importancia e transcendencia ambiental, xa sexa polas circunstancias en que se desenvolve ou polas características da actividade, ou cando se trate de actividades fabrís, industriais, comerciais, recreativas, musicais, de espectáculos, instruírase o correspondente expediente que se tramitará de conformidade co disposto no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, do 30 de novembro de 1969.

No caso de actividades culturais, lúdicas, ou de natureza análoga, que comporten sesións pirotécnicas, estas realizaranse entre as dez e as vintecatro horas; só en casos excepcionais e previa autorización municipal expresa poderá variarse este horario; a utilización de foguetes, similares, e artefactos que produzan elevados niveis de presión sonora de carácter impulsivo, realizarase en "campo libre" e en localizacións previamente convidas co Concello, o cal limitará a intensidade sonora a niveis considerados como admisibles e todo isto tralo informe técnico previo.

Artigo 102.- Instalacións e actividades incluídas.

1. Quedan sometidas ás súas prescricións, de obrigatoria observancia dentro do termo municipal, tódalas instalacións, aparatos, construcións, obras, vehículos, medios de transporte e, en xeral, tódolos elementos, actividades, actos e comportamentos, que produzan ruídos e vibracións que poidan ocasionar molestias á veciñanza ou que modifiquen o estado natural do ambiente circundante, calquera que sexa o seu titular, promotor ou responsable e lugar público ou privado, aberto ou pechado, no que estea situado.

2. O Concello fará cumprilo anterior mediante un mecanismo de inspección, control e vixilancia, e trala emisión de informe técnico realizado polo organismo competente.

Artigo 103.- Normas particulares de inspección.

Os donos, posuidores ou encargados dos xeradores de ruídos facilitaranlles ós inspectores municipais o acceso ás súas instalacións ou focos xeradores de ruído e disporán o seu funcionamento ás distintas velocidades, cargas ou marchas que lle indiquen os inspectores, podendo presencia-la inspección.

CAPÍTULO 2.- NIVEIS DE RUIDO ADMISIBLES NO MEDIO URBANO.

SECCIÓN 1.- CRITERIOS XERAIS DE PREVENCIÓN.

Artigo 104.- Planeamento urbano.

1. Nos traballos de planeamento urbano e de organización de todo tipo de actividades e servizos, deberá contemplarse a súa incidencia en canto a ruídos e vibracións para que as solucións e/ou planificacións adoptadas proporcionen o nivel máis elevado de calidade de vida.

2. En particular, entre outros aspectos, deberá atenderse a:

- organización do tráfico en xeral;
- transportes colectivos urbanos;
- recollida de residuos sólidos;
- localización de centros docentes (parvularios, colexios), sanitarios (consultorios médicos) e lugares de residencia colectiva (cuarteis, hospitais, hoteis, residencias de anciáns, conventos);
- illamento acústico na concesión de licencias de obras de instalación e apertura;
- planificación e proxectos de vías de circulación cos seus elementos de illamento e amortecemento acústico (distancia a edificacións, arboredo, defensas acústicas por valos illantes absorbentes, especialmente en vías elevadas e semisoterradas);
- planificación de actividades ó aire libre que poidan xerar ambientes ruidosos en zonas estremeiras;
- todas aquelas medidas preventivas, correctoras e/ou reparadoras que fosen necesarias.

SECCIÓN 2.- NIVEIS MAXIMOS NO MEDIO EXTERIOR.

Artigo 105.- Límites.

1. A intervención municipal impedirá que as perturbacións por ruídos excedan dos límites que se indican no presente Título.

2. Sen ter en conta as perturbacións producidas polo tráfico rodado de vehículos, non se poderá producir ruído algún que sobrepase, no medio exterior, os niveis equivalentes que se indican a continuación:

a) Zonas sanitarias:

Entre as 8 e as 22 horas..... 45 dBA
Entre as 22 e as 8 horas..... 35 dBA

b) Zonas industriais e de almacéns:

Entre as 8 e as 22 horas..... 70 dBA
Entre as 22 e as 8 horas..... 55 dBA

c) Zonas comerciais:

Entre as 8 e as 22 horas..... 65 dBA
Entre as 22 e as 8 horas..... 55 dBA

d) Zonas de vivendas e edificios:

Entre as 8 e as 22 horas..... 55 dBA
Entre as 22 e as 8 horas..... 45 dBA

3. A medición realizarase no exterior da actividade e a 1,5 metros da fachada ou liña da propiedade das actividades posiblemente afectadas.

4. En calquera caso, cando o nivel sonoro ambiental, é dicir, o nivel sonoro existente no punto de medición, que será preceptivo determinar previamente suprimindo a emisión das fontes ruidosas obxecto de comprobación, supere o valor do nivel sonoro límite establecido, o nivel de ruído de fondo considerarase circunstancialmente límite autorizable.

5. No caso de instalacións ou actividades industriais que vaian establecerse durante pouco tempo e que non sexan típicas da zona considerada, os límites

citados aumentaranse en +5 dBA.

6. Naqueles casos en que a zona de localización da actividade ou instalación industrial non corresponde a ningunha das zonas establecidas, aplicarase a máis próxima en razóns de analoxía funcional ou equivalente necesidade de protección do ruído ambiente.

7. No caso de actividades ou instalacións industriais xa establecidas e que están en consonancia coa zona en que se atopan situadas, os límites aumentaranse en +5 dBA.

8. Nas vías con tráfico intenso, os límites aumentaranse en +5 dBA. Para estes efectos rexerá a clasificación viaria vixente. Esta corrección non se aplicará ás zonas comerciais ou industriais.

9. Por razón da organización de actos con especial proxección oficial, cultural ou de natureza análoga, o Concello poderá adoptar as medidas necesarias para modificar, con carácter temporal en determinadas vías ou sectores da cidade, os niveis sinalados nos parágrafos precedentes.

10. A referencia ás zonas da cidade corresponderase coas establecidas no Plan Urbanístico do municipio ou nas ordenanzas municipais da edificación.

11. Nos puntos en que coincidan zonas con niveis de ruídos distintos, o máximo permitido será o menor de todos eles.

SECCIÓN 3.- NIVEIS MAXIMOS NO MEDIO INTERIOR.

Artigo 106.- Límites.

1. Nos locais interiores dunha edificación, o nivel sonoro expresado en dBA que non deberá sobrepasarse como consecuencia das fontes sonoras situadas no exterior das mesmas, en función da zonificación, tipo de local e horario, a excepción dos ruídos procedentes do tráfico, serán os sinalados na táboa do Anexo III.2.

2. As correccións a aplicar ós valores admisibles

dados na táboa serán as contempladas nos parágrafos 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do artigo anterior.

3. Prohíbese a produccion de ruidos no interior de locais que transmitan ó exterior niveis sonoros que superen os indicados no artigo 105, así como ó interior de locais estremeiros que superen os niveis indicados no citado artigo.

Artigo 107.- Locais musicais.

1. Con independencia das restantes limitacións deste Título, no interior de calquera espacio aberto ou pechado, destinado a reunións, espectáculos ou audicións musicais, (discotecas ou similares), non poderán superarse niveis sonoros máximos de 90 dBA en ningún punto do local destinado ó uso dos clientes, excepto que no acceso ou accesos do referido espacio se coloque o aviso seguinte: "OS NIVEIS SONOROS DO INTERIOR PODEN PRODUCIR LESIONS PERMANENTES NO OIDO". O aviso deberá ser perfectamente visible, tanto pola súa dimensión como pola súa iluminación.

2. O Concello poderá impoñerlle obrigatoriamente ós titulares de locais que dispoñan de equipos de megafonía o uso de potenciómetros ou outros aparatos electrónicos que limiten a potencia sonora ata o límite permitido. A manipulación, alteración ou posta fóra de servizo será considerada como falta grave, segundo sexa ou non reincidente.

CAPÍTULO 3.- CRITERIOS DE PREVENCION ESPECIFICA.

SECCIÓN 1.- CONDICIONS ACUSTICAS EN EDIFICIOS.

Artigo 108.- Disposicións xerais.

Os edificios deberán cumpri-las condicións acústicas que se determinan na norma básica de edificación-Condicións acústicas, así como as futuras modificacións e outras normas que se establezan.

Os transformadores de potencia de enerxía eléctrica, así como todas aquelas máquinas a emisión de rúidos das cales se produce en tons puros audibles, non poderán colocarse en locais que limiten directamente con vivendas, nin en entrecháns. Autorizarase a súa colocación en planta baixa ou primeiro soto, sempre que se cumpra o sinalado neste artigo e a regulamentación específica o permita.

Os aparatos elevadores, as instalacións de acondicionamento de aire e as súas torres de refrixeración, a distribución e evacuación de augas e demais servicios do edificio, serán instalados coas precaucións de localización e illamento que garantan, en todo momento, un nivel de transmisión sonoro cara ó interior do edificio ou cara a edificios lindeiros non superior ós máximos autorizados.

Os elementos constructivos e de insonorización de que se dote ós recintos en que se aloxen actividades ou instalacións industriais, comerciais ou de servicios, deberán de posuír illamento necesario para que a transmisión ó interior ou exterior doutras dependencias ou locais do nivel sonoro que se orixine no seu interior estea dentro dos límites permitidos. Se for necesario, en casos excepcionais e, previo informe técnico xustificativo, o Concello poderá autorizar un sistema de aireación inducido, ou forzado, que permita o pechamento de ocos ou ventás que propicien defectos de illamento acústico.

SECCIÓN 2.- RUIDOS DE VEHICULOS.

Artigo 109.- Xeneralidades.

Os vehículos deberán ter en boas condicións de funcionamento o motor, a transmisión, carrocería e demais elementos do mesmo capaces de producir rúidos e, especialmente, o dispositivo silenciador dos gases de escape, co fin de que o nivel sonoro emitido polo vehículo co motor en marcha non exceda dos límites que establece o presente Título.

Artigo 110.- Excepcións.

1. Os conductores de vehículos de motor e ciclomotores, agás os destinados en vehículos da Policía, Servicios de Extinción de Incendios e Salvamento e outros vehículos destinados ós servicios de urxencia, absteranse de facer uso dos seus dispositivos acústicos en todo o termo municipal durante as vinte e catro horas do día, incluso no suposto de calquera dificultade ou imposibilidade de tránsito que se produza na calzada das vías públicas.

2. Só será xustificable a utilización instantánea de avisadores acústicos en casos excepcionais de perigo inmediato de accidente que non poidan evitarse por outros sistemas.

Artigo 111.- Límites.

1. O nivel de emisión de ruído dos vehículos automóbiles en circulación considerarase admisible sempre que non sobrepase en máis de 2 dBA os límites establecidos pola homologación de vehículos novos, salvo os correspondentes a tractores agrícolas, ciclomotores e vehículos automóbiles de cilindrada non superior a 50 cc.

2. Os valores dos límites de emisión máximos de ruídos nos distintos vehículos a motor en circulación aparecen recollidos no Anexo III.3.

3. Nos casos nos que se afecte á tranquilidade da poboación, o Concello poderá sinalar zonas ou vías nas que algunhas clases de vehículos a motor non poidan circular a determinadas horas.

4. Prohíbese producir ruídos innecesarios debidos a un mal uso ou conducción violenta do vehículo, anque estean dentro dos límites máximos admisibles.

5. Para o recoñecemento dos vehículos aplicaranse os procedementos de medición establecidos.

Artigo 112.- Tubos de escape.

1. O escape de gases debe estar dotado dun

dispositivo silenciador das explosións, de xeito que en ningún caso se chegue a un nivel de ruídos superior ó que se establece para cada unha das categorías de vehículos; o dispositivo do silenciador non poderá ser posto fóra de servizo polo conductor.

2. Tanto nas vías públicas urbanas coma interurbanas, prohibese a circulación de vehículos de motor e ciclomotores co chamado "escape de gases libre" e tamén destes vehículos cando os gases expulsados polos motores, en vez de atravesar un silenciador eficaz, saian dende o motor a través dun incompleto, inadecuado ou deteriorado, ou ben a través de tubos resoadores.

3. Igualmente, prohibese a circulación de vehículos a motor e ciclomotores cando produzan ruídos superiores ós previstos neste Título.

Artigo 113.- Mecanismo de control.

1. A Policía Municipal formulará denuncia contra o propietario de todo vehículo que, ó seu xuízo, sobrepare os niveis máximos permitidos, indicando a obriga de presenta-lo vehículo no lugar e horario preciso para o seu recoñecemento e inspección. Se non se presentase o vehículo, dentro dos quince días dende que se formula a denuncia, presumirase a conformidade do seu propietario.

2. Se, inspeccionado o vehículo, este non superase os niveis sonoros permitidos, a denuncia será sobresida.

SECCIÓN 3.- COMPORTAMENTO DOS CIDADANS NA VIA PUBLICA E NA CONVIVENCIA DIARIA.

Artigo 114.- Xeneralidades.

1. A produción de ruídos na vía pública, nas zonas de pública concorrencia ou no interior dos edificios, non poderá superar en ningún caso os límites que esixe a convivencia cidadá.

2. Os preceptos desta sección refírense a ruídos producidos, especialmente en horas de descanso nocturno, por:

- a) ton excesivamente alto da voz humana ou a actividade directa de persoas;
- b) sons e ruídos emitidos por animais domésticos;
- c) aparatos e instrumentos musicais ou acústicos;
- d) aparatos domésticos.

Artigo 115.- Actividade humana.

En relación cos ruídos do apartado a) do artigo anterior, queda prohibido:

1. cantar, berrar, vociferar a calquera hora do día ou da noite en vehículos do servizo público;
2. calquera tipo de ruído que se poida evitar no interior das casas, en especial dende as dez da noite ata as oito da mañá, producido por reparacións materiais ou mecánicas de carácter doméstico, cambio de mobles ou por outras causas.

Artigo 116.- Animais domésticos.

Respecto ós ruidos do grupo b) do artigo 114, prohibese dende as dez da noite ata as oito da mañá deixar nos patios, terrazas, galerías e balcóns, aves e animais, en xeral, que cos seus sons, berros ou cantos disturben o descanso ou tranquilidade dos veciños. Igualmente, nas outras horas deberán ser retirados polos seus propietarios ou encargados, cando de maneira evidente ocasionen molestias ós ocupantes do edificio ou edificios veciños.

Artigo 117.- Instrumentos musicais.

Con referencia ós ruídos do grupo c) do artigo 114, establécense as prevencións seguintes:

1. Os propietarios ou usuarios dos aparatos de radio, televisión, magnetófonos, tocadiscos, altofalantes, pianos e outros instrumentos musicais ou

acústicos no propio domicilio deberán axusta-lo seu volume de forma que non sobrepasen os niveis establecidos no artigo 105 e no Anexo III.2.

2. Prohíbese na vía pública e en zonas de pública concorrencia como prazas, parques, entre outras, accionar aparatos de radio e televisión, tocadiscos, instrumentos musicais, emitir mensaxes publicitarias e actividades análogas cando superen os niveis máximos do artigo 105 e o Anexo III.2. En circunstancias especiais, unha vez avaliada a posibilidade de perturbación á veciñanza, aínda que sexa temporal, o Concello poderá autorizar ou denega-la realización destas actividades, impondo, no seu caso, as limitacións ou restricións que aconsellen as circunstancias.

3. Os ensaios ou reunións musicais, instrumentais ou vocais, baile ou danza e as festas privadas cumprirán o previsto precedentemente, e atenderán ó establecido no artigo 134.

Artigo 118.- Aparatos domésticos.

Con referencia ó ruído do grupo d) do artigo 114, prohíbese a utilización dende as dez da noite ata as oito da mañá de calquera tipo de aparato ou instalación doméstica, como é o caso das lavadoras, licuadoras, picadoras e outros, cando poidan sobrepassa-los niveis establecidos no artigo 105 e o Anexo III.2.

Artigo 119.- Manifestacións populares.

Sen prexuízo dos requisitos que establece a Lei Orgánica 9/83, do 15 de xullo, pola que se regula o dereito de reunión, no que atingue á celebración de manifestacións populares na vía pública ou espazos abertos de carácter común ou veciñal, concentracións, actos culturais ou recreativos, manifestacións, mitins políticos ou sindicais, a Alcaldía-Presidencia poderá informar á Autoridade gubernativa verbo da súa posible incidencia sobre os niveis de ruído na vía pública, sobre o tráfico ou sobre calquera outra circunstancia que aconselle a adopción de medidas para o lexítimo exercicio deste dereito.

Artigo 120.- Outras actividades.

Calquera outra actividade ou comportamento singular ou colectivo, non comprendido nos artigos precedentes, que conleve unha perturbación por rúidos para a veciñanza, evitable coa observancia dunha conducta cívica normal, será sancionado conforme o establece esta Ordenanza.

SECCIÓN 4.- TRABALLOS NA VIA PUBLICA QUE PRODUZAN RUIDOS.

Artigo 121.- Obras de construción.

1. Os traballos temporais, como os de obras de construción pública ou privada, non poderán realizarse entre as dez da noite e as oito da mañá se producen un incremento sobre o nivel de fondo dos niveis sonoros do interior de propiedades alleas. Durante o resto da xornada, os equipos empregados nno poderán, en xeral, alcanzar a cinco metros de distancia niveis sonoros superiores a 90 dBA, e para este fin adoptaranse as medidas correctoras pertinentes.

2. Exceptúase da prohibición de traballar en horas nocturnas as obras urxentes por razóns de necesidade ou perigo, ou aquelas que, polos seus inconvenientes, non poidan facerse de día. O traballo nocturno deberá ser autorizado expresamente pola autoridade municipal, que determinará os límites sonoros que se deberán cumprir.

Artigo 122.- Carga e descarga.

1. Prohíbense na vía pública as actividades de carga e descarga de mercadorías, manipulación de caixas, contedores, materiais de construción e obxectos similares, cando estas operacións superen os niveis de ruído establecidos no presente Título. Estas deberán realizarse co máximo coidado, a fin de minimiza-las molestias, evitando o ruído producido pola trepidación da carga durante o percorrido.

2. A carga, descarga e transporte de materiais deberá facerse en determinados horarios, de xeito que o

ruído producido sexa o mínimo e non resulte molesto. Verbo disto, rexerá o disposto nos bandos e decretos da Alcaldía.

SECCIÓN 5.- MAQUINAS E APARATOS SUSCEPTIBLES DE PRODUCIR RUIDOS E VIBRACIONES.

Artigo 123.- Xeneralidades.

1. Non poderá colocarse máquina ou órgano en movemento de calquera instalación, en/ou sobre paredes, teitos, forxados ou outros elementos estruturais das edificacións, salvo casos excepcionais nos que se xustifique que non se lle produce molestia ningunha á veciñanza, ou se instalen os correspondentes elementos correctores, ou o afastamento ou illamento da actividade respecto a vivendas sexa suficiente.

2. Nos edificios con uso de vivenda, a colocación de compresores para aire comprimido ou grupos compresores frigoríficos, ou máquinas de funcionamento similar, necesarios para usos compatibles co anterior situados en planta baixa, realizaranse asentados sobre o pavimento do local. Prohíbese, polo tanto, a súa colocación en altura e plano vertical.

3. A instalación en terra dos elementos citados efectuarase con interposición de elementos antivibratorios axeitados, a idoneidade dos cales deberá xustificarse plenamente nos correspondentes proxectos.

4. A distancia entre os elementos indicados e o pechamento perimetral será de 1 metro. Cando as medidas correctoras sexan suficientes, de xeito que non superen os límites establecidos neste Título, poderá reducirse a mencionada distancia.

Artigo 124.- Flúidos.

1. Os conductos por onde circulan flúidos, en réxime forzado, disporán de dispositivos antivibratorios de suxeición.

2. A conexión de equipos para o desprazamento de

fluídos, como é o caso de instalacións de ventilación, climatización, aire comprimido e conductos e encanamentos, realizarase mediante toma ou dispositivos elásticos. Os primeiros tramos tubulares e conductos e, se é necesario, a totalidade da rede, soportaranse mediante elementos elásticos, para evita-la transmisión de rúidos e vibracións a través da estrutura do edificio.

3. Se se atravesan paredes, as conduccións tubulares e conductos farano sen fixarse á parede e cunha montaxe elástica de probada eficacia.

Artigo 125.- Prohibicións.

A partir da vixencia desta Ordenanza non se permitirá:

-nas vías públicas e/ou nas actividades, o establecemento de máquinas e instalacións que orixinen en edificios residenciais, sanitarios, ou educativos próximos, niveis sonoros superiores ós límites sinalados no Capítulo 2;

-os equipos das instalacións de aire acondicionado, ventilación ou refrixeración, como ventiladores, extractores, unidades condensadoras e evaporadas, compresores, bombas, torres de refrixeración e outras similares, non orixinarán nos edificios propios, contiguos ou próximos, niveis sonoros superiores ós límites establecidos no Capítulo 2;

-o establecemento de máquinas ou instalacións auxiliares que orixinen nos edificios contiguos ou próximos niveis de vibracións superiores ós límites indicados no Capítulo 2.

Artigo 126.- Circunstancias excepcionais.

Agás en casos excepcionais, prohibese facer soar durante a noite elementos de aviso, tales como sirenas, alarmas, campás e similares.

SECCIÓN 6.- SISTEMAS DE ALARMA.

Artigo 127.- Aplicación.

1. Regúlase nesta Sección a instalación e uso dos sistemas acústicos de alarma e sirenas, a fin de intentar reducir ó máximo as molestias que o seu funcionamento poida producir, sen que diminúa a súa eficacia.

2. Enténdese por sirena todo dispositivo sonoro instalado de xeito permanente ou esporádico, en calquera vehículo móbil de servizo público urxente que teña por finalidade advertir que está realizando un servizo urxente.

3. Enténdese por alarma todo dispositivo sonoro que teña por finalidade indicar que se está manipulando "sen autorización" a instalación do local en que se atopa situada.

Artigo 128.- Actividades reguladas.

Quedan sometidas ás prescricións deste Título as seguintes actividades:

a) tódolos sistemas de alarma sonoros que emitan o seu sinal ó medio exterior ou a elementos comúns interiores;

b) tódalas sirenas instaladas en vehículos, sexa de forma individual, ou formando parte dun elemento múltiple de aviso.

Artigo 129.- Clasificación de alarmas.

Establécense as seguintes categorías de alarmas:

Grupo 1: as que emiten ó ambiente exterior.

Grupo 2: as que emiten a ambientes interiores comúns de uso público ou compartido.

Grupo 3: as que só producen emisión sonora no local especialmente designado para control e vixilancia, podendo ser este privado ou correspondente a empresa ou

organismo destinado para este fin.

Artigo 130.- Autorización.

1. A instalación de calquera sistema de alarma ou sirena está suxeita á concesión da preceptiva autorización por parte do Concello.

2. A fin de que a administración municipal poida dispor de elementos de xuízo para resolver sobre a solicitude de autorización, o interesado deberá acompañar a esta os seguintes documentos:

* Para sirenas:

- licenza da Comunidade Autónoma ou Municipal, no seu caso;
- copia do permiso de circulación do vehículo onde se instalará a sirena;
- especificacións técnico-acústicas da fonte sonora, con especificación do fabricante ou facultativo, ónde se indicarán os niveis sonoros de emisión máxima, o diagrama de directividade e o mecanismo de control de uso;
- lugar de estacionamento do vehículo, no seu caso, mentres permaneza en espera de servizo.

* Para alarmas de edificios ou bens:

- documentación que acredite a titularidade dos locais ou bens nos cales se pretenda instalar, e en caso de locais comerciais ou industriais, licenza de apertura, alta do I.A.E.
- planos 1:100 dos locais ou inmobles, con clara indicación da situación do elemento emisor;
- nome, dirección postal e telefónica do responsable do control e desconexión do elemento emisor en locais ou inmobles.
- especificacións técnico-acústicas da fonte

sonora, detallando os elementos constructivos do mesmo xeito có disposto para sirenas;

- dirección completa da comunidade de propietarios ou persoa responsable, a fin de que o Concello informe da súa instalación e indique os procedementos de denuncia en caso de uso indebido ou anormal do sistema.

Artigo 131.- Obrigas para titulares e responsables de alarmas.

Os titulares e responsables de sistemas de alarmas deberán cumprir, ou facer cumprir, as seguintes normas de funcionamento:

1. Os sistemas de alarma deberán estar en todo momento en perfecto estado de uso e funcionamento, co fin de impedir que se autoactiven ou activen por causas inxustificadas ou distintas ás que motivaron a súa instalación. Cando este feito se produza, o titular ou responsable deberá proceder inmediatamente á súa desactivación. En todo caso, os axentes da Autoridade poderán proceder á súa derivación ou desconexión obrigatoria cando o titular ou responsable non cumpra as obrigas que lle impón esta ordenanza, sen prexuízo da imposición da sanción que proceda.

2. Prohíbese a activación voluntaria dos sistemas de alarma, agás nos casos de probas e ensaios que se indican:

- excepcionais: serán as que se realicen inmediatamente despois da instalación para comproba-lo seu correcto funcionamento. Poderán efectuarse entre as dez e as dezoito horas da xornada laboral.

- rutinarias: serán as de comprobación periódica do correcto funcionamento dos sistemas de alarma. Só poderán realizarse unha vez ó mes e nun intervalo máximo de cinco minutos, dentro dos horarios anteriormente indicados da xornada laboral. A Policía Municipal deberá coñecer, previamente, o plan destas comprobacións con expresión do día e

hora no que se realizarán.

3. Só se autorizarán, en función do elemento emisor, os tipos monotonais ou bitonais.

4. As alarmas do Grupo 1 cumprirán os requisitos seguintes:

- a instalación dos sistemas sonoros en edificios realizarase de tal xeito que non estrague o seu aspecto exterior;

- a duración máxima de funcionamento continuado do sistema sonoro non poderá exceder, en ningún caso, os sesenta segundos;

- poderase autoriza-la instalación de sistemas sonoros cando estes repitan o sinal de alarma un máximo de dúas veces, separadas cada unha delas por un período mínimo de trinta segundos e máximo de sesenta segundos de silencio, sempre que non se produza antes a desconexión;

- se o sistema non fose desactivado unha vez rematado o ciclo total, non poderá entrar de novo en funcionamento e, nestes casos, autorizarase a emisión de lampexos luminosos;

- o nivel sonoro máximo autorizado para este tipo de alarmas é de 85 dBA, medidos a tres metros de distancia e na dirección de máxima emisión.

5. As alarmas do Grupo 2 cumprirán os seguintes requisitos:

- o nivel sonoro máximo autorizado para este tipo de alarmas é de 70 dBA, medidos a tres metros de distancia e na dirección de máxima emisión sonora.

6. Para as alarmas do Grupo 3 non haberá máis limitacións que as que aseguren que os niveis sonoros transmitidos polo seu funcionamento a locais ou ambientes lindeiros, non superen os valores máximos autorizados.

Artigo 132.- Obrigas para titulares e/ou responsables de sirenas.

Os titulares e/ou responsables de sistemas de sirenas deben cumprir, ou facer cumpri-las seguintes normas de funcionamento:

1. Queda prohibido o uso de sirenas nas ambulancias tradicionais e só se autorizan os avisos luminosos.

2. Prohíbese a utilización de sistemas de alarma en ambulancias medicalizadas, sempre que transporten enfermos.

3. Os vehículos-ambulancia dotados de sirenas deberán dispor do correspondente control de uso.

4. Poderán instalarse sistemas de sirenas múltiples (tonais, bitonais e frecuenciais) sempre que se obteña a preceptiva autorización municipal.

5. O nivel sonoro máximo autorizado para este tipo de sirenas é de 95 dBA, medidos a 7 metros e 50 centímetros do vehículo que as teña instaladas e na dirección de máxima emisión.

6. Poderán emitirse niveis sonoros de ata 105 dBA, sempre que o sistema estea dotado dun mecanismo de variación do nivel de emisión, directamente conectado ó velocímetro do vehículo, de tal xeito que estes niveis só se emitan cando a velocidade do vehículo supere os 80 km/h, volvendo ós niveis normais cando a velocidade descenda de tales límites.

7. Os sistemas múltiples de aviso que leven incorporados lampexos luminosos deberán permiti-lo funcionamento individualizado ou conxunto dos mesmos.

8. Só será autorizada a utilización das sirenas cando o vehículo que as leva se atope realizando un servizo de urxencia.

Para ambulancias, considéranse servizos de urxencia aqueles percorridos dende a súa base de operacións ó lugar de recollida do enfermo ou accidentado e dende este ó centro sanitario correspondente, nas medicalizables, e dende a súa base ó lugar de recollida do enfermo ou accidentado, nas medicalizadas.

9. Prohíbese a utilización de sirenas durante os

percorridos de regreso á base e durante os desprazamentos rutineiros.

10. Cando un vehículo dotado de sirena se atope cun atasco de tráfico que impida a súa marcha, o conductor está obrigado a desactiva-la sirena, deixando exclusivamente en funcionamento o sistema de lampexos luminosos. Se a paralización do tráfico continúa durante un período significativamente longo, poderase poñer en funcionamento a sirena en períodos non maiores de dez segundos por períodos de silencio non inferiores a dous minutos.

11. Todo vehículo ambulancia deberá dispor dun sistema de control de funcionamento das súas sirenas. Este sistema consiste en dous pilotos luminosos, un azul e outro vermello, situados de tal maneira que, mesmo cos lampexos luminosos en funcionamento, permita a súa fácil e inequívoca identificación.

Cando o vehículo preste servizo de recollida de enfermo ou accidentado deberá levar forzosamente acendido o piloto azul, que cambiará ó vermello para o traxecto dende o lugar de recollida ó centro sanitario correspondente.

En tódolos demais casos levará os pilotos apagados.

SECCIÓN 7.- CONDICIONS DE INSTALACION E APERTURA DE ACTIVIDADES.

Artigo 133.- Condicións para locais.

As condicións esixidas para os locais situados en edificios habitados e destinados a calquera actividade que poida considerarse como foco de ruído son as seguintes:

1. Os elementos constructivos horizontais e verticais de separación entre calquera instalación ou actividade que poida considerarse como un "foco de ruído" e todo outro recinto contiguo deberán, mediante tratamento de insonorización apropiado, garantir un illamento acústico mínimo de 45 dBA Hz e en tódalas frecuencias se se ten que funcionar entre as 22.00 e as 8.00 horas, anque sexa de forma limitada.

2. O conxunto de elementos constructivos dos locais nos que estean situados os focos de ruído non contiguos a outras edificacións, como son fachadas e valos de patios de luces, deberán asegurar unha media de illamento mínimo ó ruído aéreo de 33 dBA durante o horario de funcionamento de dito foco de ruído.

3. Os valores de illamento refírense tamén ós furados e mecanismos para a ventilación dos locais emisores, tanto en inverno coma en verán.

4. O suxeito pasivo da obriga de incrementa-lo illamento ata os mínimos sinalados é o titular do foco de ruído. En relación co punto 1, cando o foco emisor de ruído sexa un elemento puntual, o illamento acústico poderá limitarse a dito foco emisor, sempre que con isto se cumpran os niveis esixidos no Capítulo 2. O cumprimento das disposicións deste artigo non exime da obriga de axustarse ós niveis esixidos no Capítulo 2.

5. Tódalas actividades susceptibles de producir molestias por ruído deberán exercer-la súa actividade coas portas e ventás pechadas.

Artigo 134.- Licencia para actividades musicais.

1. Para conceder licencia de instalación dunha actividade con equipo de música ou que desenvolva actividades musicais, ademais da documentación que legalmente se esixa en cada caso, será preciso presentar estudio realizado por técnico competente, detallando os seguintes aspectos da instalación:

- a) descrición do equipo musical (potencia acústica e gama de frecuencias);
- b) localización, número de altosfalantes e descrición de medidas correctoras (direccionalidade, suxeición, entre outras);
- c) descrición dos sistemas de illamento acústico, con detalle das pantallas de illamento, especificación de gamas de frecuencia e absorción acústica;

d) cálculo xustificativo do coeficiente de reverberación e illamento .

2. Unha vez presentado o estudio técnico, os servicios técnicos municipais procederán á comprobación da instalación, efectuando unha medición, consistente en reproducir, no equipo que se vai inspeccionar, un son co mando do potenciómetro de volume ó máximo nivel, e coas súas condicións medirase o ruído na vivenda máis afectada.

3. Engadiráselle ó ruído musical o producido por outros elementos do local, como extractores, cámaras frigoríficas, grupos de presión e outros. O nivel máximo non rebasará os límites fixados no Capítulo 2.

Artigo 135.- Licencia para actividades industriais.

1. Para conceder licencia de instalación de actividades industriais deberanse describir, mediante estudio técnico, as medidas correctoras previstas, que se refiren ó illamento acústico e vibracións. Este estudio, que formará parte do proxecto que se presente, abranguerá, como mínimo, o seguinte:

a) descrición do local, con especificación dos usos dos locais estremeiros e a súa situación con respecto a vivendas;

b) detalle das fontes sonoras e vibratorias e niveis de emisión acústicos destas, a un metro de distancia, especificándose as gamas de frecuencias;

c) descripción das medidas correctoras previstas e xustificación técnica da súa efectividade, tendo en conta os límites establecidos neste Título.

2. Para a concesión da licencia de apertura comprobarase, previamente, se a instalación se axusta ó estudio técnico e a efectividade das medidas correctoras adoptadas.

CAPÍTULO 4.- MEDICION DE RUIDOS E LIMITES DE NIVEL.

Artigo 136.- Condicións que teñen que cumprirlos aparatos de medida.

1. Utilizaranse como aparatos de medida de son os sonómetros que cumpran os requisitos establecidos pola Norma UNE 21.314/75 ou a CEI 651, tipo 1 ou 2.

2. O resto dos aparatos que se utilicen na medición, como rexistradora gráfica, amplificadores, etc., cumprirán igualmente coa Norma citada no apartado anterior.

Artigo 137.- Determinación do nivel sonoro.

1. A determinación do nivel sonoro realizarase e expresarase en decibelios ponderados, conforme á rede de ponderación normalizada A (dBA). Norma UNE 21.314/75.

2. Non obstante e para os casos en que se deban efectuar medidas relacionadas co tráfico terrestre e aéreo, empregaranse os criterios de ponderación e parámetros de medición axeitados, de conformidade coa práctica internacional.

3. O método de representación do ruído de aeronaves percibido no chan efectuarase pola Norma UNE 74-037, como criterio xeral e sen prexuízo de poder aplicarse outros métodos que estableza a Comunidade Económica Europea ou lexislación concordante.

Artigo 138.- Avaliación dos niveis de ruído.

A avaliación dos niveis de ruído rexerese polas seguintes normas:

1. A medición levarase a cabo, tanto para os ruídos emitidos como para os transmitidos, no momento e situación en que as molestias sexan máis acusadas.

2. As medicións levaranse a cabo nas seguintes condicións:

a) As medidas no exterior da fonte emisora realizaranse entre 1,2 e 1,5 metros sobre o chan e, se é posible, cando menos a 3,5 metros das paredes, edificios ou calquera outra superficie.

b) As medidas no interior do local receptor realizaranse polo menos a 1 metro de distancia das paredes, entre 1,2 e 1,5 metros sobre o chan e aproximadamente a 1,5 metros da(s) ventá(s), ou, en todo caso, no centro da habitación.

3. As medidas realizaranse normalmente coas fiestras pechadas, pero se o local se utiliza coas fiestras abertas, deberán efectuarse as medidas baixo estas condicións.

4. En previsión dos posibles erros de medición, cando esta requira unha especial precisión, ou se así o solicitase o interesado, adoptaranse as seguintes precaucións:

a) contra o efecto de pantalla: o observador situarase no plano normal ó eixo do micrófono e o máis afastado do mesmo que sexa compatible coa lectura de cada escala sen erro de paralelaxe.

b) contra o efecto do vento: cando se estime que a velocidade do vento é superior a 0,8 m/s, empregarase unha pantalla contra o vento. Para velocidades superiores a 1,6 m/s desistirse da medición salvo que se empreguen aparatos especiais.

5. A valoración das medicións será efectuada de acordo co tipo de ruído a medir:

a) Ruídos de tipo continuo: realizarase co sonómetro na escala dB(A) e empregando a escala lenta (slow). Poderá así mesmo realizarse a medida cun equipo de medida que posúa a resposta de Nivel Contínuo Equivalente Leq.

b) Ruídos de tipo discontinuo: para a súa

medición será necesario un equipo de medida que posúa unha escala Leq. cun período de integración igual ou maior a 60 segundos.

CAPÍTULO 5.- VIBRACIONES.

Artigo 139.- Xeneralidades.

1. Os avances obtidos na técnica de construción de edificios e na fabricación de aparatos mecánicos con elevada potencia, tráfico rodado, pesado, fai que se produza unha contaminación por vibracións.

2. Dos tres parámetros que se utilizan para medir as vibracións (desprazamento, velocidade e aceleración), os Concellos adoptarán aquel que consideren máis axustado á súa capacidade de control e ámbito competencial.

3. Adóptanse as curvas límites de vibración en aceleración da forma DIN-4 150 que coinciden co apartado 1.38 "Intensidade de percepción de vibracións K", do anexo 1 da Norma Básica de Edificación, sobre condicións acústicas dos edificios. Fíxase para zonas residenciais un límite de KB de día de 0,2 e de noite 0,15 para vibracións continuas. En zonas industriais tolerarase un nivel de vibracións de $KB=0,56$.

Artigo 140.- Vibracións prohibidas.

Non poderá permitirse ningunha vibración que sexa detectable sen instrumentos de medida en lugares en que se efectúe a comprobación. Para a súa corrección disporanse bancadas independentes da estrutura do edificio e do solo do local, así como manguitos elásticos, montaxes flotantes, etc., e outros dispositivos antivibratorios para todos aqueles elementos orixinarios de vibración.

CAPÍTULO 6.- INFRACCIONES.

Artigo 141.-. Tipificación de infraccións.

1. En materia de ruidos:

a) considérase **infracción leve** superar en 3 dBA os niveis de ruidos máximos admisibles de acordo co regulado neste Título.

b) considéranse **infraccións graves**:

- a reincidencia en infraccións leves;
- superar entre 3 e 5 dBA os ruidos máximos admisibles por este Título;

- a non presentación de vehículo a inspección sendo requirido para iso. Para tal efecto, considerarase como non presentación o retraso superior a 15 días;

- cando dándose o suposto do apartado 1.a) se requirise de novo ó titular do vehículo para a súa presentación no prazo de 15 días e esta non se realizase ou, se realizada, os resultados da inspección superasen os límites indicados en dito número.

c) considéranse **infraccións moi graves**:

- a reincidencia en faltas graves;
- a emisión de niveis sonoros que superen en 6 ou máis dBA os límites máximos autorizados;

- a non presentación do vehículo a inspección oficial, cando dándose o suposto do apartado 1.b) deste artigo, se requirise de novo ó titular do vehículo para a súa representación no prazo de 15 días e non o fixese, ou se presentado, os resultados da inspección superasen os límites indicados en dito número.

2. En materia de vibracións:

a) Considérase **infracción leve** obter niveis de transmisión correspondentes á curva K do Anexo III.4., inmediateamente superiores á máxima admisible para cada situación.

b) Considéranse **infraccións graves**:

-a reincidencia en faltas leves;

-obter niveis de transmisión correspondentes a dúas curvas K inmediateamente superiores á máxima admisible para cada situación.

c) Considéranse **infraccións moi graves**:

-a reincidencia en faltas graves;

-obter niveis de transmisión correspondentes a máis de dúas curvas K inmediateamente superiores á máxima admisible para cada situación.

3. En materia de alarmas e sirenas:

a) Considéranse **infraccións leves**:

- superar ata un máximo de 3 dBA os niveis sonoros de emisión máximos admisibles de acordo coa regulación deste Título;

-para alarmas, o funcionamento sen causa xustificada ou a non comunicación do cambio de persoa responsable do seu control de desconexión ou do seu enderezo postal e telefónico.

b) Considéranse **infraccións graves**:

-a reincidencia en infraccións leves;

-superar entre 3 e 5 dBA os niveis sonoros máximos autorizados neste Título;

-a non utilización dos pilotos de control

de forma correcta;

-a utilización de sirenas de forma incorrecta.

-o incumplimento negligente das obrigas que esta ordenanza impón ós titulares ou responsables de sirenas e alarmas no que se refire a nivel sonoro máximo, activación, funcionamento e desactivación.

c) Consideraranse **infraccións moi graves**:

-a reincidencia en infraccións graves;

-superar en máis de 5 dBA os niveis sonoros de emisión máximos autorizados neste Título.

-a negativa por parte do titular ou responsable de sirenas e alarmas ó cumprimento das obrigas que lle impón esta ordenanza no que se refire a activación, funcionamento e desactivación.

TÍTULO IV.- NORMAS PARTICULARES RELATIVAS AS AUGAS RESIDUAIS.

CAPÍTULO 1.- OBXECTIVOS E AMBITO DE APLICACION.

Artigo 142.- Obxectivos e ámbito de aplicación.

1. O presente Título ten por obxecto establece-las disposicións básicas necesarias para que no verquido, conducción, tratamento e control das augas residuais, estean garantidas en todo momento a saúde humana, a protección do ambiente e maila preservación dos recursos naturais, así como garantir unha xestión coordinada e eficaz en materia de obras e servicios de evacuación, tratamento e recuperación das augas residuais, comprendendo igualmente o financiamento das obras e servicios mencionados.

2. O disposto no presente Título é de aplicación xeral en todo o territorio municipal respecto ós verquidos que se efectúen á rede de colectores municipais.

3. Igualmente, é de aplicación este Título para os verquidos que se realicen ós sistemas de depuración autónomos, dentro do termo municipal de Lugo, que non dispoñan de rede de sumidoiros.

CAPÍTULO 2.- REGULACION DOS VERTIDOS.

Artigo 143.- Censo de verquidos.

1. Os servicios técnicos municipais elaborarán un Censo de Verquidos onde se rexistrarán os permisos concedidos, data de concesión do permiso, clase de actividade, tipo, localización, composición, caudal e

periodicidade do verquido, proceso, titular da actividade xeradora do verquido, punto de verquido e toda outra circunstancia que se considere relevante e pertinente.

2. Tomando como base o mencionado Censo, así como os resultados das comprobacións efectuadas na rede, os servicios técnicos municipais cuantificarán periodicamente as diversas clases de verquidos, a fin de actualiza-las limitacións das descargas e as conseguintes autorizacións, así como tamén dispoñe-las actuacións preventivas, reparadoras e/ou correctoras que sexan necesarias.

Artigo 144.- Situación de emerxencia.

1. Prodúcese unha situación de emerxencia cando, a causa dunha descarga (evacuación-inxección-depósito) perigosa ou fortuíta de verquidos industriais (ou outros potencialmente contaminantes), se orixinan, directa ou indirectamente, substancias de tipo sólido, líquido ou gasoso, que poidan prexudica-la integridade e o correcto funcionamento das instalacións de saneamento, as áreas de verquido ou o medio lindeiro e zonas adxacentes.

2. Os titulares das instalacións e/ou actividades que, pola súa natureza, poidan ocasionar este tipo de descarga, haberán de adopta-los sistemas de prevención e protección necesarios para evitalas ou, no seu caso, reparalas e/ou corrixilas. Os proxectos detallados destas instalacións e/ou actividades haberán de presentase á administración para a súa aprobación, a cal non eximirá ó titular das responsabilidades derivadas dunha situación de emerxencia.

3. Ante unha situación de emerxencia, adoptaranse, o máis pronto posible, as medidas necesarias que se teñan ó alcance para diminuír ou reducir ó máximo os efectos do verquido. O mesmo tempo, notificaráselle inmediatamente ó Concello para solicitar axuda, a fin de que este poida toma-las medidas oportunas de protección das instalacións municipais de sanemamento, as áreas ou espacios naturais de verquido ou leitos, no seu caso. Nun prazo máximo de sete días posteriores ó verquido accidental dunha descarga perigosa, o interesado haberá de remitirlle ó Concello un informe no cal se detallará a data, hora, natureza, causa do suceso, correccións efectuadas "in situ" e, en xeral, todos aqueles datos que lles permitan

ós servicios técnicos municipais unha correcta interpretación da emerxencia, a axeitada avaliación das súas consecuencias e a proposta e posta en acción de medidas preventivas, reparadoras e correctoras para estas situacións.

4. O Concello, como medida preventiva, facilitará un modelo de instrucións a seguir ante unha situación temporal de perigo por descarga perigosa ou fortuíta de verquidos industriais ou outros potencialmente contaminantes.

5. En dito modelo figurarán os números telefónicos ós que o usuario poderá comunica-la emerxencia, o primeiro dos cales será o da estación depuradora receptora do efluente anómalo. No suposto de non poder comunicar con dita estación, poderá facelo cos seguintes e pola orde que se indique. Establecida a pertinente comunicación, o usuario deberá indica-lo tipo de produtos e a cantidade dos mesmos que se verteron ó colector.

CAPÍTULO 3.- CONTROL DA CONTAMINACION NA ORIXE.

Artigo 145.- Tratamentos previos ó verquido.

1. As actividades clasificadas como potencialmente contaminadoras requirirán para a súa instalación, ampliación, modificación ou traslado, a aprobación por parte do Concello dos tratamentos previos ó verquido necesarios para descarga-los seus verquidos cos niveis de calidade esixidos por este Título.

2. O usuario será responsable da construción, explotación e mantemento das instalacións a que houber lugar, con obxecto de satisfacer-las esixencias deste Título. A inspección e comprobación de funcionamento das instalacións é facultade e competencia do Concello.

Artigo 146.- Finalidade do control.

As augas residuais, procedentes das actividades clasificadas, verquidas á rede de colectores municipais,

que posteriormente sexan tratadas nas plantas de tratamento de augas residuais municipais, estarán suxeitas a un tratamento previo ó verquido, tal que:

- se protexa a saúde do persoal de mantemento dos colectores e plantas de tratamento;
- asegure que non se deterioren os colectores, plantas de tratamento e equipos asociados;
- garanta que non se obstaculiza o funcionamento das plantas de tratamento;
- garanta que os verquidos das plantas de tratamento de augas residuais municipais non teñan efectos negativos sobre o medio ambiente e que as augas receptoras cumpran outras disposicións lexislativas en vigor;
- permita a evacuación de lodos das plantas de tratamento de augas residuais, coa calidade necesaria para ser reciclados ou evacuados.

Igualmente, as augas residuais verquidas a elementos de depuración propios ou autónomos, por actividades clasificadas, estarán suxeitas ás condicións especificadas para as que verter a colectores municipais que lles sexan de aplicación.

CAPÍTULO 4.- AUTORIZACION DE VERTIDOS.

Artigo 147.- Solicitude de permiso e autorización de verquidos.

1. Tódalas actividades do termo municipal, calquera que sexan as súas características, deben ter resolto o sistema de vertido das súas augas residuais de tal xeito que evite a contaminación do medio. As actividades clasificadas que opten por verter ós colectores municipais están obrigadas a solicitar do Concello o permiso de verquidos á rede de saneamento.

2. Igualmente estarán suxeitas á previa obtención do permiso os verquidos que se efectúen en lugares onde

non exista rede de saneamento. Neste caso, deberán presentar un proxecto de xustificación do verquido e das medidas previstas para evitar calquera tipo de contaminación.

Artigo 148.- Verquidos ás redes xerais de saneamento.

1. Os verquidos a redes xerais de saneamento provenientes das actividades clasificadas e calquera outro susceptible de altera-lo medio, só serán autorizados cando sexan asimilables ós de natureza urbana.

2. O resto dos verquidos que se atopen comprendidos nalgún dos supostos seguintes presentarán un proxecto alternativo de medidas preventivas e correctoras, con carácter previo á autorización:

- que supoñan algún tipo de risco para a rede xeral, xa sexa polas súas características corrosivas, pola concentración de materiais sólidos viscosos, pola súa natureza inflamable ou explosiva ou por producirse fortes oscilacións no caudal do verquido;
- que por si mesmos, ou en combinación con outros verquidos, incidan significativamente na eficacia do funcionamento da estación depuradora;
- que conteñan contaminantes tóxicos de tal entidade e cantidade, que supoñan unha ameaza para a calidade das augas receptoras do verquido.

3. Todo iso entenderase sen prexuízo das autorizacións ou licencias que teñan que conceder outros organismos competentes na materia.

Artigo 149.- Tramitación.

1. Para tramita-lo permiso de vertido deberanse xuntar á correspondente solicitude os datos que figuran na documentación especificada no Anexo IV.2. do presente Título.

2. O permiso de vertido non se entende concedido ata que o solicitante obteña expresa autorización.

3. Calquera modificación dos termos referidos esixirá solicitar novamente o permiso de vertido. A infracción ás prescricións deste Título e/ou a falta de pagamento das taxas de depuración e vertido das augas residuais poderán determina-la revogación do permiso de vertido.

Artigo 150.- Obrigatoriedade.

1. Tódalas augas residuais domésticas deberán verterse á rede de sumidoiros municipal. En caso de non existir este deberán ser evacuadas a través dun sistema autónomo de saneamento.

2. En todo caso, queda prohibido verter augas pluviais á vía pública.

Artigo 151.- Organismo competente.

O Concello autorizará a descarga á rede de saneamento, con suxeición ós termos, límites e condicións que se indiquen.

Artigo 152.- Denegación de autorizacións.

Sen previo ou simultáneo permiso de vertido, o Concello non autorizará:

a) a apertura, ampliación ou modificación dunha industria;

b) a construción, reparación ou remodelación dunha cloaca ou cloaca lonxitudinal;

c) a posta en funcionamento de actividades industriais potencialmente contaminantes, se previamente non se aprobaran, instalaran e, no seu caso, comprobaran polos servicios técnicos municipais, a eficacia e mailo correcto funcionamento dos tratamentos previos ó vertido nos termos requiridos;

d) acometidas á rede que non sexan independentes para cada industria. Cando isto non sexa posible, deberá propoñerse como alternativa unha solución tecnicamente axeitada que permita diferencia-los verquidos. O Concello poderá esixir, en caso de que distintos usuarios vertan a unha mesma rede de sumidoiros, a instalación de equipos de control separados se as condicións de vertido o aconsellan. As instalacións de vixilancia e control construíranse de acordo cos requisitos do Concello;

e) a descarga a unha rede de sumidoiros que estea fóra de servizo;

f) a utilización de augas procedentes de canles públicas ou da rede coa única finalidade de diluí-las augas residuais.

g) a descarga a instalacións autónomas.

Artigo 153.- Instrumentos de planificación.

1. Os instrumentos de planificación municipal conterán medidas de adecuación da capacidade de depuración dispoñible na rede municipal, coas necesidades de depuración existentes ou previsibles.

2. Igualmente, deberán incluír nos programas de actuación os convenios, prazos e medios financeiros dispoñibles para realiza-la política de saneamento.

Artigo 154.- Taxa de saneamento.

Os titulares de verquidos de augas residuais satisfacerán a taxa de saneamento, de conformidade, no seu caso, co establecido na ordenanza fiscal correspondente.

CAPÍTULO 5.- LIMITACIONES OS VERTIDOS.

Artigo 155.- Verquidos prohibidos.

Queda prohibido verter, directa ou indirectamente, á rede de colectores municipais calquera dos seguintes produtos, a composición química ou contaminación bacteriolóxica das cales poidan impurificar as augas, producindo dano na saúde pública, nos aproveitamentos inferiores e nos recursos en xeral, e se realice mediante evacuación, inxección ou depósito:

- materias sólidas ou viscosas en cantidades ou tamaños tales que, por si soas ou por interacción con outras, poidan producir obstrucións ou sedimentos que impidan o correcto funcionamento dos colectores ou dificulten os traballos de mantemento dos mesmos;
- sólidos, líquidos ou gases combustibles, inflamables ou explosivos;
- sólidos, líquidos ou gases irritantes, corrosivos ou tóxicos e perigosos;
- aceites e graxas flotantes;
- radionucleidos de natureza, cantidades ou actividades tales que teñan carácter de residuo radioactivo, segundo a lexislación vixente;
- residuos industriais ou comerciais que, polo súa concentración ou natureza, poidan ser considerados tóxicos ou perigosos, segundo a normativa vixente;
- microorganismos nocivos de natureza, cantidade ou concentración que infrinxan as regulamentacións establecidas verbo disto polas institucións competentes;
- calquera outro que teña efectos negativos sobre o medio.

Artigo 156.- Verquidos a conductos receptores.

As augas residuais industriais, xunto con todas aquelas potencialmente contaminantes, recollidas nos

colectores xerais e sistemas autónomos de depuración, para as que non exista tratamento posterior axeitado en plantas de tratamento municipais antes de ir a un cauce receptor, axustaranse en todo momento ás leis e disposicións legais en vigor.

Artigo 157.- Verquidos ás instalacións municipais.

1. As augas residuais industriais e todas aquelas potencialmente contaminantes, que se vertan á rede municipal de saneamento, axustaranse ás especificacións presentadas na táboa 1 do Anexo IV.3., que recolle o intervalo das características e concentracións máximas permitidas nos verquidos ós colectores municipais.

2. Os sistemas autónomos propios das actividades clasificadas axustaranse ós parámetros mínimos da táboa 1. Anexo IV.3.

Artigo 158.- Revisións.

1. A relación establecida na táboa 1 do Anexo IV.3. será revisada periodicamente e en ningún caso se considerará exhaustiva nin excluín-te.

2. Se algunha instalación industrial vertese produtos non incluídos na citada relación, a administración municipal procederá a sinala-las condicións e limitacións para o vertido de cada un dos produtos. Así mesmo, e de acordo co referido no artigo 145, poderán establecerse formas alternativas, sempre que o permitan a magnitude das instalacións municipais depuradoras e a capacidade de asimilación do medio receptor.

CAPÍTULO 6.- MOSTRAXE E ANALISE.

Artigo 159.- Toma de mostras.

1. As instalacións produtoras de augas residuais deberán contar, necesariamente, cos dispositivos,

registros, arquetas e demais utensilios pertinentes que fagan posible a realización de medicións e a toma de mostras representativas.

2. Toda instalación que produza vertidos de augas residuais non domésticas disporá dunha única arqueta de rexistro, situada augas abaixo do último vertido, que sexa accesible para o fin ó que se destina. A súa localización deberá ser, ademais, nun punto no que o fluxo do efluente non poida alterarse.

Artigo 160.- Mostras.

1. As mostras tomaranse de xeito que se asegure a súa representatividade e en cantidade suficiente para poder separar tres porcións iguais para as operacións que deban realizarse en laboratorio.

2. As mostras introduciranse en recipientes axeitados, convenientemente selados e etiquetados, para impedi-la súa manipulación. Nas etiquetas figurará:

- un número de orde,
- descrición da materia contida,
- lugar preciso da toma,
- data e hora da toma,
- nomes e sinaturas do inspector e da persoa responsable da instalación obxecto da inspección.

3. Das tres porcións antes mencionadas, unha quedará en poder do industrial, outra será entregada polo inspector a un laboratorio acreditado para a análise e a terceira quedará en poder da administración que realizara a inspección, a cal levará un libro de rexistro das análises.

Artigo 161.- Análises.

Unha vez realizada a análise, o laboratorio acreditado fará tres copias, enviando unha ó órgano da administración que fixo entrega da mostra para o seu arquivo; unha segunda copia ó industrial; e a terceira

copia, xunto á porción da mostra que quedou en poder da administración, permanecerá no laboratorio, para poñela, en caso necesario, a disposición da autoridade xudicial.

Artigo 162.- Métodos.

A análise realizarase conforme a métodos oficiais, ou no seu defecto, con métodos adoptados oficialmente noutros países.

Artigo 163.- Disconformidade.

Se o industrial manifesta a súa disconformidade co resultado da análise, procederase a realizar unha nova noutro laboratorio acreditado, o resultado da cal será definitivo, sendo os gastos de realización a cargo do industrial. A manifestación de disconformidade deberá ser realizada polo titular dos vertidos, fundada e por escrito, ante o órgano competente que ordenara a análise e no prazo de un mes a partir do día do recibo da comunicación do resultado do mesmo.

CAPÍTULO 7.- INSPECCION.

Artigo 164.- Disposicións xerais.

1. Os servicios correspondentes do Concello realizarán periodicamente a inspección e vixilancia das instalacións do vertido de auga á rede de sumidoiros, arquetas de rexistro e instalacións do usuario, con obxecto de comproba-lo cumprimento do disposto no presente Título.

2. Por iniciativa do Concello, cando o considere oportuno, ou a pedimento dos interesados, poderán realizarse inspeccións e/ou controles do vertido das augas residuais.

Artigo 165.- Obxecto da inspección.

A inspección e control a que se refire o presente

artigo consistirá, total ou parcialmente, en:

- revisión das instalacións,
- comprobación dos elementos de medición,
- toma de mostras para a súa análise posterior,
- realización de análises e medicións "in situ",
- levantamento da acta da inspección,
- calquera outro aspecto relevante do vertido ou da instalación inspeccionada.

Artigo 166.- Acceso ás instalacións.

Deberá facilitarse o acceso dos inspectores ás distintas instalacións, a fin de que poidan proceder con maior eficacia nas tarefas de control e vixilancia. Deben porse á súa disposición tódolos datos, análises e información xeral que estes soliciten, evitando entorpecer e obstaculiza-la inspección.

Artigo 167.- Acreditación.

1. Os inspectores deberán acredita-la súa identidade mediante documentación expedida polo Concello.

2. Non será necesaria a notificación previa das visitas, sempre que se efectúen dentro do horario oficial de funcionamento da actividade, debendo facilitarse o acceso ás instalacións no momento en que aquelas se produzan.

Artigo 168.- Acta.

O inspector levantará unha acta da inspección realizada polo Concello, cos datos de identificación do usuario, operacións e controles realizados, resultados de medicións e toma de mostras, e calquera outro feito que se considere oportuno facer constar por ámbalas dúas partes. Esta acta asinarana o inspector e mailo usuario, entregándoselle a este unha copia da mesma.

Artigo 169.- Inspección e control en plantas de tratamentos previos ó vertido.

A inspección e control por parte do Concello refirirase tamén, se as houber, ás plantas de tratamentos previos ó vertido ou de depuración do usuario, segundo se indica no artigo 145 da presente Ordenanza.

Artigo 170.- Libro de rexistro.

As copias das actas deberán ser recollidas nun arquivo e estar a disposición da autoridade competente cando esta as requira.

Artigo 171.- Informe de descarga.

O Concello poderá esixir periodicamente un informe de descarga, que deberá incluí-los caudais efluentes, concentración de contaminantes e, en xeral, definición completa das características do vertido.

CAPÍTULO 8.- REXIME DISCIPLINARIO

Artigo 172.- Normas xerais.

Os vertidos á rede de sumidoiros que non cumbran calquera das limitacións ou prohibicións que se especifican no presente Título, darán lugar a que o Concello adopte algunha ou algunhas das medidas seguintes:

- prohibición total do vertido cando, existindo o incumprimento, este non poida ser corrixido nin nas instalacións municipais nin nas do usuario;
- esixencia ó usuario da adopción de medidas preventivas, correctoras e/ou reparadoras necesarias verbo da modificación do vertido,

mediante un tratamento previo do mesmo ou modificación no proceso que o orixina;

- esixencia ó responsable de ter efectuado, provocado ou permitido a descarga, do pagamento de tódolos gastos e custos adicionais a que o Concello tivese que facer fronte como consecuencia dos vertidos polas súas deterioracións, avarías, limpeza, etc.;

- imposición de sancións, segundo se especifica nesta Ordenanza;

- revogación, cando proceda, da autorización de vertido concedida.

Artigo 173.- Denuncias.

Ante a gravidade dunha infracción ou no caso de ser esta reiterativa, o Concello poderá envia-la correspondente denuncia ós organismos competentes, para o efecto das sancións que correspondan.

Artículo 174.- Suspensión.

Os facultativos do servizo técnico encargado da inspección e control poderán suspender provisionalmente, e a título cautelar, a execución de obras ou instalacións relacionadas co vertido, así como impedir, tamén provisionalmente, o uso indebido da rede e as súas obras ou instalacións anexas, e para este fin deberá enviárselle ó interesado orde individualizada e por escrito e ratificada polo órgano municipal competente.

Artigo 175.- Tipificación de infraccións.

1. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, segundo se determina a seguir.

2. Considérase **infracción leve**:

- entorpecer ou obstaculizar dalgún xeito a tarefa de inspección, de xeito que esta quede incompleta.

3. Considéranse **infraccións graves**:

- non facilitarlles ós inspectores municipais o acceso ás instalacións ou a información solicitada polos mesmos;
- a reincidencia en faltas leves,
- omitir na información solicitada polo Concello as características da descarga de vertido, cambios no proceso que afecten á mesma, localización precisa, datas de vertido e demais circunstancias que o organismo competente estime de interese;
- a falta de comunicación das situacións de emerxencia sinaladas no artigo 144;
- non contar coas instalacións e equipo necesario para a práctica das análises requiridas, e/ou mantelas en condicións inadecuadas;
- efectuar vertidos que esixen tratamento previo, sen ter feito este;
- realizar vertidos afectados por limitacións, sen respectar estas;
- non contar co permiso municipal de vertido;
- non adopta-las medidas preventivas, correctoras e/ou reparadoras que sexan necesarias.
- ter canlóns ou baixantes rotos ou deteriorados que vertan á vía pública.

4. Considéranse **infraccións moi graves**:

- a reincidencia en faltas graves,
- realizar ou reincidir na emisión de vertidos prohibidos.

TÍTULO V.- NORMAS PARTICULARES RELATIVAS A RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

CAPÍTULO I.- XESTIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

SECCIÓN 1.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 176.- Aplicación.

Aplicarase a xestión a toda clase de materiais que tecnicamente entren no ámbito conceptual dos residuos sólidos urbanos.

Artigo 177.- Tratamento, eliminación e xestión.

1. Para os efectos do presente Título, entenderase por tratamento o conxunto de operacións encamiñadas á eliminación dos desfeitos e residuos ou ó aproveitamento dos recursos contidos neles, en condicións tales que non produzan riscos a persoas, cousas ou ó ambiente.

2. Para os efectos do presente Título, entenderase por eliminación todos aqueles procedementos dirixidos ben ó almacenamento ou vertido controlado dos residuos, ben á súa destrucción total ou parcial, por sistemas que non impliquen recuperación de enerxía.

3. Para os efectos do presente Título, entenderase por xestión o conxunto de actividades encamiñadas a darlles ós residuos o destino máis axeitado, inclusive a recollida selectiva para posterior reciclaxe, de acordo coas súas características, para a protección da saúde humana, os recursos naturais e o medio ambiente.

Artigo 178.- Residuos abandonados.

Os servicios municipais deberán recolle-los residuos abandonados e eliminalos en tódolos terreos que non sexan de propiedade privada, imputándolle-lo custo dos servicios prestados ós responsables, sen prexuízo da sanción que corresponda impoñer nin da reclamación das responsabilidades civís ou criminais do abandono.

Artigo 179.- Propiedade municipal.

Os materiais residuais depositados polos particulares para o seu tratamento ou eliminación en instalacións municipais, adquirirán o carácter de propiedade municipal, de acordo co establecido pola lei.

Artigo 180.- Prestación de servicios.

1. O servicio de tratamento e eliminación de residuos poderá ser prestado por organismos de ámbito territorial supramunicipal, directamente polo Concello, ou por particulares debidamente autorizados.

2. O Concello poderá presta-lo servicio de tratamento e eliminación con carácter ocasional para aqueles residuos a recollida dos cales non sexa unha prestación obrigatoria do mesmo.

Para a prestación ocasional do servicio, o usuario solicitarallo ós servicios municipais.

Artigo 181.- Reutilización e recuperación.

O Concello favorecerá as iniciativas particulares e promoverá accións que teñan por obxecto a recuperación, reutilización e valoración dos materiais residuais, en especial as referidas á reciclaxe de materiais, como vidro, papel, cartón, etc.

SECCIÓN 2.- RESPONSABILIDADE.

Artigo 182.- Responsabilidade.

1. Os produtores de residuos que os entreguen para

a súa eliminación a un terceiro non autorizado, serán responsables solidarios con este de calquera prexuízo que puidese derivarse disto. Así mesmo, responderán solidariamente das sancións que procedese impoñer.

2. Dos danos que se produzan nos procesos de eliminación, como consecuencia de mala fe na entrega dos residuos ou de falta de información sobre as características dos produtos entregados, será responsable quen efectuara a entrega.

Artigo 183.- Exercicio de accións legais.

Ante a presunta responsabilidade civil ou criminal por mor do abandono de residuos, o Concello poderá interpoñer, de oficio, a oportuna acción ante a xurisdicción competente.

SECCIÓN 3.-TRATAMENTO DE RESIDUOS POR PARTICULARES.

Artigo 184.- Licencia municipal.

1. Os particulares ou entidades que queiran realiza-lo tratamento ou a eliminación dos seus residuos, deberán obte-la correspondente licencia de actividade. O Concello poderá impoñe-la obriga de utilizar instalacións propias de eliminación nestes casos.

2. Serán consideradas clandestinas as instalacións ou equipamentos que desenvolvan actividades de tratamento ou eliminación de residuos e que non dispoñan da licencia municipal correspondente. Estas poden ser clausuradas inmediatamente, sen prexuízo das sancións que correspondan, nin da reclamación polas responsabilidades que se houbesen derivado.

Artigo 185.- Revisións.

As instalacións dedicadas ó tratamento ou eliminación de residuos están suxeitas a revision técnica municipal, que se efectuará en calquera momento a indicación da autoridade municipal. Toda instalación de

tratamento ou eliminación que non se explore de acordo coas garantías técnico-ambientais legalmente establecidas será considerada non autorizada e procederase á súa inmediata clausura, podendo ser esixidas as responsabilidades correspondentes.

Artigo 186.- Prohibicións.

Prohíbese a eliminación mediante a deposición dos residuos, en terreos que non foran previamente autorizados polo Concello, así como tamén a descarga en depósitos ou vertedoiros particulares de calquera tipo de residuos, diferentes a aqueles que teñan sido motivo de autorización.

CAPÍTULO 2.- CLASIFICACIÓN DOS RESIDUOS

Artigo 187.- Tipos de residuos.

Os residuos agrúpanse en:

a) Residuos domiciliarios. Son os que proceden da normal actividade doméstica, así como os produtos en establecementos que, pola súa natureza e volume, son asimilables ós anteriores. Pódense citar:

- restos da alimentación, consumo doméstico e residuos procedentes do varrido de rúas e vivendas;

- restos de poda e xardinería, en pequenas cantidades;

- envoltorios, envases e embalaxes rexeitados polos cidadáns ou producidos en locais comerciais, en pequenas cantidades;

- residuos de actividades industriais, comerciais e de servicios que poidan asimilarse ó lixo domiciliario. Entre eles cabe consignar:

- * restos de consumo de bares,

restaurantes e actividades similares e os producidos nos supermercados, autoservicios e establecementos análogos;

* residuos do consumo en hoteis, residencias, colexios e outros establecementos similares;

- escouras e cinzas;

b) Residuos sanitarios. Son os materiais residuais que sendo producidos en centros hospitalarios, sanitarios ou asimilables, presenten polas características de orixe ou natureza riscos para a saúde humana, os recursos naturais ou o medio ambiente. Clasifícanse en:

- residuos ordinarios ou asimilables ós domiciliarios: son semellantes ós de calquera centro urbano, e inclúen restos de comida, limpeza xeral, residuos de xardinería, de actividade administrativa, etc.;

- residuos clínicos ou biolóxicos: son os producidos nas salas de cura e/ou quirófanos, excluíndose os órganos ou membros humanos;

- residuos patolóxicos e/ou infecciosos: son aqueles que poden producir algún tipo de contaminación bacteriolóxica ou química tales como restos de cultivos, obxectos punzantes, análises, restos de comida de enfermos infecciosos.

c) Residuos industriais. Clasifícanse en residuos industriais inertes e residuos industriais asimilables a urbanos. Comprenden:

- envurullos, envases, embalaxes e residuos producidos por actividades industriais, comerciais e de servicios, que polo seu volume, peso, cantidade, contido en humidade, non quedan catalogados como residuos domiciliarios;

- lodos procedentes de depuración de augas.

d) Residuos especiais:

- alimentos e produtos caducados;
- mobles e aparellos vellos;
- vehículos abandonados, pneumáticos;
- animais mortos e/ou parte destes.

e) Outros residuos (comprende os denominados "residuos inertes") :

- resto de poda e xardinería en grandes cantidades.
- terras e entullos procedentes das actividades de obra civil e construción.

Terán a consideración de terras e entullos:

- * os restos de terras, areas e similares utilizados en construción e provenientes de excavacións;
- * os residuos de actividades de construción, derruba e, en xeral, tódolos sobrantes de obras;
- * calquera material residual asimilable ós anteriores.

Quedan excluídas as terras e materiais destinados á venda.

- outros, como esterco e refugallos de matadoiros.

Tamén se inclúen nesta categoría todos aqueles residuos que, pola súa natureza ou forma de presentación, aínda sendo catalogados en apartados anteriores, determinen os servicios municipais. Os servicios municipais interpretarán as dúbidas en produtos ou circunstancias non claramente definidas.

Quedan excluídos expresamente deste Título:

- a) residuos tóxicos e perigosos.
- b) residuos radiactivos.

CAPÍTULO 3.- RESIDUOS DOMICILIARIOS.

SECCIÓN 1.- DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 188.- Prestación do servizo.

1. O servizo de recollida de residuos domiciliarios farase cargo de retirar os materiais especificados como tales no artigo 187 e é un servizo de prestación obrigatoria por parte do municipio.

2. A prestación deste servizo comprende as seguintes operacións:

a) traslado dos residuos e baldeirado dos mesmos nos vehículos de recollida;

b) devolución, se procede, dos elementos de contención unha vez vaciados, ós puntos orixenarios;

c) retirada de restos de residuos caídos na vía pública como consecuencia destas operacións;

d) transporte e descarga dos residuos nos puntos de eliminación ou nas estacións de transferencia.

Artigo 189.- Obrigas dos usuarios.

1. Os usuarios están obrigados a depositar os residuos domiciliarios en bolsas de plástico que cumpran a Norma UNE 53-147-85, con galga 200 do tipo 6. Estas bolsas pechadas depositaranse, posteriormente, nos depósitos normalizados que o Concello destine para tal efecto.

2.- Polo tanto:

- as bolsas de plástico serán substituídas por outras de materia biodegradable cando a realidade tecnolóxica e económica o permita.

- as bolsas teñen que estar pechadas hermeticamente, de xeito que non se produzan vertidos. Se, como consecuencia dunha deficiente presentación do lixo, se producisen vertidos, o usuario causante será responsable da sucidade ocasionada;
- as embalaxes de polietileno e substancias similares deberán depositarse suficientemente protexidas para impedir que se esparea o seu contido na vía pública;
- prohíbese o depósito de lixos que conteñan residuos líquidos ou susceptibles de licuarse;
- non se autoriza o depósito de lixos a granel ou en cubos, paquetes, caixas e similares;
- prohíbese o abandono de residuos. Os usuarios están obrigados a depositalos segundo os horarios establecidos e nos lugares e forma sinalados;
- non se permite a manipulación de lixos na vía pública;
- autorízase o depósito de cartonaxe e papel, sempre que estea debidamente empacotado e con ligaduras suficientes para evita-la súa dispersión;
- os infractores están obrigados a retirar os lixos abandonados e a limpar a área que ensuciasen, con independencia das sancións que correspondan.

3. Os centros produtores de residuos asimilables a domiciliarios en grandes cantidades (supermercados, locais comerciais, etc.) deberán dispoñer de contedores normalizados, á súa custa, necesarios para garantir unha completa contedorización dos residuos.

SECCIÓN 2.- CONTEDORES PARA LIXOS.

Artigo 190.- Forma de presentación dos

residuos.

1. A presentación dos residuos domiciliarios, unha vez depositados na bolsa de plástico, farase obrigatoriamente no tipo de recipiente normalizado que, en cada caso, sinale o Concello, de acordo coa natureza dos residuos, as características do sector ou vía pública e coa planificación realizada para a recollida e transporte polo servizo municipal competente.

2. Nas zonas, sectores ou barrios onde a recollida se afectúe mediante recipientes herméticos subministrados polo Concello, os usuarios de tales recipientes teñen a obriga de conservar e mantelos en adecuadas condicións de hixiene e seguridade, coa dilixencia que o Código Civil esixe ó usufructuario de bens alleos, sendo responsables da deterioración que os recipientes poidan sufrir pola súa culpa, negligencia ou imprudencia.

Artigo 191.- Conservación e limpeza dos recipientes.

As operacións de conservación e limpeza que, no seu caso, esixan os recipientes normalizados de propiedade privada serán de conta dos habitantes da finca, cando se trate de edificios destinados a vivenda, e da propiedade, cando sexan edificios públicos ou establecementos comerciais, debendo uns e outra, en cada caso, designa-la persoa que teña que realizar tal cometido, sen prexuízo das accións que, para os mesmos efectos, realicen os servizos municipais.

Artigo 192.- Conservación e limpeza do recinto.

Nos centros públicos ou privados, vivendas, mercados, galerías de alimentación, centros sanitarios, entre outros, a retirada dos residuos correrá a cargo do servizo municipal competente, pero non o varrido e limpeza dos mesmos. Estas últimas operacións terán que realizarse coa frecuencia que sexa necesaria para mantelos locais nas debidas condicións de salubridade e hixiene.

Artigo 193.- Recollida.

Será obrigación dos usuarios transporta-las bolsas de lixo ata os depósitos máis próximos.

Artigo 194.- Recipientes e vehículos colectores.

A colocación na vía pública dos recipientes normalizados contendo os residuos farase na beirarrúa, xunta o bordo da calzada ou lugar que se sinale, e non poderá facerse antes dunha hora do paso do vehículo, se a recollida se efectúa durante o día, ou antes das dez da noite se a mesma é nocturna. Unha vez baldeirados os recipientes non desbotables, procederase á súa retirada ó interior do inmovible, cando sexan de propiedade privada.

Artigo 195.- Volumens extraordinarios.

Se unha entidade, pública ou privada, tivese, por calquera causa, que desprenderse de residuos sólidos en cantidades maiores ás que constitúen a produción diaria normal e non de forma frecuente, non poderá presentalos conxuntamente cos residuos habituais. Nestes casos, a entidade poderá ser autorizada polo Concello para transporta-los residuos cos seus propios medios ós puntos de transformación ou eliminación que indique o servizo municipal competente, ou ben poderá solicita-la súa retirada ó devandito servizo. En ámbolos dous casos, o Concello pasará o correspondente cargo pola eliminación ou transformación dos residuos e, ademais, no segundo caso, aumentaráo co debido cargo de transporte ós centros de eliminación ou transformación dos residuos.

Artigo 196.- Escouras e cinzas.

Non se aceptará a recollida de escouras de edificios se as mesmas non se depositan en recipientes homologados polo Concello e se estas non se enfriaron previamente.

Artigo 197.- Prohibicións.

Queda prohibida toda manipulación dos contedores do

lixo (movelos, incendialos, envorcalos), facer inscricións ou adherir pegatinas nos mesmos, así como outros actos que estraguen a súa estética ou entorpezan o seu normal uso.

SECCIÓN 3.- HORARIO DE PRESTACIÓN DOS SERVICIOS.

Artigo 198.- Programación.

Os servizos municipais farán pública a programación prevista de días, horarios e medios para a prestación dos servizos de recollida. O Concello poderá introducir as modificacións que, por motivos de interese público, teña por convenientes, e os servizos municipais divulgarán, con suficiente antelación, os cambios no horario e a forma ou frecuencia de prestación do servizo, a excepción das disposicións dictadas pola alcaldía en situacións de emerxencia, caso fortuito ou forza maior.

Artigo 199.- Casos de emerxencia.

Naqueles casos considerados de emerxencia, tales como conflitos sociais, inundacións ou outras situacións de forza maior, en que non sexa posible presta-lo servizo, e previa comunicación municipal, os veciños absteranse de elimina-los seus residuos. No caso de que o anuncio fose feito con posterioridade ó depósito dos residuos, cada usuario deberá recupera-lo seu envase, gardalo axeitadamente e non entregalo ata que se normalice o servizo, ou ata que o Concello dicte as instrucións oportunas.

CAPÍTULO 4.- RESIDUOS SANITARIOS

Artigo 200.- Forma de presentación.

As normas de presentación e recollida dos residuos sanitarios serán diferentes segundo os distintos tipos destes:

a) Residuos asimilables ós domiciliarios.

A súa recollida e eliminación farase de xeito similar á dos residuos domiciliarios.

b) Residuos clínicos ou biolóxicos.

Son de natureza perigosa e, polo tanto, presentaranse en bolsas de plástico de cor diferente ás anteriores, que cumpran coa Norma UNE 53-147-85 e con galga de 200 tipo 6. Estas bolsas pechadas introduciranse, posteriormente, nos correspondentes depósitos homologados, similares ós da recollida domiciliaria, pero con tapa de distinta cor, os cales han de permanecer sempre pechados e nun lugar destinado para o efecto. A recollida terá carácter especial, en vehículos pechados e sen compactación. A eliminación levarase a cabo seguindo métodos axeitados, manténdose a obriga de incineralos.

c) Residuos patolóxicos e/ou infecciosos.

Estes residuos son altamente perigosos, polo que se presentarán en recipientes ríxidos dun só uso, pechados hermeticamente. A recollida e eliminación é similar á dos residuos clínicos ou biolóxicos, extremándose as medidas preventivas e de seguridade.

Artigo 201.- Centros produtores.

1. Os centros produtores destes residuos serán responsables de que sexan axeitadamente xestionados. En calquera caso, e sexa cal sexa a xestión aplicable, cada centro, prescindindo do seu tamaño, debe nomear a unha persoa con formación adecuada que se responsabilice de tódolos temas relacionados coa xestión dos residuos sanitarios, fundamentalmente vinculado á hixiene, salubridade e limpeza, e que debe:

- ter coñecemento da problemática, lexislación e ordenanza aplicables;

- organizar e responsabilizarse da axeitada clasificación dos residuos.

2. As persoas que realicen estas funcións terán coñecementos técnicos suficientes para clasificar e

cataloga-los residuos producidos, e manipula-los mesmos con pleno coñecemento de causa.

Artigo 202.- Recollida.

No caso de que o centro produtor de residuos hospitalarios opte por entregalos ós servizos municipais, para o caso de que o Concello xestione este servizo directamente, esta entrega deberá facerse en condicións tales que garantan a seguridade da súa xestión, acompañando as instrucións pertinentes para o desenvolvemento de tratamentos específicos.

CAPÍTULO 5.- RESIDUOS INDUSTRIAIS.

SECCIÓN 1.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 203.- Recollida e transporte.

A recollida e transporte dos residuos industriais pode ser levada a cabo directamente polo Concello, cando xestione este servizo, ou subsidiariamente por terceiros debidamente autorizados.

Artigo 204.- Servizos prestados por terceiros.

1. Os terceiros, debidamente autorizados, poderán levar a cabo os servizos de recollida e transporte destes residuos.

2. Os produtores de residuos industriais poderán ser autorizados para o seu transporte ós puntos de eliminación.

Artigo 205.- Obrigas.

1. Os produtores, posuidores e terceiros debidamente autorizados que produzan, manipulen ou transporten residuos industriais, porán a disposición do

Concello a información que lles sexa requirida sobre a orixe, características, cantidade, sistema de pretratamento e de tratamento definitivo dos mesmos, estando obrigados a facilita-las actuacións de inspección, vixilancia e control que este realice.

2. De igual forma, as persoas ou Entidades a que se refire o anterior parágrafo estarán obrigados a levar un libro-rexistro que será dilixenciado polo Concello, e de acordo coa modelación que se determine obrigatoriamente.

3. Os elementos de carga, recollida e transporte para residuos industriais dos particulares, deberán cumprir tódalas condicións esixidas pola lexislación vixente para o transporte e a circulación.

Artigo 206.- Autorización.

Para a obtención do permiso municipal de vertidos en vertedoiro municipal, os titulares dos residuos deberán aportar á correspondente solicitude os datos seguintes:

- Nome e domicilio social do establecemento ou actividade;
- Localización e características do establecemento ou actividade;
- Materias primas e auxiliares, ou produtos semielaborados que sexan consumidos ou empregados;
- Producción expresada en unidades usuais;
- Descrición dos procesos e operacións causantes dos residuos e características físico-químicas destes, previas a calquera tratamento;
- Descrición dos tratamentos adoptados e da efectividade prevista dos mesmos;
- Todos aqueles que se consideren necesarios para a determinación dos residuos sólidos industriais.

SECCIÓN 2.- SERVICIOS MUNICIPAIS

Artigo 207.- Prestación do servicio.

1. Cando o Concello de Lugo preste o servicio de recollida de residuos industriais retirará os materiais especificados como tales no capítulo de clasificación de residuos.

2. A prestación deste servicio abranguerá as seguintes prestacións:

- traslado e baldeirado dos residuos a vehículos de recollida;
- devolución ós puntos orixinais, se procede, dos elementos de contención unha vez baldeirados;
- transvase destes residuos, se procede;
- transporte e descarga dos residuos ós puntos de eliminación.

3. Como norma xeral, a carga de residuos industriais sobre o vehículo farase no interior do establecemento. Só en caso de imposibilidade se efectuará na vía pública.

4. Non se permite a permanencia de residuos industriais na vía pública por tempo superior a dúas horas.

Unha vez baleiros os elementos de contención, retiraranse inmediatamente da vía pública.

5. Para desfacerse dos residuos industriais será necesaria a correspondente autorización municipal, indicándose, á vista da natureza e características dos mesmos, o lugar para a súa eliminación ou aproveitamento.

Cando os residuos industriais sexan inicialmente tóxicos ou perigosos ou poidan resultar de tal condición polo transcurso do tempo só poderán ser depositados en instalacións especiais que aseguren a súa destrución ou

inocuidade.

O transporte dos desfeitos ou residuos sólidos industriais poderá efectuarse polos propios produtores ou posuidores ou por terceiras persoas que contén coa oportuna e específica licencia, mediante vehículos especialmente acondicionados para evitar todo risco. Unha vez efectuado o vertido nas zonas especialmente habilitadas para tales residuos, acreditarase documentalmente esta circunstancia ante o Concello.

Artigo 208.- Tratamentos previos.

1. O Concello poderá esixir, para a prestación do servizo de recollida e transporte, que se efectúen tratamentos previos para a redución dos riscos destas operacións.

2. Os servizos municipais non aceptarán residuos industriais que, pola súa natureza, inseguridade ou forma de presentación, non poidan ser manipulados axeitadamente.

3. Os produtores ou posuidores de residuos con características especiais, contactarán cos servizos municipais para determina-la forma de recollida, transporte e tratamento máis apropiada.

Artigo 209.- Propiedade municipal.

De acordo coa lei, os residuos industriais recollidos polos servizos municipais asumirán o carácter de propiedade municipal, non tendo dita calidade os recollidos e transportados por terceiros ou polos propios propietarios.

Artigo 210.- Taxas.

Os usuarios aboarán as taxas a que estean obrigados pola prestación do servizo de recollida e transporte de residuos industriais.

CAPÍTULO 6.- RESIDUOS ESPECIAIS.

SECCIÓN 1.- DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 211.- Prestación do servicio.

1. Os diversos servicios de recollida de residuos especiais son de utilización optativa por parte do usuario. A prestación deste servicio de recollida abrangue as seguintes operacións:

- traslado e baldeirado dos residuos ós vehículos de recollida;
- devolución dos elementos de contención unha vez baleirados, se procede, ós puntos orixenarios;
- transporte e descarga dos residuos especiais nos puntos de eliminación.

2. Os servicios de recollida de residuos especiais faranse cargo de retirar os materiais especificados como tales no capítulo de clasificación de residuos.

Artigo 212.- Obrigas dos usuarios.

No suposto de que o usuario opte por acollerse ó servicio de recollida municipal, deberá entregar os residuos a que se refire este capítulo nas condicións sinaladas a partir da Sección 2.

SECCIÓN 2.- ALIMENTOS E PRODUCTOS CADUCADOS.

Artigo 213.- Artigos caducados.

Os donos de establecementos comerciais que tivesen que desprenderse de alimentos e/ou produtos caducados están obrigados a entregar tales desfeitos ó Concello, proporcionando canta información sexa necesaria a fin de efectuar unha correcta eliminación e solicitando a este a que estimen necesaria.

Artigo 214.- Mobles e aparellos inservibles.

Os particulares que desexen desprenderse de mobles ou aparellos inservibles (colchóns, electrodomésticos, etc.) poderán solicitarllo ós servicios municipais, acordando previamente os detalles da recollida. Queda prohibido o abandono deste tipo de residuos na vía pública.

SECCIÓN 3.- VEHÍCULOS ABANDONADOS.**Artigo 215.- Situación de abandono.**

O Concello asume a propiedade sobre os vehículos abandonados, nos casos seguintes:

- cando, a xuízo dos servicios municipais, as condicións do vehículo fagan presumir abandono e se cumprisen os prazos e disposicións legais establecidas. Entenderanse abandonados aqueles vehículos, ou os seus restos, que polos seus sinais exteriores non sexan aptos para circular por carecer dalgún dos elementos necesarios ou que, aínda contando aparentemente coa totalidade destes elementos, tanto os seus evidentes sinais de deterioración coma o tempo de permanencia en idéntica posición de estacionamento, permitan presumi-la mesma situación de abandono.

- cando o propietario o declare residual, renunciando á súa propiedade en favor do Concello;

- exclúense da consideración de abandonados os vehículos sobre os que recaia orde xudicial, coñecida polo Concello, para que permanezan na mesma situación. A autoridade municipal poderá obter-la adopción de medidas verbo do ornato urbano.

Artigo 216.- Notificacións.

1. Denunciada ou comprobada de oficio a situación de abandono, o Concello deberá notificarlle ó seu titular a situación na que se atopa o vehículo, na forma que dispón a Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ben deixando o vehículo provisionalmente no lugar en que se atopa, colocando pegatinas ou sinais distintivos, ou retiralo da vía pública conducíndoo ó depósito Municipal.

2. Na notificación, solicitaráselle ó titular que manifieste se deixa o vehículo a disposición do Concello, que adquirirá a súa propiedade, ou ben opta por facerse cargo do mesmo para a súa eliminación, apercibíndoo de que, transcorridos 15 días naturais sen que o titular comunique a súa decisión, entenderase que opta pola primeira das posibilidades. Se se descoñece o propietario, a notificación farase por edictos na forma ordenada legalmente. Os propietarios de vehículos que opten por facerse cargo dos mesmos, deberán soportar os gastos de recollida, transporte, depósito e, no seu caso, eliminación.

3. No seu caso, os servizos municipais poderán retirar os vehículos situados na vía pública ou terreos adxacentes e espazos libres públicos, sempre que, polos seus signos exteriores, tempo que permaneceran na mesma situación ou outras circunstancias, poidan considerarse residuos sólidos urbanos como consecuencia da situación de abandono.

Artigo 217.- Procedemento.

1. Queda prohibido o abandono de vehículos fóra de uso na vía pública. Os seus propietarios son responsables da recollida e eliminación dos seus restos.

2. Quen voluntariamente desexe desprenderse dun vehículo pode solicitarllo ó Concello mediante escrito ó que xuntarán a documentación e a baixa relativa ó mesmo. Os gastos de recollida e transporte serán por conta do interesado.

SECCIÓN 4.- ANIMAIS MORTOS.

Artigo 218.- Servicio municipal.

1. As persoas ou entidades que necesiten desprenderse de animais mortos poderán facelo a través do servicio municipal competente, que procederá á súa recollida, transporte e eliminación.

2. O disposto no parágrafo anterior non será aplicable no caso de explotacións gandeiras ou industriais, nin no suposto de équidos para uso deportivo ou de ocio e lecer.

Artigo 219.- Prohibición.

1. Prohíbese o abandono de cadáveres de animais de toda especie nos lixos domiciliarios, en calquera clase de terreos, así como guindalos ós ríos, sumidoiros ou rede de sumidoiros e, igualmente, enterralos ou inhumalos en terreos de propiedade pública.

2. A sanción por incumprimento desta norma será independente das responsabilidades que estean previstas na normativa de orde sanitaria.

Artigo 220.- Obrigas dos propietarios.

A eliminación de animais mortos non exime ós propietarios, en ningún caso, da obriga de comunica-la baixa do animal e as causas da súa morte, cando así veña establecido en ordenanzas ou regulamentos municipais sobre tenza de animais.

Artigo 221.- Aviso.

Quen observe a presenza dun animal morto pode comunicar tal circunstancia ó servicio municipal competente, a fin de proceder á retirada do cadáver nas condicións hixiénicas necesarias para tal operación.

CAPÍTULO 7.- OUTROS RESIDUOS.

SECCIÓN 1.- DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 222.- Xeneralidades.

1. Os residuos que, pola súa natureza, volume ou procedencia non sexan asimilables ós residuos domiciliarios, sanitarios, comerciais ou industriais requirirán unha recollida, transporte e tratamento específico.

2. Terán esta consideración os que, procedendo de actividades domiciliarias, sanitarias, industriais ou comerciais, presenten condicións particulares que aconsellen un tratamento diferenciado, tales como os provenientes da limpeza e de detritos de mercados, feiras e prazas de touros. Inclúense neste epígrafe os residuos provenientes de matadoiros.

Artigo 223.- Obrigas.

Os propietarios e responsables deste tipo de residuos están obrigados a respecta-las condicións de hixiene, salubridade e estética, así como o prescrito neste Título e cantas outras disposicións sexan de aplicación.

SECCIÓN 2.- RESTOS DE XARDINERÍA.

Artigo 224.- Xeneralidades.

Os propietarios e responsables de áreas axardinadas están obrigados a recoller e eliminar polos seus propios medios os restos de xardinería. Estes non poderán colocarse sobre a vía pública e, en caso de manterse a granel, deberán depositarse en bolsas ou depósitos axeitados, respectando a estética do contorno.

SECCIÓN 3.- TERRAS E ENTULLOS.

Artigo 225.- Aplicación.

Regúlanse as operacións seguintes:

- a carga, transporte, almacenaxe e vertido dos materiais cualificados como terras e entullos, no artigo 187;
- a instalación na vía pública de contedores destinados á súa recollida e transporte.

Artigo 226.- Producción, transporte e descarga.

A concesión de licencia de obras levará aparellada a autorización para:

- producir terras e entullos;
- transportar terras e entullos pola cidade;
- descargar ditos materiais nos vertedoiros.

Artigo 227.- Entrega de entullos.

Os produtores de entullos poderán desprenderse destes do seguinte xeito:

- para volumes a entrega diaria dos cales sexa inferior a vintecinco litros: utilizando o servizo normal de recollida domiciliaria de lixos;
- para volumes inferiores a un metro cúbico e embolsados en sacos: nos contedores ou instalacións determinados especificamente polo Concello;
- para volumes superiores a un metro cúbico poderase:

* asumir directamente a súa recollida e transporte a vertedoiro autorizado, ou

* contratar con terceiros debidamente autorizados a utilización de contedores de obras para o seu uso exclusivo.

Artigo 228.- Obras na vía pública.

Os responsables de obras na vía pública, cun volume de terras e entullos inferior a un metro cúbico, están obrigados a retiralos dentro das corenta e oito horas despois de rematada a obra. En tanto non se produza a súa retirada, deberán limpar diariamente a área afectada e mante-los residuos illados do solo, de tal forma que non se entorpeza nin poña en perigo a circulación de vehículos e peóns.

Artigo 229.- Prohibicións.

No que respecta á produción e vertido de terras e entullos, prohibese:

- O vertido en terreos públicos que non fosen expresamente autorizados para tal finalidade;
- O vertido en terreos de propiedade particular, aínda cando se dispoña de autorización expresa do titular, se, a xuízo dos servicios municipais, o vertido prexudica elementos constitutivos da paisaxe ou implica un risco ambiental;
- A utilización, sen permiso expreso dos servicios municipais competentes, de terras e entullos para obras de recheo, equilibrado de ribazos e calquera outra que puidese levarse a cabo en terreos privados ou públicos.

Artigo 230.- Contedores para obras.

1. Para os efectos deste Título, enténdese por "contedores para obras" aqueles recipientes metálicos ou doutro material resistente e incombustible, de tipos e dimensións normalizadas internacionalmente, especialmente deseñados con dispositivos para a súa carga e descarga mecánica sobre vehículos especiais de transporte, destinados a depósito de materiais de toda clase ou recollida de terras ou entullos procedentes de estruturas en construción ou demolición de obras públicas ou edificios. Son de uso obrigatorio en obras

con produccion de residuos superiores a un metro cúbico.

2. Quedan exceptuados os contedores pertencentes ó servizo de limpeza e os de recuperacion do vidro.

Artigo 231.- Autorización municipal.

A actividade de alugueiro e o uso de contedores para obras está suxeita a autorización municipal e só poderán ser usados polos titulares da mesma. Así mesmo, será obxecto de previa licencia a localización concreta de cada contedor.

Artigo 232.- Requisitos dos contedores.

1. Os contedores poderán ser de dous tipos:

- normal: de sección lonxitudinal trapezoidal e parámetros lonxitudinais verticais. As súas dimensións máximas serán de cinco (5) metros de lonxitude na súa base superior, dous (2) metros de largo e un metro e medio (1,5) de altura;

- especial: de parámetros verticais e dimensións máximas en planta, de sete metros e medio (7,5) de lonxitude e dous (2) metros de largo.

2. Deberán estar identificados cunha chapa metálica (matrícula) suficientemente resistente, na que conste o nome da empresa ou sociedade e a súa numeración colocada en lugar visible. Nos ángulos superiores deberán ter unha franxa reflectante de 40 x 10 centímetros, en cada un dos oito lados, manténdoa sempre en perfecto estado de limpeza, conservación e óptimas condicións de visibilidade.

3. Malia o disposto no parágrafo primeiro, o Alcalde, cando razóns xustificadas así o aconsellen, poderá determinar outras dimensións e características dos contedores, o que se dará a coñecer oportunamente ás persoas interesadas.

Artigo 233.- Normas de colocación.

1. Os contedores situaranse, se for isto posible, no interior da zona valada de obras, e neste caso non lle xerarán declaración ó Concello.

2. Poderán situarse en calzadas onde estea permitido o estacionamento, nas beirarrúas con tres ou máis metros de largo e en calquera outra localización que cumpra cos requisitos de paso establecidos nestas normas de colocación.

3. Preferentemente, situaranse fronte á obra á que sirvan, ou o máis próximo posible, e de xeito que non impidan a visibilidade ós vehículos, especialmente nos cruzamentos, respectando as distancias establecidas polo Código da Circulación para os efectos de estacionamento.

4. Deberán colocarse de forma que o seu lado máis longo estea situado en sentido paralelo á beirarrúa, excepto naqueles tramos que teñan estacionamento en batería. Cando se atopen na calzada deberán situarse a vinte centímetros do bordo e en ningún caso poderán sobresaír deste, todo de xeito que non impidan a libre circulación das augas superficiais.

5. Non poderán situarse nos pasos de peóns, nin fronte a estes, nin nos vaos, nin nas reservas de estacionamento. En ningún caso poderán colocarse, total ou parcialmente, sobre as tapas de accesos de servizos públicos, sobre as gabias das árbores nin, en xeral, sobre calquera elemento urbanístico ou estético que poida dificultar a súa utilización normal ou en casos de emerxencia.

6. Tampouco poderán situarse sobre as beirarrúas a amplitude das cales, unha vez deducido o espazo ocupado polos valos no seu caso, non permita unha zona libre de paso dun metro como mínimo unha vez colocado o contedor. Tampouco poderán situarse nas calzadas, cando o espazo que quede libre en vías dun só sentido de marcha sexa inferior a 2,75 metros, ou en vías de dobre sentido de marcha sexa inferior a 6 metros. Non se poderán instalar contedores nas rúas de largura menor a catro metros, nin nas beirarrúas, nin na calzada.

Artigo 234.- Normas de utilización, obrigas e responsabilidades.

1. A instalación e retirada de contedores para obras realizarase sen causar molestias.

2. Unha vez cheos, deberán taparse con lonas ou lenzos de materiais apropiados, de xeito que queden totalmente cubertos, evitando vertidos de materiais residuais ou dispersións por acción do vento. Igualmente, é obrigatorio tapa-los contedores cada vez que remate o horario de traballo.

3. O titular da licencia será responsable dos danos causados ó pavimento da vía pública e demais elementos estruturais e de ornato da cidade, danos a terceiros e, en xeral, polo especificado nas prohibicións verbo da produción e vertido de terras e entullos. Está obrigado a retirar en calquera momento, e sempre que sexa requirido pola autoridade municipal, as terras e entullos vertidos en lugares non autorizados.

4. O material depositado nos contedores non poderá excede-lo nivel de enchido autorizado segundo o seu tipo, a fin de asegura-lo transporte en condicións de seguridade. Tampouco se poderán colocar elementos adicionais que aumenten as súas dimensións ou capacidade.

5. No se poderán verter entullos ou materiais que conteñan elementos inflamables, explosivos, nocivos, perigosos, susceptibles de putrefacción, ou de emitir cheiros desagradables ou que, por calquera outra causa, poidan constituírse en insalubres, molestos, nocivos, incómodos, perigosos ou inseguros para os usuarios da vía pública, veciños ou para a protección e estética do ambiente onde estean localizados.

6. Para unha mesma obra non se empregará simultaneamente máis dun contedor. O retirarse o que se utilizara, deberá deixarse en perfecto estado de limpeza, orde e estética a superficie da vía pública e as áreas circundantes que fosen afectadas polo seu uso.

7. Esixirase para certas localizacións, e estará especificado na licencia correspondente, que, ó anoitecer -e, especificamente, cando se poña en funcionamento o servizo de iluminación pública-, se acendan lámpadas vermellas durante toda a noite e horas de escasa luz natural nas esquinas do contedor.

8. Os servicios municipais poderán proceder á limpeza da vía afectada e á retirada de terras e entullos, imputándoselles ós responsables os custos correspondentes ó servizo prestado, isto sen prexuízo da sanción correspondente. Serán responsables subsidiarios os empresarios e promotores de obras e traballos que orixinasen o transporte destes materiais.

Artigo 235.- Normas de retirada.

1. En todo momento, cumpriranse as condicións esixidas para o transporte en camión, cubrindo a carga para evitar que os materiais poidan dispersarse, asegurándoa se existe risco de caída e cumprindo, en xeral, as prescricións establecidas previstas no Código de Circulación. Se a retirada se efectuase en horas nocturnas ou de escasa visibilidade natural, o sinal deberá ser reflectante.

2. A empresa transportista disporá, como máximo, de corenta e oito horas para retira-los contedores cheos. A requirimento da administración municipal retiraranse no prazo máximo de seis horas hábiles.

3. En caso de terse producido algunha deterioración no pavimento, no mobiliario urbano ou nalgunha árbore ou elemento de estética, deberá comunicárselle inmediatamente á Administración, dando os datos da empresa transportista, a usuaria do contedor, o lugar e calquera outra circunstancia.

Artigo 236.- Tempo de ocupación.

O tempo máximo de ocupación dun contedor na vía pública é de dez días, salvo naqueles casos que exista permiso especial ou cando o Concello, para algunha zona do municipio, establece limitacións por circunstancias singulares.

Artigo 237.- Autorizacións.

1. Para a obtención de autorización, esíxense os requisitos seguintes:

- solicitude ó Concello, por parte da empresa

transportista, para establecer contedores na vía pública, presentando licencia fiscal, tarxeta de transporte, memoria da empresa e seguro de responsabilidade civil ilimitado;

- requirirán autorización especial os contedores que se pretendan instalar en zonas diferentes de calzadas, onde estea permitido o aparcamento, ou nas beirarrúas con tres ou máis metros de largo e, en caso das obras ou traballos que impliquen un uso continuo e prolongado de contedores por máis de dez días.

2. Os servicios municipais dictarán cantas instrucións sexan precisas para a aplicación deste Título.

3. Os contedores situados no interior acoutado das zonas de obras da vía pública, ou no interior dos inmobles, non precisan declaración do Concello, debendo axustarse as características de utilización e transporte ás demais prescricións do presente Título.

CAPÍTULO 8.- RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS

Artigo 238.- Recollida selectiva.

1. Para os efectos do presente Título, considérase selectiva a recollida por separado de materiais residuais específicos contidos exclusivamente en residuos domiciliarios, industriais e especiais.

2. Estas recollidas poderán levalas a cabo directamente os servicios municipais ou terceiros, que previamente foran autorizados polo Concello.

3. En caso de ser establecidos programas concretos de recollida selectiva polos servicios municipais, os cidadáns coidarán de prestar a tales programas a cooperación necesaria segundo as instrucións municipais.

4. Os titulares de instalacións hosteleiras e demais centros produtores deste tipo de residuos, virán obrigados a efectuar eles mesmos a separación previa (en orixe) dos residuos, antes da recollida nos casos a que

se refire o epígrafe anterior, seguindo as instrucións que oportunamente impartan os servizos municipais.

Artigo 239.- Órgano competente.

O Concello poderá levar a cabo tantas experiencias e actividades en materia de recollida selectiva teña por convenientes, introducindo, para o efecto, as modificacións necesarias nos servizos municipais. Os servizos municipais informarán ós cidadáns das condicións e modalidades da prestación deste servizo.

Artigo 240.- Servizos de recollida selectiva.

O Concello poderá establecer servizos de recollida selectiva de:

- mobles, aparellos e trastes vellos;
- vidros;
- papel e cartón;
- colchóns, farrapos e febras en xeral.
- pilas secas.

Artigo 241.- Contedores para recollidas selectivas.

1. Os contedores colocados para recollidas selectivas quedan exclusivamente reservados para a prestación de tal servizo. Prohíbese depositar en ditos contedores residuos distintos ós expresamente indicados en cada caso.

2. Os servizos municipais informarán ós cidadáns das condicións e modalidades de prestación dos servizos de recollidas selectivas.

3. Por razóns de seguridade, salubridade e hixiene, prohíbese a recollida de residuos depositados nestes contedores.

CAPÍTULO 9.- INSTALACIONES FIXAS PARA A RECOLLIDA DE RESIDUOS.

Artigo 242.- Cuartos do lixo.

1. Os edificios para vivendas, industrias, comercios, centros sanitarios e demais establecementos de nova edificación disporán dun cuarto para o lixo coas dimensións especificadas neste Título, destinado exclusivamente ó almacenamento dos lixos producidos a cotío. Exceptúanse desta obriga os edificios con menos de oito vivendas e establecementos comerciais de superficie inferior a douscentos metros cadrados.

2. Nos edificios para vivendas, o cuarto do lixo estará situado preto do portal, con saída polo mesmo ou polo garaxe á rúa. Así mesmo, deberá estar dotado de:

- Portas de largo superior a 1,2 metros;
- Sumidoiro para augueiro das augas de lavado;
- Billas de auga corrente con mangas de rega que permitan o lavado doado e directo do local;
- Puntos de luz abondos para a iluminación, con interruptores xunto a cada unha das portas de acceso;
- Chans totalmente impermeables, con lixeira pendente cara ós sumidoiros;
- Tódalas paredes deberán ser impermeables e lavables, para o cal estarán revocadas nunha altura mínima de dous metros con azulexo ou masa de cemento;
- Ventilación natural ou forzada, que non poderá realizarse, en ningún caso, a través das chemineas de ventilación dos aseos e cuartos de baño.

3. Nas edificacións construídas con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza, habilitarase o espacio para lixos, se as condicións de prestación do servizo o esixisen.

4. O almacenamento de residuos no cuarto de lixos farase mediante o uso de elementos de contención estancos e pechados. Tanto o cuarto para lixos coma os elementos de contención deberán manterse en perfectas condicións de hixiene, limpeza, seguridade e salubridade.

5. Nos centros sanitarios, ademais dos requisitos expresados anteriormente, os cuartos de lixos disporán de:

- Paredes totalmente azulexadas ata o teito;
- A intersección dos parámetros verticais co chan efectuarase de forma curva e non en ángulo recto;
- Ventilación forzada.

6. Nos mercados e galerías de alimentación, os cuartos do lixos cumprirán os seguintes requisitos:

- Localización na plataforma de carga;
- Altura mínima: catro metros;
- Portas: con acceso directo á vía pública, de tres metros de largo.

Os mercados centrais, polas súas características especiais, deberán coordinar cos servicios municipais a recollida e eliminación dos residuos producidos.

Artigo 243.- Dimensións.

A dimensión dos cuartos do lixo será:

- en vivendas de 0,05 a 0,07 metros cadrados por habitante, cun mínimo de tres metros cadrados;
- en edificios comerciais e industriais, como mínimo catro metros cadrados, sendo suficiente a súa dimensión para albergar-la produción cotiá de lixo;
- en mercados de 0,6 a 0,9 metros cadrados por

posto, cun mínimo de seis metros cadrados;

- en centros comerciais, como mínimo de 4 metros cadrados, sendo suficiente a súa dimensión para albergar-la produción diaria de lixos;

- en centros sanitarios, como mínimo 4 metros e ventilación forzada.

Artigo 244.- Prohibicións.

1. Os particulares non poderán evacuar ningún tipo de residuo sólido nos rexistros públicos da rede de sumidoiros.

2. Prohíbese a instalación de trituradores domésticos que evacúen os produtos á rede de saneamento.

Artigo 245.- Incineración.

A instalación de incineradores domésticos ou industriais para lixos, ou a utilización de instalacións destinadas a aumenta-la densidade dos residuos, serán de uso restrinxido, precisándose en tódolos casos a pertinente autorización municipal.

CAPÍTULO 10.- INFRACCIÓNES.

Artigo 246.- Tipificación de infraccións.

1. As infraccións clasifícanse en:

- **leves:** cando a conducta sancionada afecte ás operacións de recollida de residuos;

- **graves:** cando a conducta sancionada se refira a reincidencia en faltas leves ou alteracións ambientais que afecten á integridade física de terceiros e/ou á seguridade e salubridade pública;

- **moi graves:** as que orixinen situacións de degradación ambiental con alto risco para as persoas e bens en xeral.

2. Será considerado reincidente quen incorrese nunha infracción do mesmo tipo que sexa firme ó tempo de iniciarse o expediente sancionador.

TÍTULO VI.- NORMAS PARTICULARES RELATIVAS Á PROTECCIÓN DE ESPACIOS NATURAIS, PARQUES, XARDÍNS, ARBOREDO URBANO E LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA.

CAPÍTULO 1.- ESPACIOS NATURAIS.

SECCIÓN 1.- NORMAS XERAIS.

Artigo 247.- Obxecto.

O presente capítulo ten por obxecto garanti-lo bo estado dos montes e, por finalidade, regula-la actividade municipal como xestora dos beneficios sociais, ecolóxicos e paisaxísticos que reporta o ordenado aproveitamento dos montes.

Artigo 248.- Inventario.

Os montes pertencentes ó Concello de Lugo, independentemente do seu carácter público ou patrimonial, poderán ser obxecto dun inventario especial co obxecto de que a súa utilización, xestión e réxime de protección se acomoden á lexislación sectorial correspondente e ós instrumentos de ordenación do territorio aprobado.

Artigo 249.- Tratamento de masas forestais con valor ecolóxico.

1. As masas forestais que contribúan á conservación e mellora dun Espacio Natural Protexido (E.N.P.) e estean incluídas dentro dos límites do mesmo ou da súa zona periférica de protección poderán ser obxecto de plans específicos de mellora pola administración municipal, polos seus propios medios ou pola vía da sinatura de acordos ou convenios coas administracións responsables da súa tutela.

2. A mesma posibilidade caberá verbo de masas

forestais que constitúan hábitat de especies ameazadas ou en risco de estalo.

Artigo 250.- Zonas de influencia socio-económica.

Son zonas de influencia socio-económica, de acordo á lexislación xeral, a superficie abrangida por termo municipal que ten unha parte ou a totalidade do seu territorio incluído nos límites dun espacio natural protexido e/ou a súa zona periférica de protección. Nestas zonas, os servicios municipais competentes coidarán de canaliza-los intereses da poboación en xeral, dos propietarios dos terreos afectados e das asociacións que teñan por fin a conservación da Natureza, a fin de poder solicitar, de común e previo acordo, a inclusión de proxectos nos programas de melloras da zona.

Artigo 251.- Patronatos.

Os Patronatos de Espacios Naturais Protexidos que configuran para os municipios a lexislación vixente poderán crea-la figura dun xerente que aporte especificamente á dirección do E.N.P. de que se trate, o punto de vista relativo ó desenvolvemento socio-económico da zona, na óptica de preservación, conservación e desenvolvemento dos valores ecolóxicos que teñan sido causa de declaración do E.N.P. en cuestión.

Artigo 252.- Licencias.

Estarán sometidas a licencia municipal as actividades silvícolas e mailos traballos en xeral relacionados dunha ou doutra maneira coa conservación, explotación ou rexeneración das masas forestais, en terreos de titularidade pública ou privada. Tales licencias poderán ser denegadas se a metodoloxía, materiais, maquinaria, época ou calquera outra circunstancia relacionada cos traballos que se van emprender non respectan, no referente a actividades de repoboación, as condicións do Anexo VI.1.

SECCIÓN 2.- PLANS. ÁREAS RECREATIVAS.

Artigo 253.- Plans técnicos de ordenación.

1. Os montes mencionados no artigo 260 poderán ser obxecto de ordenación municipal mediante o correspondente plan técnico.

2. O Concello, nos casos en que a masa forestal sexa elemento esencial do espazo natural protexido ou se constitúa nun hábitat ameazado ou de especies ameazadas, poderá limitar, regular ou incluso prohibir determinados aproveitamentos, ou estimular outros, establecendo a tal fin as indemnizacións e compensacións oportunas ós seus propietarios ou titulares.

Artigo 254.- Plans de mellora.

De acordo co artigo 250, e dende o punto de vista municipal, os programas de mellora estarán orientados a incrementa-la calidade de vida dos habitantes da zona mediante investimentos en obras, traballos e proxectos incluídos dentro do programa, primando os que contribúan á integración do home e mailas súas actividades no mesmo.

Artigo 255.- Usos recreativos do monte.

1. Os montes municipais cumprirán unha función compatible co lecer e co uso recreativo por parte da poboación.

2. Os servizos municipais poderán determinar con carácter anual, en función das variables que afectasen ó estado do monte, os seguintes aspectos:

a) que itinerarios e lugares poden non estar habilitados para o acceso de vehículos a motor;

b) en que zonas e baixo que condicións será posible a acampada libre;

c) en que lugares e baixo que condicións poderán practicarse actividades deportivas ou excursionistas, podendo interromper estas en calquera caso se as condicións do monte e os seus valores naturais o aconsellan.

Artigo 256.- Zonas recreativas.

Os servicios municipais competentes poderán habilitar, nas zonas de monte da súa propiedade ou baixo a súa xestión, zonas recreativas especialmente concibidas para a afluencia de visitantes. Nas mesmas, serán de aplicación os preceptos relativos a mobiliario urbano do Capítulo 3 do presente Título.

Artigo 257.- Prohibicións.

Quedan prohibidas de maneira expresa as seguintes accións:

- a) acender lume fóra dos lugares e datas autorizados;
- b) acampar fóra dos lugares e datas autorizados;
- c) a emisión de ruídos que perturben a tranquilidade da fauna silvestre;
- d) a instalación de publicidade sen previa autorización;
- e) a circulación fóra dos lugares e datas autorizadas;
- f) o abandono de lixo ou desperdicios fóra do lugar indicado;
- g) causar molestias ós animais ou destruír de calquera xeito a vexetación, estean catalogadas ou non as especies vexetais ou animais;
- h) utilización de produtos químicos, substancias biolóxicas, realización de vertidos ou derramamento de residuos que alteren as condicións ecolóxicas destas zonas.

SECCIÓN 3.-INCENDIOS.

Artigo 258.- Medidas preventivas.

A poboación colaborará na medida das súas posibilidades co servizo municipal competente, co fin de levar a cabo as medidas precautorias anti-incendios que a lexislación sinala, tales como a limpeza de vexetación en gabias e zonas de servidume, así como nas faixas perimetrais de protección que se determinen en torno a vivendas, industrias, e outras edificacións, e a instalación dos depósitos de seguridade que os servizos municipais estimen necesarios.

Artigo 259.- Participación cidadá.

1. Será obrigatorio para a totalidade dos cidadáns de idades comprendidas entre os dezaioito e os sesenta anos participar nas mobilizacións que, en caso de incendio forestal, convoquen os servizos municipais competentes ou as forzas de orde pública ou Protección Civil que actúen en colaboración con aquel.

2. Os cidadáns respectarán co máximo celo as medidas limitatorias de uso do monte que, tras un incendio forestal, puidese determina-la autoridade competente con fins de reconstrucción do patrimonio forestal.

SECCIÓN 4.- RIBEIRAS E ZONAS DE MONTAÑA.**Artigo 260.- Montes afectados por Espacios Naturais Protexidos.**

Os montes municipais ou adscritos a xestión municipal incluídos nun Espacio Natural Protexido ou na súa zona periférica de protección, ou que sexan hábitat poboado de especies de flora e fauna silvestres catalogadas como en perigo de extinción ou ameazadas, tenderán a ser, se non o estivesen, incluídos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública a través de solicitude municipal expresa.

Artigo 261.- Ribeiras e cursos de agua.

1. Non se concederán licencias municipais, en ningún caso, que impliquen a decrúa das ribeiras, aínda que se trate de instalar cultivos agrícolas ou forestais.

2. Serán evitadas as canalizacións dos ríos ou regatos, respectando a vexetación natural e fomentando no posible a súa recuperación.

3. Do mesmo xeito, evítaranse as operacións de dragado de ríos, en especial no caso de ríos de marcada estiaxe.

4. Todo o precedente axústase ás determinacións da lexislación vixente en materia de augas.

Artigo 262.- Zonas de montaña.

As ordenanzas de uso do solo previstas no artigo 26 da Lei 25/82, sobre Zonas de Alta Montaña, poderán ser completadas anualmente polos servizos municipais mediante o establecemento, no termo municipal, de medidas relativas a:

a) modificación de usos do solo;

b) técnicas concretas en tarefas agrícolas e gandeiras, con especial atención á utilización de produtos químicos ou perigosos;

c) limitacións á recollida de elementos vexetais ou xeolóxicos da zona, aínda non estando incluídos nos aproveitamentos.

CAPÍTULO 2.- PARQUES, XARDÍNS E ARBOREDO URBANO.

SECCIÓN 1.- NORMAS XERAIS.

Artigo 263.- Obxecto.

É obxecto deste capítulo a promoción, conservación, uso e goce das distintas zonas verdes e elementos vexetais do termo municipal, tanto públicas como

privadas, que pola súa importancia sobre o equilibrio ecolóxico do medio natural e calidade de vida dos cidadáns, así o aconsellen.

Artigo 264.- Creación de zonas verdes.

1. As zonas verdes ou axardinadas poderán crearse por iniciativa pública ou privada. Os promotores de proxectos de urbanización que executen o planeamento deben, sen excepción, incluír neles un parcial de xardinería, se estivese prevista a súa existencia, no que se describan, deseñen e valoren detalladamente tódalas obras, instalacións e plantacións que integren as zonas verdes ou axardinadas e as árbores preexistentes ou a plantar.

2. Os promotores de proxectos a que se refire o parágrafo anterior deberán entregarlle ó municipio, cos planos auxiliares do proxecto, un que reflecta, coa maior exactitude posible, o estado dos terreos a urbanizar, situando no mesmo tódalas árbores e plantas, con expresión da súa especie.

3. Os proxectos parciais de xardinería, ós que se refire o presente artigo, contarán, como elementos vexetais, con plantas, árbores e arbustos, preferentemente propios da zona e adaptados ás condicións de climatoloxía e solo.

Artigo 265.- Protección a vexetais no ordenamento urbanístico.

Os promotores de proxectos de ordenación urbanística procurarán o máximo respecto ás árbores e plantas existentes, e as que teñan que suprimirse forzosamente serán repostas noutro lugar, a fin de minimiza-los danos ó patrimonio vexetal do municipio.

Artigo 266.- Calificación de bens de dominio e uso público.

1. Os lugares e zonas a que se refire o presente capítulo, terán cualificación de bens de dominio e uso público e non poderán ser obxecto de privatización de uso

en actos organizados que, pola súa finalidade, contido, características e fundamento supoñan a utilización de tales recintos con fins particulares, en detrimento da súa propia natureza e destino.

2. Sen embargo, e en caso de autorizarse actos públicos en ditos lugares, os organizadores responsables deberán toma-las medidas necesarias para que non se cause prexuízo ás plantas, árbores e mobiliario urbano. As autorizacións terán que ser solicitadas coa antelación suficiente, para que poidan adoptarse as medidas precautorias necesarias e requiri-las garantías suficientes.

Artigo 267.- Conducta a observar.

Os usuarios de zonas verdes e do mobiliario instalado nas mesmas deben cumprí-las instrucións que, sobre a súa utilización, figuren nos indicadores, rótulos ou sinais. En calquera caso, deben atende-las indicacións que formulen os axentes da Policía Municipal ou o persoal de parques e xardíns.

Artigo 268.- Animais en zonas verdes.

As autoridades municipais poderán restrinxir ó máximo a presenza de animais nas zonas verdes, mantidos alí artificialmente con obxecto recreativo ou de exhibición. Procurarase deseña-las zonas verdes, por parte dos servicios competentes, de maneira que, polos seus propios elementos e características, atraian de modo natural ás aves e outras especies silvestres.

SECCIÓN 2.- CONSERVACIÓN DE EXEMPLARES VEXETAIS.

Artigo 269.- Inventario.

Por parte dos servicios municipais competentes poderase proceder a inventaria-los exemplares vexetais sobresaíntes do municipio, en especial no referente á creación do Catálogo municipal de árbores singulares. Os

exemplares vexetais obxecto de inventario irán acompañados na súa inscrición da súa localización exacta, o seu réxime de propiedade e o estado en que se atopasen na data da inscrición.

Artigo 270.- Actos sometidos a licencia ou autorización municipal.

Serán actos sometidos a licencia ou autorización municipal, para a boa conservación e mantemento das diferentes zonas verdes urbanas, os seguintes:

- a) Tronchar ou abater árbores situadas en espazos públicos ou en terreos privados, inscritos nos catálogos a que fai referencia o artigo anterior.
- b) Utiliza-las zonas verdes para usos distintos ós da súa natureza recreativa e de lecer.
- c) Instalar calquera clase de industria, comercio, restaurante ou posto de bebidas, refrescos, xeados ou produtos análogos, que requiran outorgamento previo de concesión administrativa, conforme ó establecido na normativa de aplicación.

Artigo 271.- Obrigas.

1. Os propietarios de zonas verdes aínda non cedidas ó Concello e as entidades urbanísticas colaboradoras están obrigados a mantelas en bo estado de conservación, limpeza e ornato.

2. Igualmente, están obrigados a realiza-los axeitados tratamentos fitosanitarios preventivos, dando conta ó Concello do tipo de tratamento e dos produtos a utilizar.

3. O arboredo poderá ser podado na medida que sexa necesario para contrarresta-lo ataque de enfermidades, ou cando exista perigo de caída de ramas ou contacto con infraestructuras de servicio.

Artigo 272.- Prohibicións.

Con carácter xeral, quedan prohibidas as seguintes actividades:

- a) Pisar, destruír ou altera-las plantacións de calquera clase, exceptuando os lugares nos que expresamente quede permitido o tránsito.
- b) Cortar flores, plantas ou frutos sen a autorización correspondente.
- c) Tronzar ou podar árbores sen autorización expresa.
- d) Botar en zonas verdes lixo, papeis, plásticos e calquera outra clase de residuo.
- e) Danar ou molestar á fauna presente nas zonas verdes ou asociada ós elementos vexetais.
- f) Acender lume, calquera que sexa o motivo, nos lugares non autorizados expresamente ou sen instalacións axeitadas para iso.
- g) Facer probas ou exercicios de tiro para practicar puntería, acender petardos ou fogos de artificio.
- h) Non controlar, por parte dos seus donos, os movementos e actitudes dos animais domésticos.
- i) Aclarar, arrincar ou partir árbores, pelar ou arrinca-las súas cortizas, cravar puntas, atar ós mesmos arrandeadoiros, escaleiras, ferramentas, cables, postes, soportes de estadas, ciclomotores, bicicletas, carteis ou calquera elemento rubideiro ou subir ós mesmos.
- j) Depositar, aínda en forma transitoria, materiais de obra, sobre as gabias das árbores, ou verquer neles calquera clase de produto.
- k) En xeral, calquera actividade que poida derivar en danos ós xardíns, animais,

elementos de xogo ou mobiliario urbano.

Artigo 273.- Gabias.

1. Nas beirarrúas de largura superior a dous metros e medio, as gabias nunca serán inferiores a 0,80 x 0,80 metros para posibilita-la recollida das augas, tanto de rego coma pluviais.

2. Nas beirarrúas de largura inferior, para a plantación de árbores de porte pequeno, a dimensión mínima será de 0,60 x 0,60 metros.

3. Os vaos das gabias deberán estar ó mesmo nivel cá beirarrúa para facilita-la recollida de augas pluviais e evitar accidentes peonais.

SECCIÓN 3.- OBRAS PÚBLICAS E PROTECCIÓN DO ARBOREDO.

Artigo 274.- Protección das árbores fronte a obras públicas.

En calquera obra ou traballo público ou privado que se desenvolva no termo municipal e no que as operacións das obras ou paso de vehículos e máquinas se realicen en terreos próximos a algunha árbore existente, previamente ó comenzo dos traballos, ditas árbores deben protexerse ó longo do tronco nunha altura non inferior ós 3 metros dende o solo e en forma indicada polo servizo municipal competente. Estas proteccións serán retiradas unha vez rematada a obra.

Artigo 275.- Condicións técnicas da protección.

1. Cando se abran fochas ou gabias próximas a plantacións de arboredo na vía pública, a escavación non deberá aproximarse ó pé do mesmo máis dunha distancia igual a 5 veces o diámetro da árbore á altura normal (1,20 m.) e, en calquera caso, esta distancia será sempre superior a 0,70 m. En caso de que non fose posible o cumprimento desta norma, requirirase a autorización

municipal antes de comenza-las escavacións, co fin de arbitrar outras posibles medidas correctoras.

2. Naqueles casos en que, durante as escavacións, resulten alcanzadas raíces de grosor superior a 2 cm deberán cortarse ditas raíces de xeito que queden cortes limpos e lisos, cubríndose a continuación con calquera substancia cicatrizante, ou procederase ó seu trasplante en caso de derrubamento de edificios.

3. Salvo urxencia xustificada a xuízo dos servicios municipais competentes, abranse gabias e fochas próximas ó arboredo soamente en época de repouso vexetativo.

4. Cando nunha escavación de calquera tipo resulten afectadas raíces de arboredo, o retapado deberá facerse nun prazo non superior a tres días dende a apertura, procedéndose a continuación á súa rega.

5. Para os efectos de taxación do arboredo para o resarcimento de danos do posible infractor ó disposto nesta Sección, rexerá o establecido no Anexo VI.2.

SECCIÓN 4.- VEHÍCULOS EN ZONAS VERDES.

Artigo 276.- Sinalizacións.

A entrada e/ou circulación de vehículos nos parques e zonas verdes regúlase de maneira específica a través da sinalización instalada para tal efecto nos mesmos.

Artigo 277.- Circulación de bicicletas.

1. As bicicletas poderán circular por paseos, parques e xardíns sen necesidade de autorización expresa, sempre que a afluencia de público o permita e non causen molestias ós demais usuarios da zona verde, e naquelas zonas sinaladas especificamente para tal efecto.

2. A circulación das bicicletas será nestes casos limitada en canto á velocidade, non superando os 10 km/h.

Artigo 278.- Circulación de vehículos de motor.

1. Os vehículos de motor non poderán circular por parques, xardíns ou zonas verdes, salvo os destinados a servizo de quioscos e outras instalacións similares, sempre que o seu peso non sexa superior a dúas toneladas e media, a súa velocidade inferior a 30 km/h e desenvolvan as súas tarefas no horario establecido ó respecto polos servizos competentes.

2. Nas mesmas condicións, permitirase o tránsito dos vehículos ó servizo do Concello e ós seus provedores autorizados, sempre que porten visiblemente o distintivo que os acredite como tales.

Artigo 279.- Circulación de autocares.

Os autocares de turismo, excursións ou colexios, só poderán circular polas zonas sinaladas expresamente con tal fin.

Artigo 280.- Circulación de carros de inválidos.

Os vehículos de inválidos que desenvolvan velocidades non superiores a 10 km/hora poderán circular polos paseos peonais dos parques e xardíns, sen causar molestia ós paseantes.

Artigo 281.- Estacionamento.

Nos parques e xardíns, espazos libres e zonas verdes queda totalmente prohibido estacionar vehículos nas beirarrúas, nos pavimentos, camiños e zonas axardinadas. Queda prohibido o estacionamento nas zonas de acceso e saída de vehículos sinalizadas.

CAPÍTULO 3.- LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA**SECCIÓN 1.- NORMAS XERAIS.**

Artigo 282.- Obxecto.

Este Capítulo ten por obxecto regula-la limpeza na vía pública no referente ó uso polos cidadáns e establece-las medidas preventivas, correctoras e/ou reparadoras orientadas a evita-lo ensuciamiento da mesma.

Artigo 283.- Concepto de vía pública.

1. Considéranse como vía pública e, polo tanto, a súa limpeza de responsabilidade municipal, os paseos, avenidas, rúas, prazas, beirarrúas, camiños, xardíns e zonas verdes, zonas terreñas, pontes, túneles peonais e demais bens de propiedade municipal destinados directamente ó uso común xeral dos cidadáns.

2. Exceptuaranse, polo seu carácter non público, as urbanizacións privadas, pasaxes, patios interiores, soares, galerías comerciais e similares, a limpeza dos cales corresponde ós particulares, sexa a propiedade única, compartida ou en réxime de propiedade horizontal. O Concello exercerá o control da limpeza destes elementos.

Artigo 284.- Prestación do servicio.

O Concello realizará a prestación dos servicios de limpeza da vía pública e a recollida de residuos procedentes das mesmas, mediante os procedementos técnicos e as formas de xestión que en cada momento estime conveniente para os intereses da cidade.

Artigo 285.- Limpeza de elementos de servicios non municipais.

A limpeza de elementos destinados ó servicio do cidadán na vía pública, que non sexan de responsabilidade municipal, corresponderalle ós titulares, xerentes ou administrativos dos respectivos servicios, ó igual cós espazos públicos da cidade a titularidade dos cales corresponda a outros órganos da Administración.

SECCIÓN 2.- ORGANIZACIÓN DA LIMPEZA.

Artigo 286.- Rúas, patios e elementos de dominio particular.

1. A limpeza de rúas e patios de dominio particular será a cargo dos seus propietarios e levarase a cabo diariamente polo persoal dos mesmos.

2. Os patios, portais e escaleiras dos inmobles, así como as marquesiñas e cubertas de cristal, espacios libres e zonas verdes de propiedade particular deberán limparse coa frecuencia necesaria. Esta obriga recaerá sobre quen habite as fincas e, subsidiariamente, sobre os propietarios das mesmas, os cales coidarán de manter en estado de aseo os patios, xardíns e entradas visibles dende a vía pública.

3. Os residuos procedentes das operacións de limpeza que se indican neste artigo depositaranse en papeleiras ou cubos normalizados ata que sexan recollidos polo servizo de limpeza pública.

Artigo 287.- Limpeza viaria a cargo de particulares.

O Concello realizará o servizo de limpeza da vía pública tal e como se recolle no artigo 284. Non obstante, naquelas actividades realizadas polos veciños dunha finca e que supoñan unha clara deterioración do estado da vía pública (ex.: mudanzas, rego de plantas, reparacións da fachada, etc.), serán estes os responsables da limpeza da vía pública afectada.

Artigo 288.- Situacións de emerxencia.

No caso dunha situación de emerxencia: nevadas, inundacións, etc., que afecte á normal actividade da poboación (circulación de vehículos e persoas, escorrentías de auga, etc.), os veciños colaborarán adoptando as medidas necesarias que permitan normaliza-la situación.

Artigo 289.- Retirada de entullos.

As persoas ou entidades que realicen obras na vía pública con motivo de canalizacións ou outras actividades, deben retirar os entullos e sobrantes nas 24 horas seguintes ó remate dos traballos.

Artigo 290.- Limpeza de quioscos ou outras instalacións de venda.

1. Os titulares ou responsables de quioscos ou outras instalacións de venda na vía pública están obrigados a manter limpo o espazo e proximidades que estas ocupen, durante o horario en que realicen a súa actividade, e a deixalo no mesmo estado, unha vez rematada esta.

2. A mesma obriga incumbe a donos de cafés, bares e establecementos análogos en canto á superficie de vía pública que se ocupe con veladores, cadeiras, así como a beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada.

3. Os titulares de actividades susceptibles de xerar residuos que afecten ó estado da limpeza viaria: caixeiros automáticos de bancos situados na vía pública, quioscos ou outras instalacións de venda, serán responsables da instalación e mantemento das papeleiras normalizadas necesarias, previa autorización municipal.

Artigo 291.- Parte visible dos inmobles.

Os propietarios de fincas, vivendas e establecementos están obrigados a manter en estado de limpeza as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública.

Artigo 292.- Operacións de carga e descarga.

Os titulares de establecementos, fronte ós cales se realicen operacións de carga e descarga, deberán proceder, tantas veces for preciso, ó lavado complementario das beirarrúas, para mante-la vía pública nas debidas condicións de limpeza e, así mesmo, sempre que o ordenen os axentes da autoridade municipal.

Artigo 293.- Transporte de terras, entullos ou

carbóns.

1. Os propietarios e conductores de vehículos que transporten terras, carbóns, entullos, materiais pulverulentos, cartóns, papeis ou calquera outra materia similar que, ó estragarse, ensucie a vía pública e que, por conseguinte, poidan ocasionar danos a terceiros, observarán escrupulosamente o establecido na Lei sobre Tráfico, Circulación, Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, R.D.L. 339/94 do 2 de marzo e desenvolvemento regulamentario posterior, acondicionando a carga de xeito que se evite a caída da mesma e adoptando para iso as precaucións que fosen necesarias.

2. En caso de accidente, envorco ou outras circunstancias que orixinen o desprendemento ou derrame da carga na vía pública e poida xerar riscos para a seguridade viaria, os respectivos conductores deberán notifica-lo feito coa máxima urxencia á policía local, que o porá en coñecemento do servizo municipal de limpeza.

Artigo 294.- Limpeza de vehículos.

1. Os vehículos que se utilicen para os traballos que se indican no artigo 293, así como os que se empreguen en obras de escavación, construción de edificios ou outros similares, deberán proceder, ó salir das obras ou lugar de traballo, á limpeza das rodas, de forma que se evite a caída de lama na vía pública.

2. Do mesmo xeito, observarase esta precaución nas obras de derruba de edificacións nas que, ademais, se deberán adopta-las medidas necesarias para evita-la produción de pó.

Artigo 295.- Circos, teatros e atraccións itinerantes.

As actividades tales como circos, teatros ambulantes, carruseis e outras que, polas súas características especiais, utilicen a vía pública, están obrigadas a depositar unha fianza que garanta as responsabilidades derivadas da súa actividade. Se o Concello debe realiza-la limpeza, dita fianza pagará estes custos e, de ser estes superiores á fianza esixida,

o importe da diferenza deberá ser aboado polos titulares da actividade.

SECCIÓN 3.- PROHIBICIONS.

Artigo 296.- Residuos e lixos.

1. Prohíbese botar ou depositar residuos, desperdicios e en xeral calquera tipo de lixos, nas vías públicas ou privadas, nos seus accesos e nos soares ou fincas valadas ou sen valar, debendo utilizarse sempre os contedores e os recipientes destinados para o efecto.

2. Prohíbese botar á vía pública dende ventás, terrazas, balcóns, etc. calquera tipo de residuos ou bolsas, así como sacudir prendas e alfombras.

Artigo 297.- Uso de papeleiras.

1. Prohíbese guindar á vía pública todo tipo de residuos como cabichas, papeis, envurullos ou calquera outro desperdicio similar, debendo depositarse nas papeleiras instaladas para tal fin.

2. Prohíbese, así mesmo, botar calquera tipo de residuos dende os vehículos, xa sexa en marcha ou detidos.

3. Prohíbese depositar nas papeleiras todo tipo de residuos que poidan provoca-la ignición da papeleira e dos residuos depositados nela. No caso de cabichas, mistos, cinzas, etc., comprobarase que estean debidamente apagados.

Artigo 298.- Lavado de vehículos.

Queda prohibido realizar calquera operación que poida ensucia-las vías públicas, e de forma especial, o lavado e limpeza de vehículos.

Artigo 299.- Manipulación de residuos.

Prohíbese a manipulación e extracción de residuos

depositados na vía pública, papeleiras ou contedores.

Artigo 300.- Rega de plantas.

A rega de plantas colocadas en balcóns e terrazas deberá realizarse evitando que a auga verta sobre a vía pública.

SECCIÓN 4.- OBRIGAS.

Artigo 301.- Feces.

Os propietarios ou responsables de animais, recollerán a deposición de excrementos que puidesen realizar estes en espazos ou vías públicas.

Artigo 302.- Propietarios de soares.

1. Os propietarios de soares que linden coa vía pública deberán valalos con cerramentos permanentes situados na aliñación oficial, mantelos libres de residuos e en condicións de hixiene, seguridade e ornato de conformidade co disposto nos artigos 21 e 245 da Lei do Solo.

2. A prescrición anterior inclúe a esixencia da desratización e desinfección dos soares.

3. A altura das valas será de dous metros, e construíranse con materiais que garantan o seu ornato e seguridade, respectando a normativa da planificación urbanística vixente.

4. Nas fincas afectadas polo planeamento urbanístico, cando os seus propietarios as cedesen para uso público, o Concello poderá facerse cargo, total ou parcialmente, das obrigas descritas.

5. Se por motivo de interese público for necesario asumir subsidiariamente as obrigas do propietario, o Concello poderá acceder ós soares de propiedade privada derrubando os valos cando se faga necesario. O Concello imputaralle ós propietarios os custos de derrubamento e

reconstrucción do valo afectado.

Artigo 303.- Estética de fachadas.

Os propietarios ou responsables de inmobles con fachadas á vía pública deberán evitar expoñer en ventás, balcóns, terrazas ou lugares similares, roupa tendida e calquera clase de obxectos contrarios á estética da vía pública.

SECCIÓN 5.- PUBLICIDADE.

Artigo 304.- Actos públicos.

1. Os organizadores de actos públicos son responsables da sucidade producida nos mesmos e están obrigados a informar ó Concello do percorrido, horario e lugar do acto a celebrar.

2. O Concello poderá esixirlles unha fianza polo importe previsible das operacións de limpeza que se deriven da celebración de dito acto.

Artigo 305.- Elementos publicitarios.

A licencia para uso de elementos publicitarios levará implícita a obriga de limpa-los espacios da vía pública que se utilizasen e de retirar, dentro do prazo autorizado, os elementos publicitarios e os seus correspondentes accesorios.

Artigo 306.- Colocación de valos publicitarios, carteis, pancartas e adhesivos.

1. A colocación de valos publicitarios, carteis, pancartas e adhesivos efectuarase unicamente nos lugares autorizados, e previa autorización.

2. Non se permitirá colocar elementos publicitarios en:

a) Espacios libres públicos, paradas de transporte público e demais elementos do

mobiliario urbano. Previa autorización, poderanse colocar sobre soportes do mobiliario urbano habilitado para tal fin.

b) Postes de alumeadado e sinais de tráfico.

c) Fachadas, salvo o establecido no PXOU, así como medianeiras visibles dende a vía pública.

d) Muros, valos e cercas, a excepción de nos lugares habilitados para tal fin.

e) En lugares inmediatos ou que formen parte dun edificio ou grupo de edificios de carácter artístico, histórico, arqueolóxico típico ou tradicional; así como aqueles que poidan rompe-lo campo visual de conxuntos urbanos e a harmonía da paisaxe aberta e natural.

3. De modo provisional e en ocasións excepcionais como feiras, festas, exposicións ou congresos, o Concello poderá autorizar anuncios non comerciais limitados ó tempo que dure o acontecemento, que de inmediato deberán retirarse unha vez remate o mesmo.

4. Queda prohibido esgazar, arrincar e/ou tirar á vía pública, carteis, anuncios e pancartas.

Artículo 307.- Oitavas.

Regularase o reparto de toda clase de oitavas e materiais similares. Queda prohibido espaxelas e tiralas na vía pública.

Artigo 308.- Pintadas.

Prohíbense as pintadas na vía pública sobre elementos estruturais, calzadas, beirarrúas, mobiliario urbano, valados e paredes.

Serán excepcións as pintadas murais de carácter artístico que se realicen con autorización municipal.

MOBILIARIO URBANO.

Artigo 309.- Normas xerais.

O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns, zonas verdes e vías públicas, no que se atopan comprendidos os bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalizacións e elementos decorativos tales como farolas e estatuas, deberán manterse no máis axeitado e estético estado de limpeza e conservación.

Artigo 310.- Limitacións.

a) Bancos:

Non se permite o uso desaxeitado dos bancos, ou todo acto que prexudique ou estrague a súa conservación e, en particular, arrincar aqueles que estean fixos e realizar inscricións ou pintadas.

b) Xogos infantís:

A súa utilización realizarase por rapaces con idades comprendidas nos carteis indicadores que para tal efecto se establezan, prohibíndose a súa utilización por adultos ou por menores que non estean comprendidos na idade que se indique expresamente en cada sector ou xogo.

c) Papeleiras:

Os desperdicios ou papeis deberán depositarse nas papeleiras destinadas para tal fin.

Queda prohibida toda manipulación de papeleiras (movelas, incendialas, envorcalas, arrincalás), facer inscricións ou adherir pegatinas nas mesmas, así como outros actos que estraguen a súa estética ou entorpezan o seu normal uso.

d) Fontes:

Os usuarios deberán absterse de realizar calquera manipulación nos encanamentos e elementos da fonte, que non sexan os propias da súa utilización normal, así como a práctica de xogos nas fontes de beber.

Nas fontes decorativas, chafarices, bocas de rego,

etc., non se permitirá beber, utiliza-la auga das mesmas, bañarse ou introducirse nas súas augas, practicar xogos, así como calquera manipulación dos seus elementos.

e) Sinalizacións, farolas, estatuas e elementos decorativos.

Queda prohibido agatuñar, subirse, bambearse ou realizar calquera acto que ensucie, prexudique, deteriore ou menoscabe o seu normal uso e funcionamento.

Artigo 311.- Postos de venda.

1. Prohíbese a venda ambulante nos parques e xardíns da cidade e os seus accesos, salvo expresa autorización da alcaldía na forma e cos requisitos previstos na normativa sobre venda ambulante, ás determinacións da cal se estará en todo o relativo a estas actividades.

2. Os postos de venda que se localicen nos xardíns e parques públicos terán que axusta-la súa instalación ó deseño que para tal efecto se lles esixa polo Concello, de acordo co contorno onde vaian ser colocados, coidando que a súa estética harmonice co conxunto urbano onde deban instalarse. Para tal efecto, o Concello establecerá as normas a que deben suxeitarse os postos.

3. Os titulares dos postos serán directamente responsables das infraccións que cometa o persoal dependente dos mesmos, ou que actúe nos citados postos.

4. As licencias son persoais e intransferibles, prohibíndose toda clase de cesión ou traspaso das mesmas, salvo nos casos expresamente autorizados polo Concello. Nos supostos de transmisión non autorizada pola administración municipal, declararase a caducidade da licencia.

5. Prohíbese a ocupación de máis superficie da permitida na licencia ou localización en lugar distinto ó autorizado, a existencia de desperdicios ou sucidade nas terrazas e arredores dos postos de venda e a situación dos veladores en lugar distinto ó autorizado ou en número superior ó determinado na licencia.

CAPÍTULO 4.- TIPIFICACION DE INFRACCIONS.

Artigo 312.- Infraccións ó réxime de espazos naturais: montes.

1. Serán consideradas **infraccións leves**:

- o acceso con vehículos a motor en itinerarios ou condicións non permitidas,
- o abandono de lixos e/ou desperdicios fóra do lugar indicado,
- a instalación de publicidade sen previa autorización,
- a emisión de ruídos que perturben potencialmente a tranquilidade da fauna silvestre non catalogada.

2. Serán consideradas **infraccións graves**:

- acender lume fóra dos lugares e datas autorizados,
- a acampada fóra dos lugares ou datas autorizados para o efecto,
- causar molestias ós animais ou provoca-la destrucción ou danos en especies vexetais ou animais "vulnerables" ou de "especial interese",
- levar a cabo aproveitamentos forestais en contra de plans técnicos de ordenación a que fai referencia o artigo 253.

3. Serán consideradas **infraccións moi graves**:

- as actuacións que violen o preceptuado nos plans específicos de mellora do artigo 249;
- a acometida de traballos silvícolas sen respecta-las condicións técnicas do Anexo VI.1, se ditos traballos se houbesen iniciado ó abeiro da licenza prevista no artigo 252;

- causar molestias ou provoca-la destrucción ou danos en especies vexetais ou animais catalogadas como "en perigo de extinción" ou "ameazadas";

- utilizar produtos químicos, substancias biolóxicas, realizar vertidos ou derramar residuos, se se causase con iso dano ós ecosistemas de imposible ou difícil substitución.

Artigo 313.- Infraccións ó réxime de espazos naturais: incendios.

1. Será considerada **infracción leve** a inobservancia das medidas dispostas con carácter preventivo pola administración, se da mesma non se desprende dano algún.

2. Serán consideradas **infraccións graves**:

- a non observancia de medidas limitatorias de uso do monte que, tras un incendio forestal, puidesen determinarse segundo o artigo 259.2;

- a reincidencia en infraccións leves.

3. Considerarase **infracción moi grave**:

- a negativa ou resistencia a formar parte das mobilizacións que en caso de incendio, e para combatelas, dispoñan as autoridades;

- acender lume en lugares e datas inadecuadas en época de estiaxe ou risco de incendio forestal.

Artigo 314.- Infraccións ó réxime de espazos naturais: ribeiras.

1. Serán consideradas **infraccións leves** aquelas tipificadas como graves, se os efectos sobre o medio natural son de escasa relevancia, a xuízo dos servizos municipais.

2. Será considerada **infracción grave**:

- a roturación da vexetación dos cursos de auga, no sentido do artigo 261;

- a canalización de cursos de auga nos cales non se teñan en conta os factores de recuperación da vexetación preexistente.

3. Serán consideradas infraccións moi graves aquelas tipificadas como graves, nas que coincidan elementos de reincidencia.

Artigo 315.- Infraccións ó réxime de parques, xardíns e arboredo urbano.

1. Serán consideradas **infraccións leves**:

- cortar flores, plantas ou frutos sen a autorización correspondente;

- guindar, en zonas verdes, lixo, papeis, plásticos ou calquera outra clase de residuo;

- acender lume en lugares non autorizados expresamente;

- non controla-los movementos dos animais domésticos, por parte dos seus donos ou cuidadores;

- en xeral, as actividades que impliquen inobservancia das instrucións e sinalizacións para o uso de parques e zonas verdes.

2. Serán consideradas **infraccións graves**:

- pisar, destruír ou altera-las plantacións alí onde non está autorizado e se as consecuencias de tal actividade resultan ser de imposible ou difícil reparación;

- danar ou molestar á fauna presente nas zonas verdes ou asociada ós elementos vexetais;

- o non cumprimento, polos propietarios particulares, das obrigas enumeradas no artigo 271.

3. Serán consideradas **infraccións moi graves**:

- talar ou podar árbores sen autorización expresa;
- facer probas ou exercicios de tiro para practicar puntería, acender petardos ou fogos de artificio;
- reincidir na comisión de falta grave.

Artigo 316.- Infraccións ó réxime de limpeza.

1. Consideraranse **infraccións leves**:

- botar ou depositar residuos, desperdicios e lixos nas vías públicas ou privadas, nos seus accesos e soares, ou en fincas valadas ou sen valar, así como altera-la estética das fachadas.
- lavar, limpar e manipular vehículos na vía pública;
- sacudir prendas e alfombras sobre a vía pública, dende balcóns e ventás;
- regar plantas fóra do horario autorizado, sempre que se lles poidan xerar molestias ós cidadáns ou danos na vía pública;
- a deposición de excrementos de animais domésticos, respecto ós seus propietarios, en lugares de tránsito peonal.

En xeral, aquelas conductas que afecten ó estado da limpeza viaria ou uso desaxeitado dos elementos do mobiliario urbano.

2. Considerarase **infracción grave**:

- manter un soar sen valar;
- a colocación de elementos publicitarios de calquera tipo en edificios incluídos no

Catálogo Histórico-Artístico da localidade;

- a colocación de elementos publicitarios non autorizados ou non axustados a esta;

- a publicidade masiva nas rúas sen licencia previa, mediante carteis, pintadas, oitavas ou outros medios que provoquen afeamento xeral e sucidade notoria da poboación.

- ocupa-la vía pública con entullos sobrantes de obras.

En xeral, aquelas conductas que afecten á integridade física de terceiros ou á salubridade pública.

3. Consideraranse **infraccións moi graves**:

- Calquera acto ou omisión que orixine situacións de degradación ambiental con alto risco para as persoas e bens en xeral.

- A reincidencia na comisión de faltas graves.

TÍTULO VII.- PROTECCION DE ANIMAIS E REGULACION DA SUA TENZA.

CAPÍTULO 1.- NORMAS XERAIS.

Artigo 317.- Obxecto.

En todo o relativo á tenza, coidado e protección de animais domésticos, salvaxes en catividade, ou utilizados con fins lucrativos, deportivos ou de recreo, así como os que se atopen en réxime de explotación e consumo, rexerá o disposto nas directrices da Unión Europea, lexislación estatal e autonómica.

Artigo 318.- Facultades da Alcaldía.

A Alcaldía desta cidade adoptará aquelas disposicións que se estimen pertinentes para dar a coñecer ós cidadáns as normas que resultan de obrigado cumprimento verbo da observancia de coidados hixiénico-sanitarios requiridos, loita contra enfermidades infecto-contaxiosas, recollida de animais abandonados, etc.

Artigo 319.- Prohibicións xerais.

1. Queda prohibido, con carácter xeral e respecto a tódolos animais:

a) causa-la súa morte, bardante en caso de enfermidade incurable ou necesidade ineludible;

b) maltratar ou agredir de calquera xeito ós animais, ou sometelos a calquera práctica que lles producise sufrimento ou dano non xustificadido;

c) abandonalos. Entenderase tamén como abandono situalos en lugares pechados ou

desalugados, soares, vías públicas, xardíns, etc., na medida en que non sexan en tales lugares debidamente atendidos;

d) exerce-la venda ambulante de calquera animal de compañía ou outro tipo, fóra dos recintos e datas expresamente legalizados e en condicións de legalidade absoluta respecto a cada especie animal segundo a súa regulamentación específica;

e) exerce-la venda non ambulante de animais sen o cumprimento das condicións xerais sinaladas pola lei;

f) utilízalos en espectáculos, pelexas e outras actividades se iso pode ocasionarlles sufrimentos, ou sometelos a condicións antinaturais, con exclusión dos espectáculos obxecto de regulamentación específica, como a festa dos touros.

2. Os axentes da autoridade, e cantas persoas poidan presenciar feitos comprendidos nestas prohibicións, teñen o deber de denunciar ós infractores.

3. Está expresamente prohibido, de acordo coa lexislación vixente, a tenza, exhibición, venda, compra ou calquera manipulación con exemplares de fauna protexida, sexan vivos ou mortos, e respecto tamén ós seus restos, propágulos ou crías. Os axentes da autoridade terán facultades para a confiscación destes espécimes ou os seus restos.

Artigo 320.- Prohibicións especiais.

1. Queda prohibido o traslado de animais nos medios de transporte público, a excepción dos servizos de taxi, a criterio do conductor, como igualmente a presenza de animais en certos lugares, someténdose ás seguintes condicións:

a) Queda prohibida a entrada e permanencia de animais en establecementos destinados á fabricación, manipulación, almacenamento, transporte e venda de produtos alimenticios.

b) Queda prohibida a entrada de animais en espectáculos públicos deportivos e culturais, así como en recintos de práctica de deportes ou piscinas.

c) Os donos de establecementos públicos e aloxamentos hosteleiros poderán permitir, ó seu criterio e baixo a súa responsabilidade, a entrada de animais nos seus establecementos.

d) O acceso e permanencia dos animais en lugares comunitarios privados ou nas súas dependencias, tales como sociedades culturais, recreativas ou similares, zonas de uso común de comunidades de veciños e outras estará suxeito ás normas que rexan ditas entidades.

2. As normas precedentes non se aplican ós cans de cego.

3. Tódolos animais, cando transiten por vías públicas ou zonas verdes, irán debidamente controlados mediante correa ou o método máis axeitado para cada especie. O uso de buceiras poderá ser ordenado pola autoridade, cando as circunstancias así o aconsellen e mentres duren estas.

Artigo 321.- Prohibición expresa referente a especies ameazadas.

Prohíbese a caza, captura, tenza, tráfico, comercio, venda e exhibición pública, segundo corresponda a cada caso, tanto das especies adultas coma dos ovos e crías, e de tódalas subespecies e taxóns inferiores ameazados, independentemente da súa procedencia, salvo nos casos que regulamentariamente se determinen.

CAPÍTULO 2.- CONDICIONS SANITARIAS.

Artigo 322.- Inscripción.

Os posuidores de animais de compañía, en xeral, haberán de inscribilos nos correspondentes censos.

Artigo 323.- Baixas.

1. As baixas por morte ou desaparición do animal deberán ser comunicadas polos seus titulares ó Servicio correspondente, inmediatamente a que ditas circunstancias se produzan.

2. Producida a morte do animal, queda prohibido o abandono do seu corpo na vía pública, debendo o propietario poñer-lo feito en coñecemento dos servicios municipais, que se farán cargo do mesmo.

Artigo 324.- Curas e tratamentos.

1. O posuidor dun animal estará obrigado a practicarlle as curas axeitadas que precise e proporcionarlle os tratamentos preventivos de enfermidades e as medidas sanitarias preventivas, no seu caso, que dispoñan os organismos competentes.

2. Os animais afectados de enfermidades zoonósicas e epizoóticas graves deberán ser illados, proporcionándolle-lo tratamento axeitado se este for posible. No seu defecto, deberán ser sacrificados por métodos eutanásicos que impliquen o mínimo sufrimento e provoquen unha inmediata perda de consciencia.

CAPÍTULO 3.- AGRESION A PERSOAS.**Artigo 325.- Agresión.**

As persoas agredidas por animais darán inmediata conta do feito ás autoridades sanitarias. O propietario ou posuidor do animal agresor deberá de presentarse ás autoridades competentes, aportando cantos datos poidan servir de axuda á persoa lesionada ou ós seus representantes e ás autoridades sanitarias que o soliciten.

Artigo 326.- Control do animal.

1. O animal agresor será trasladado á dependencia que indiquen as autoridades competentes, someténdoo ó seu control durante 14 días. Previo informe favorable, e se o animal está documentado, este período de observación podería desenvolverse no domicilio habitual do animal baixo a custodia do seu propietario.

2. Cando estea probada a agresividade dun animal de maneira fidedigna, será retirado polos servicios correspondentes previo informe técnico, quen determinará o destino do animal.

3. Os gastos ocasionados ó municipio pola retención e control de animais agresores serán satisfeitos polos propietarios dos mesmos.

CAPÍTULO 4.- ABANDONOS.

Artigo 327.- Consideración de abandono.

Considerarase abandonado a un animal se non ten dono coñecido, domicilio, non está censado, nin vai acompañado por ningunha persoa. En dito suposto, o Concello poderá facerse cargo do animal e reterao ata que sexa recuperado, cedido ou sacrificado.

Artigo 328.- Gastos e prazo.

Unha vez recollido un animal polos servicios municipais, os gastos de mantenza e recollida correrán a cargo do propietario ou posuidor do animal, independentemente das sancións procedentes. O prazo para recupera-lo animal será de sete días, transcorridos os cales poderá ser cedido polo Concello para adopción ou sacrificio.

CAPÍTULO 5.- ESTABLECEMENTOS DE CRIA, GARDA E VENDA DE ANIMAIS.

Artigo 329.- Licencia.

Estarán sometidas a licencia municipal, sen prexuízo das autorizacións e requisitos da lexislación vixente, as seguintes actividades:

a) Centros para animais de compañía:

- lugares de cría, para reprodución e subministración de animais a terceiros;
- residencias ou establecementos destinados a aloxamentos temporais;
- canceiras ou establecementos destinados a gardar cans (canceiras depotivas, mandas de cans ou rehalas):
- clínicas veterinarias, con ou sen aloxamento de animais.

b) Centros diversos:

- tenda de paxaros para a reprodución e/ou subministración de pequenos animais, principalmente aves con destino a domicilio;
- coidadores, subministradores ou vendedores de animais de acuario ou terrario;
- centros onde se reúnan por calquera razón animais de experimentación;
- instalacións de cría de animais destinados ó aproveitamento das súas peles.

Artigo 330.- Localizacións, construcións, instalacións e equipos.

1. A localización será designada de acordo coa lexislación vixente.

2. As construcións, instalacións e equipos serán os axeitados para asegurar un ambiente hixiénico e facilita-las necesarias accións zosanitarias.

3. Deberán estar dotadas de auga corrente en cantidade suficiente para a súa axeitada limpeza, así

como para a subministración de auga potable ós animais.

4. Disporán dos medios para a limpeza e desinfección dos locais, materiais e utensilios que poidan estar en contacto cos animais e no seu caso, dos vehículos utilizados para o seu transporte.

5. Deberán realizar desinfeccións, desinsectacións e desratizacións periódicas con produtos autorizados para este fin.

6. Disporán dos medios necesarios para que a eliminación de excrementos e augas residuais se realice de xeito que non comporte risco para a saúde pública nin perigo de contaminación do medio.

7. Disporán dos medios necesarios para eliminar hixienicamente cadáveres de animais e materias contumaces ou entregarán estes residuos ó xestor correspondente en condicións que garantan a salubridade e hixiene precisas.

8. As instalacións, en xeral, deberán permitir unhas condicións de vida axeitadas para os animais, de acordo coa natureza dos mesmos.

9. Deberán dispoñer dunha zona arredada para o illamento e observación de animais de recente entrega, ou animais enfermos ou sospeitosos de enfermidade.

Artigo 331.- Alimentos.

Os alimentos subministrados ós animais deberán cumprir co que a lexislación vixente determine para este tipo de produtos.

Artigo 332.- Salas de espera.

Os establecementos de tratamento, cura e aloxamento de animais disporán obrigatoriamente de salas de espera coa finalidade de que estes non permanezan na vía pública, escaleiras, e outros sitios, antes de entrar nos mesmos.

Artigo 333.- Establecementos dedicados á venda de animais.

1. Os establecementos dedicados á venda de animais, así como os criadeiros, garderías e subministradores de animais de experimentación, terán que levar un libro de rexistro de entradas e saídas debidamente detallado. Neste libro deberán conservarse os datos de cinco anos.

2. Deberán contar cun servizo veterinario dependente do establecemento que outorge certificados de saúde para a venda de animais.

3. Os animais deberán venderse desparasitados e libres de enfermidades.

Artigo 334.- Documentación necesaria para a venda de animais.

O vendedor dun animal vivo deberá entregarlle ó comprador o documento acreditativo que consigne a raza do animal, idade, procedencia, vacinacións realizadas e outras características de interese.

CAPÍTULO 6.- ESPECIES NON AUTOCTONAS.

Artigo 335.- Documentación esixible.

Os fornecedores e propietarios de animais pertencentes a especies non autóctonas de comercio permitido polos tratados e convenios vixentes no Estado español deberán posuí-la seguinte documentación, que acredite a súa legal importación:

- a) Certificado sanitario de orixe,
- b) Permiso de importación,
- c) Autorización zoosanitaria de entrada en España,
- d) Certificado de corentena ou de recoñecemento sanitario na alfándega.

Artigo 336.- Certificados de orixe.

A venda en establecementos comerciais, a tenza e a

exhibición de animais da fauna non autóctona provenientes de instalacións de cría en cativeiro con fins comerciais e debidamente legalizados, deberán posuír por cada animal o certificado acreditativo de orixe, ademais da documentación específica mencionada no artigo anterior.

CAPÍTULO 7.- INSTALACIONES AVICOLAS, HIPICAS E GANDEIRAS.

Artigo 337.- Instalacións comprendidas.

Quedan comprendidas as instalacións seguintes:

a) Explotacións industriais e domésticas.

b) Establecementos hípicas, sexan ou non de temporada, con instalacións fixas ou non, que garden cabalos para a práctica da equitación con fins deportivos, recreativos ou turísticos.

Estas instalacións deberán cumprir co recollido nos artigos do presente Título.

Artigo 338.- Licencia.

Estas actividades están suxeitas á obtención previa de licencia municipal correspondente sen prexuízo de todas aquelas autorizacións e requisitos que, no seu caso, determine a lexislación vixente.

Artigo 339.- Obrigas.

Os titulares de explotacións comprendidas no artigo 337 terán as seguintes obrigas:

a) deberán estar incluídos no censo gandeiro e te-la documentación acreditativa;

b) deberán facer unha revisión semestral de dita documentación no servizo correspondente, para poñer ó día as altas e baixas que se producisen;

c) deberán realiza-las vacinacións que se determinen obrigatorias e estar en posesión do documento que acredite o seu cumprimento;

d) deberán notificar ós servicios competentes por escrito coa maior brevidade posible, se se producise calquera enfermidade infecto-contaxiosa na explotación;

e) deberán retirar diariamente o esterco, debendo dispoñer de recipientes estancos onde se depositarán almacenados, ata a súa definitiva eliminación nas debidas condicións hixiénico-sanitarias.

Artigo 340.- Transporte de animais.

O transporte de animais deberá ser realizado con vehículos debidamente acondicionados para este fin, estando obrigados a presentar, se se lles solicitase, a documentación que acredite a procedencia, estado sanitario e demais circunstancias dos animais que transporten, cumprindo en todo caso co regulado na lexislación vixente.

Artigo 341.- Entrada en matadoiros.

1. Para a entrada no matadoiro, será requisito imprescindible presenta-la documentación que ampara o tránsito dos animais, tanto se proceden de fóra do municipio coma se son do termo municipal, no que constarán, entre outros detalles: nome do gandeiro, dirección da explotación, vacinacións e data das mesmas, así como tratamentos farmacolóxicos seguidos.

2. Os matadoiros só terán acceso aquelas persoas que cumpran o seu traballo no mesmo.

CAPÍTULO 8.- INSTALACIONES ZOOLOXICAS.

Artigo 342.- Definición de zoológico.

Considerarase como instalación zoolóxica toda aquela que albergue coleccións zoolóxicas de animais de fauna silvestre con finalidade científica, cultural, de reprodución, recuperación, adaptación, conservación ou recreativa, sexan abertas ou pechadas ó público, ou agrupacións itinerantes.

Artigo 343.- Tipos de zoolóxicos.

As instalacións zoolóxicas están comprendidas nalgún dos seguintes grupos:

a) Zoolóxicos abertos ó público.

Están comprendidos neste grupo os zoosafaris, os parques e xardíns zoolóxicos, as reservas zoolóxicas e aviarios, delfinarios ou outras agrupacións de animais salvaxes que poidan ser visitadas polo público en xeral, a cambio dun prezo ou adquisición de entrada.

b) Instalacións zoolóxicas non abertas ó público.

Están comprendidas neste grupo aquelas instalacións o acceso ás cales pode non ser permitido ou estar sometido a autorización expresa de propietario ou xestor do centro, tales como centros de rescate ou acollida, de cría en cativeiro, ou de coleccións privadas.

c) Agrupacións itinerantes.

Están comprendidas neste grupo as coleccións zoolóxicas que, de xeito non permanente, se instalen no termo municipal, tales como circos ou coleccións itinerantes en xeral.

Artigo 344.- Licencia.

Tódalas instalacións zoolóxicas a que se refire o artigo anterior deberán contar, para o exercicio das súas actividades, coa oportuna licencia de funcionamento e estar inscritas no Rexistro de Instalacións Zoolóxicas correspondente.

Artigo 345.- Medidas de seguridade.

Serán de obrigado cumprimento para tódalas instalacións zoolóxicas, as seguintes condicións de seguridade:

a) As instalacións que contén con dotación de armas anestésicas, para o control dos animais, deberán cumprir no seu almacenamento e mantemento coas prescricións xerais para armas de fogo. Serán exclusivamente manexadas por persoal especialmente capacitado para iso, baixo a responsabilidade da Dirección do centro.

b) En caso de fuxidaa dalgún espécime animal que, polas súas características, poida, en liberdade, implicar un risco para a seguridade das persoas, os responsables do centro zoolóxico adoptarán de inmediato as seguintes medidas:

- o público presente na instalación, se o houber, será advertido da súa situación e seguirá as directrices que indique a Dirección do centro;

- os responsables do centro advertirán da fuxida, inmediatamente despois de producirse, ás forzas de seguridade e ós servicios locais de protección civil, poñendo a disposición destes tódolos medios e persoal necesarios para controla- la situación;

- tras un incidente desta natureza elaborárase un informe sobre os feitos que o provocaron e adoptaranse as medidas precisas para evita-la súa repetición.

c) No interior do recinto e en lugares visibles figurarán, expresadas con claridade, as condicións a que debe someterse a conducta do público asistente, de cara tanto ó mantemento dos requisitos de seguridade máximos posibles coma á necesaria tranquilidade e benestar para os animais.

d) As instalacións terán que contar coas medidas de seguridade necesarias para evitar agresións e danos

entre as propias especies animais, e destas ó público ou ós coidadores. Tales medidas consistirán nas barreiras arquitectónicas precisas e a adecuación das instalacións. O persoal ó coidado de, ou en contacto cos animais deberá posuír formación suficiente para o desempeño da súa función en condicións axeitadas de atención e seguridade.

e) Como medida de seguridade para as persoas, e en horario coincidente co de afluencia de visitantes, as instalacións contarán con persoal sanitario cualificado e con enfermerías suficientemente dotadas para atender posibles incidencias.

Artigo 346.-Marco de exercicio da actividade.

Tódalas instalacións zoolóxicas a que se refire o artigo 343, incluídas as que desenvolven propósitos comerciais, exercerán as súas actividades no marco do respecto á conservación das especies animais e do coidado dos seus espécimes, de acordo coas características das mesmas.

CAPÍTULO 9.- SOCIEDADES PROTECTORAS DE ANIMAIS E PLANTAS.

Artigo 347.- Sociedades protectoras de animais e plantas.

As sociedades protectoras de animais e plantas integradas nas condicións do R.D. do 11 de abril de 1928 e declaradas de utilidade pública están eximidas de calquera pagamento de taxa ou arbitrios municipais que as afectasen no exercicio das súas tarefas e funcións.

CAPÍTULO 10.- INFRACCIONS.

Artigo 348.- Tipificación de infraccións.

1. Serán **infraccións leves**:

a) Nas instalacións a que fan referencia os capítulos 7 e 8:

- a posesión incompleta dos libros de rexistro ou a ausencia deles dalgún dos datos requiridos no referido a instalacións do capítulo 8;

- a venda, donativo, ou calquera transacción de espécimes animais non rexistrada, sempre que non pertenzan a fauna autóctona catalogada ou ó anexo I do CITES;

- o mantemento de animais en condicións non idóneas dende o punto de vista etolóxico.

b) Nos restantes casos:

- o traslado de animais e a súa estancia en lugares públicos en violación do establecido no artigo 320;

- a non inscrición de animais de compañía nos censos ou a carencia de cartilla sanitaria en caso de que, examinado o animal, estea en boas condicións sanitarias.

2.- Serán **infraccións graves**:

a) Nas instalacións a que fan referencia os capítulos 7 e 8:

- a ausencia no centro do persoal sanitario e veterinario, ou a súa non cualificación suficiente;

- manter plans, proxectos ou instalacións que non se axusten ás condicións expresadas na solicitude de licencia, se non se modificaron por parte do servizo;

- a ausencia de libros de rexistro debidamente cubertos, no caso de instalacións reguladas no capítulo 8;

- a prestación de servizos por parte do persoal non cualificado especificamente.

b) Nos restantes casos:

- maltratar ou agredir ós animais ou sometelos a calquera práctica que lles cause sufrimento ou dano non xustificadado;
- exercer-la súa venda ambulante nos termos previstos no artigo 319,e);
- a exhibición, venda, compra ou calquera manipulación en especies de fauna protexida, nos termos establecidos no artigo 319,3;
- a carencia de cartilla sanitaria dun animal doméstico respecto ó seu dono, se este houberse causado algunha agresión leve ou se do exame veterinario se deducise que padece algunha afección.

3. Serán **infraccións moi graves**:

- o mantemento de animais en condicións tales que prexudiquen as súas condicións de saúde ou a súa conducta normal, nas instalacións dos capítulos 5, 7 e 8.
- a venda, donativo ou calquera transacción de espécimes a título oneroso ou lucrativo, se pertencen a especies de fauna autóctona catalogada ou ó anexo I do CITES;
- a ausencia da documentación a que se refire o artigo 335, en caso de posesión de especies non autóctonas;
- a desviación do proxecto orixinal das condicións a que segundo a licencia debera terse sometido, nas instalacións do capítulo 8;
- causa-la morte dun animal;
- o abandono de animais nos termos previstos no artigo 319, c);
- utilizar animais en espectáculos ou pelexas, nos termos previstos no artigo 319, f)

TÍTULO VIII.- REXIME SANCIONADOR.

CAPÍTULO 1.- DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 349.- Infraccións.

Considéranse infraccións os actos ou omisións tipificados como tales na lexislación sectorial correspondente e disposicións regulamentarias de desenvolvemento. En defecto ou escuridade destas, rexerá o cadro de infraccións desta ordenanza.

Se existise coincidencia de tipos entre a lexislación sectorial e esta ordenanza, aplicaranse os da lexislación sectorial.

En ningún caso poderá iniciarse procedemento sancionador algún se os feitos que se axuízan non se atopan debidamente tipificados como constitutivos de infracción.

Artigo 350.- Procedemento sancionador.

1. Agás que na lexislacion sectorial correspondente estea disposta outra cousa, rexerán as seguintes regras:

a) Se a infracción está tipificada na lexislación sectorial, ou existe coincidencia de tipos cos desta ordenanza, aplicarase o procedemento sancionador que nela se determine. No seu defecto, aplicarase o procedemento previsto nos artigos 11 e seguintes do Real Decreto 1.398/93 do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, en consonancia co previsto nos artigos 127 e seguintes da Lei 30/92 do 26 de novembro.

b) Se a infracción se atopa tipificada soamente nesta ordenanza, seguirase o procedemento abreviado nos artigos 23 e

seguintes do Real Decreto citado no parágrafo a).

c) En todos aqueles casos que non se aplique o Real Decreto 1.398/93 antes citado, será este supletorio ou subsidiario do que se aplique.

2. Só se sancionarán as infraccións en grao de consumación.

3. A imposición de sancións é independente das responsabilidades civís ou penais en que puidesen incorre-lo infractor ou infractores. En todo caso, a sanción será compatible coa reposición das cousas ó ser e estado no que se atopaban, a custa do sancionado, con esixencia da indemnización de danos e perdas.

4. En ningún caso, a imposición de sancións pecuniarias pode resultar máis beneficiosa para o infractor có cumprimento das normas infrinxidas. Cando da suma da sanción imposta e do custo das actuacións de reposición dos bens e situacións ó seu primitivo estado resultase unha cifra inferior a dito beneficio, incrementarase a contía da multa ata compensala diferenza, sen prexuízo do disposto no número 2 do artigo seguinte.

Artigo 351.- Competencias.

1. A competencia para a incoación de expediente sancionador e a imposición de sancións previstas nesta ordenanza corresponderalle á Alcaldía-Presidencia, salvo que a lexislación sectorial dispoña outra cousa.

2. Cando a xuízo do Organo competente para resolver, previa proposta do instructor, a sanción que se aplique a unha determinada infracción, pola súa gravidade, sexa menor cá que lle correspondería, absterase de resolver e remitirá todo o actuado ó Organo que teña maior competencia, co fin de eleva-la contía da sanción, se procedese.

3. As resolucións da Alcaldía-Presidencia porán fin á vía administrativa, podendo recorrerse en vía contencioso-administrativa.

4. As sancións serán executivas dende o momento en

que sexan notificadas ó interesado, ou, no seu caso, dende a publicación, sen prexuízo da súa suspensión nos supostos legais determinados, que só poderá ser decretada polo Organo que resolveu, previo afianzamento do importe da sanción, se é pecuniaria, e do mantemento das medidas provisionais adoptadas ou que se adopten, no seu caso.

Artigo 352.- Rexistro de infractores.

O Concello abrirá un libro-rexistro no que se anotarán os infractores e as sancións impostas.

CAPÍTULO 2.- MEDIDAS PRECAUTORIAS.

Artigo 353.- Medidas precautorias.

1. O Organo competente para resolver poderá adoptar en calquera momento, mediante resolución motivada, as medidas provisionais que estime necesarias para asegurara eficacia da resolución que puidese recaer, o bo fin do procedemento, evita-lo mantemento dos efectos da infracción e as esixencias dos intereses xerais.

2. As medidas provisionais poderán consistir na suspensión temporal das actividades, prestación de fianzas, a retirada de produtos ou suspensión temporal de servizos por razóns de hixiene, sanidade ou seguridade, e as demais previstas nesta ordenanza.

3. Cando así veña establecido por razóns de urxencia inaprazables, o Organo competente poderá adoptar as medidas provisionais que resulten necesarias.

4. As medidas cautelares ou provisionais adoptaranse previa audiencia do interesado, por espacio de 2 días, salvo inminente perigo para os bens protexidos por esta ordenanza, ou cando o aconselle a urxencia na súa adopción.

CAPÍTULO 3.- SANCIONS.

Artigo 354.- Sancións.

As sancións aplicaranse de acordo coas seguintes regras:

- a) Se a infracción está prevista na lexislación sectorial, aplicaranse as sancións previstas nesta.
- b) Se a infracción está prevista na lexislación sectorial e na presente ordenanza, aplicaranse as sancións previstas na lexislación sectorial.
- c) Se a infracción só se tipifica nesta ordenanza, aplicaranse sancións de conformidade co establecido no artigo 59 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril.

Artigo 355.- Circunstancias modificativas da responsabilidade administrativa.

No que se refire ás circunstancias modificativas da responsabilidade administrativa estarase ó disposto no artigo 131.3 da Lei 30/92 e, supletoriamente, ó disposto no Código Penal.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS**Primera**

1. As industrias e actividades que no momento de entrar en vigor esta ordenanza tivesen concedida licencia conforme ás disposicións regulamentarias ata agora vixentes, estarán obrigadas a introduci-las melloras técnicas que sexan precisas para adaptarse ás prescricións desta ordenanza, no prazo de 3 anos.

2. Excepcionalmente, aquelas industrias ou actividades que polo volume da súa produción ou por calquera outra circunstancia non poidan adaptarse no prazo previsto, solicitaranllo ó Concello, que poderá

concederlle unha prórroga de 3 anos, sempre que se xustificuen debidamente ditas circunstancias.

Segunda

No prazo dun ano contado a partir da entrada en vigor desta Ordenanza, o Concello aprobará unha ordenanza xeral de accións de fomento na que se contemplarán as axudas, incentivos, subvencións e bonificacións que o Concello, dentro das súas posibilidades presupostarias, estableza para facilita-lo cumprimento das medidas de adaptación que impón esta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAIS

Unica.

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez sexa aprobada polo Pleno da Corporación, segundo o procedemento previsto, e sexa publicado o seu contido na forma e nas condicións que establece o artigo 70.2 da Lei de Bases de Réxime Local.

ANEXO II.1.- Decreto 1618/1980 de aprobación do Regulamento de instalacións de calefacción, climatización e auga quente sanitaria, co fin de racionalizalo seu consumo enerxético (BOE 6-8-1981).

Rendemento mínimo de caldeiras

Comb. mineral sólido

Potencia útil de xerador en KW

| | Grella carga manual | Funcionamento semi ou automático | Combustible líquido ou gasoso |
|------------------|---------------------|----------------------------------|-------------------------------|
| - | | | |
| Ata 60 | 73 | 74 | 75 |
| - De 60 a 150 | 75 | 78 | 80 |
| - De 150 a 800 | 77 | 80 | 83 |
| - De 800 a 2.000 | 77 | 82 | 85 |
| -Más de 2.000 | 77 | 86 | 87 |
| - | | | |

Datos referidos en tanto por cento, funcionando á súa potencia útil e referidos ó poder calorífico inferior do combustible.

ANEXO II.2. Medida da opacidade dos fumes polo escape dos vehículos automóbiles con motor diésel.

1.- CAMPO DE APLICACION. O método que a continuación se describe aplícase para a medición da opacidade dos fumes emitidos polo tubo de escape dos vehículos en circulación no Municipio de Lugo provistos de motor Diésel.

2.- CONDICIONS DE MEDIDA. Nos ensaios nos Centros de Control utilizarase o carburante que leve o vehículo se está exento de aditivos; en caso contrario, deberá utilizarse o habitual do mercado.

A opacidade dos fumes de escape medirase estando quente o motor, considerándose que se cumpre esta condición cando a temperatura do aceite do cárter sexa de 60 °C, como mínimo.

A toma de mostras efectuarase de acordo coas instrucións específicas do aparato empregado.

O dispositivo de escape non deberá ter ningún furado susceptible de provocar unha dilución dos gases emitidos polo motor.

3.- METODOS DE ENSAIO. A medición da opacidade dos fumes de escape dos vehículos provistos de motor Diésel realizarase en carga e a réxime estabilizado, segundo os métodos dos parágrafos seguintes.

4.- ENSAIO NOS CENTROS DE CONTROL. Efectuarase situando o vehículo sobre freos de roletes e medindo a opacidade dos fumes en réxime estabilizado a plena inxección e a un número de revolucións do motor superior ó 75 por 100 do que corresponda á máxima potencia, segundo especificacións do fabricante do vehículo.

No caso de vehículos con motor sobrealimentado, debe manterse acelerado o motor durante sete segundos, como mínimo, antes de facerse a medición.

5.- APARATOS DE MEDIDA. Utilizarase o aparato

prescrito no Regulamento número 24, anexo ó Acordo de Xenebra do 20 de marzo de 1958, admitíndose, non obstante, o emprego de aparatos do tipo Bosh ou tipo Hartridge, de acordo coas instrucións do fabricante do aparato. Estes aparatos terán que estar contrastados polos laboratorios oficiais correspondentes, designados polo Ministerio de Industria e Enerxía.

6.- RESULTADO DOS ENSAIOS. Como as medicións se efectuarán sobre banco dinamométrico, o resultado que se terá que considerar será o valor estabilizado obtido no opacímetro, ou a media de dúas lecturas consecutivas que non difiran en máis de 0,5 unidades, cando se utilice o aparato Bosch.

7.- VALORES LIMITES. Os valores máximos admisibles con carácter xeral para os vehículos con motor Diésel que circulen polo Municipio de Lugo son os que se establecen no seguinte cadro:

| Valores límites | | | |
|------------------------------|-----------|------|-----------|
| Potencia do vehículo en DIN | | | |
| | Absolutos | Bosh | Hartridge |
| Ata 100 CV DIN..... | 3,7 | 5,5 | 80 |
| Máis de 100 e ata 200 CV DIN | 3,2 | 5,2 | 75 |
| Máis de 200 CV DIN..... | 2,8 | 5,0 | 70 |

ANEXO II.3.- Valoración do monóxido de carbono contido nos gases de escape dos vehículos con motor de acendido por chispa en réxime de "ralentí".

1.- CAMPO DE APLICACION. O método que a continuación se describe aplícase ás emisións de monóxido de carbono procedentes dos gases de escape dos vehículos automóbiles en circulación no Municipio de Lugo, provistos de motor a catro tempos, con acendido de chispa. Exclúense os vehículos de dúas ou tres rodas con peso máximo inferior a 400 Kg e/ou a velocidade máxima dos cales por construción non alcance a 50 Km/h.

2.- CONDICIONS DE MEDIDA. Nos ensaios que se realicen utilizarase o carburante que leve o propio vehículo.

O contido de monóxido de carbono ó réxime de "ralentí" medirase estando quente o motor, considerándose que se cumpre esta condición cando a temperatura do aceite do cárter sexa de 60 °C.

Para os vehículos con caixa de velocidades de mando manual ou semiautomático, o ensaio efectuarase coa panca en punto morto ou motor embragado.

Para os vehículos con transmisión automática, o ensaio efectuarase co selector na posición "cero" ou na de estacionamento.

A sonda de toma de mostras de gases introducirase todo o posible no tubo de escape e, como mínimo, nunha lonxitude de 30 cm., xa sexa no propio tubo ou nun tubo colector adaptado ó primeiro.

Se o vehículo está provisto de escape con saídas múltiples, o resultado da medida será a media aritmética dos contidos obtidos en cada unha delas.

O dispositivo de escape non deberá ter ningún furado susceptible de provocar unha dilución dos gases emitidos polo motor.

3.- APARATOS DE MEDIDA. Os analizadores serán do tipo non dispersivo, de absorción no infravermello. Estes aparatos terán que estar contrastados polos laboratorios

oficiais correspondentes designados polo Ministerio de Industria e Enerxía.

A precisión da instalación de control debe ser tal que o error absoluto de medición non sobrepase o 0,5 por 100 de CO.

4.- VALORES LIMITES. O contido de monóxido de carbono nos gases de escape ó réxime de "ralentí" (a 15-20 °C e 750 mm Hg) non deberá ser superior ó 5 por 100 en volume. Dito límite aplicarase unicamente ós vehículos automóbiles matriculados a partir do 1 de xaneiro de 1967, inclusive.

Poderán admitirse valores maiores ós previstos no apartado anterior, en casos excepcionais, nos que se demostre que o vehículo non pode circular de maneira segura respectando aqueles límites. En tales casos, precisarase un permiso especial para que o vehículo poida circular dentro de núcleos urbanos.

5.- RESULTADOS OBTIDOS.- Para referi-los resultados ás condicións de temperatura e presión indicadas no artigo anterior, multiplicarase o valor obtido nos ensaios polo factor de corrección que corresponda, segundo a táboa seguinte:

| P | t (°C) | | | | |
|-------------|---------|-----------|-----------|-----------|--------|
| | (mm Hg) | | | | |
| | t<10 | 10<ó=t<15 | 15<ó=t<20 | 20<ó=t<25 | 25<ó=t |
| 690>p<ó=700 | 0,92 | 0,87 | 0,82 | 0,77 | 0,72 |
| 700>p<ó=710 | 0,95 | 0,90 | 0,85 | 0,80 | 0,75 |
| 710>p<ó=720 | 0,98 | 0,93 | 0,88 | 0,83 | 0,78 |
| 720>p<ó=730 | 1,01 | 0,96 | 0,91 | 0,86 | 0,81 |
| 730>p<ó=740 | 1,04 | 0,99 | 0,94 | 0,89 | 0,84 |
| 740>p<ó=750 | 1,07 | 1,02 | 0,97 | 0,92 | 0,87 |

| | | | | | |
|----------------|------|------|------|------|------|
| | | | | | 1 |
| 750 > p <= 760 | 1,10 | 1,05 | 1,00 | 0,95 | 0,90 |
| 760 > p <= 770 | 1,13 | 1,08 | 1,03 | 0,98 | 0,93 |

6.- NORMAS PRACTICAS PARA A EXECUCION DOS ENSAIOS. Debe consultarse a norma UNE 10.082, sobre "Medidas das emisións de CO nos vehículos automóbiles ó réxime de "ralentí".

7.- CONTRASTACION DOS APARATOS DE MEDIDA. Para a contrastación dos medidores de monóxido de carbono debe consultarse a proposta da norma UNE 10.080.

ANEXO III.1.- Definicións.

Onda acústica aérea: É unha vibración do aire caracterizada por unha sucesión periódica no tempo e no espacio de expansións e compresións.

Presión acústica: Símbolo P , Unidade: Pascal ($1 \text{ pa} = 1 \text{ N/m}^2$). É a diferenza entre a presión total instantánea nun punto determinado, en presenza dunha onda acústica e a presión estática no mesmo punto.

Frecuencia: Símbolo f , Unidade: Hertzio Hz. É o número de pulsacións dunha onda acústica senoidal ocorrida nun tempo dun segundo. É equivalente ó inverso do período.

Son: É a sensación auditiva producida por unha onda acústica. Calquera son complexo pode considerarse como resultado da adición de varios sons producidos por ondas senoidais simultáneas.

Oitava: É o intervalo de frecuencias comprendido entre unha frecuencia determinada e outra igual ó dobre da anterior.

Ruído: É unha mestura complexa de sons con frecuencias fundamentais diferentes. Nun sentido amplo, pode considerarse ruído calquera son que interfira nalgunha actividade humana.

Potencia acústica: Símbolo W , Unidade: Watio W. É a enerxía emitida na unidade de tempo por unha fonte determinada.

Intensidade acústica: Símbolo L , Unidade: W/m^2 . É a enerxía que atravesa, na metade de tempo, a unidade de superficie perpendicular á dirección de propagación das ondas.

Nivel de presión acústica: Símbolo L_p , Unidade: Decibelio. Defínese mediante a expresión seguinte: $L_p = 20 \log. P/P_0$, onde P , é a presión acústica considerada en Pa. E P_0 é a presión acústica de referencia que se establece en $2 \cdot 10^{-5}$ Pa.

Nivel de potencia acústica: Símbolo L_w , Unidade:

Decibelio dB. Defínese mediante a expresión $L_w = 10 \log. W/W_o$, onde W , é a potencia acústica considerada en W e W_o é a potencia acústica de referencia que se establece en 10^{-12} W.

Composición de niveis: Cando os distintos niveis L_i a compoñer proceden de fontes non coherentes, caso habitual nos ruídos complexos, o nivel resultante vén dado pola seguinte expresión: $L = 10 \log. (10(L_i/10))$, onde L_i é o nivel de intensidade ou presión acústica do compoñente i en dB.

Ton: É unha caracterización subxectiva do son ou ruído que determina a súa posición na escala musical. Esta caracterización depende da frecuencia do son, así como da súa intensidade e forma de onda.

Absorción: Símbolo A , Unidade: m^2 . É unha magnitude que cuantifica a enerxía extraída do campo acústico cando a onda sonora atravesa un medio determinado, ou no choque da mesma coas superficies límites do recinto. Pode calcularse mediante as seguintes expresións:

$$A_f = \hat{O}_f \cdot S$$

$$A = \hat{O}_m \cdot S$$

onde: A_f é a absorción para a frecuencia f en m^2 ,

A é a absorción media en m^2 ,

\hat{O}_f é o coeficiente de absorción do material para a frecuencia,

\hat{O}_m é o coeficiente medio de absorción do material,

S é a superficie do material en m^2 .

Illamento acústico específico dun elemento constructivo: Símbolo a , Unidade dB. En xeral é a función da frecuencia. Defínese mediante a seguinte expresión:

$$a = 10 \log. l_i/l_t = L_{1i} - L_{1t} \text{ en dB}$$

Illamento acústico normalizado: Símbolo R , Unidade dB. Illamento é un elemento constructivo medido en laboratorio en condicións sinaladas na Norma UNE 74.040/III. Defínese mediante a seguinte expresión:

$$R=D+10\log.(S/A)=-L_{11}-L_{12}+10\log.(S/A) \text{ en dB}$$

onde: S é a superficie do elemento separador en m²,

A é a absorción do recinto receptor, en m².

Illamento acústico en dBA: É a expresión global en dBA, do illamento acústico normalizado R.

Nivel de ruído de impacto normalizado L_N: É o nivel de ruído producido pola máquina de impactos que se describe na Norma UNE/74.042 no recinto subxacente. Defínese mediante a seguinte expresión:

$$L_N=L-40\log(10/A)$$

onde: L é o nivel directamente medido en dB,

A é a absorción do recinto en m².

Ruídos de tipo continuo: Considérase como ruído continuo aquel que, medido en dBA e en resposta lenta (slow), presenta un rango de variación de ± 3 dB.

Ruídos de tipo discontinuo: Considéranse os ruídos como discontinuos cando, medidos en dBA e en resposta lenta (slow), presentan un rango de variación maior de 6 dBA.

Nivel Sonoro Continuo Equivalente: É o nivel en dBA dun ruído constante hipotético correspondente á mesma cantidade de enerxía acústica có ruído real considerado, nun punto determinado durante un período de tempo T.

Leq: Nivel de presión sonora.

Nivel de ruído de fondo: É aquel que permanece tras anula-la fonte ruidosa principal, composto polo sumatorio do conxunto de ruídos indeterminados que circundan á fonte ruidosa a medir.

Sirena: Todo dispositivo sonoro instalado de forma permanente ou esporádica en calquera vehículo móbil, que teña por finalidade advertir que está realizando un servizo urxente.

Este dispositivo poderá ir igualmente montado nun

sistema máis complexo no que se inclúan outros mecanismos de aviso, como poden ser lampexos luminosos.

Alarma: Todo dispositivo sonoro que teña por finalidade indicar que se está manipulando sen autorización a instalación, local ou ben no que se atopa instalado.

Sistema monotonal: Toda sirena ou alarma na que predomine un único ton.

Sistema bitonal: Toda sirena ou alarma na que existen dous tons perfectamente diferenciabes e que, no seu funcionamento, os utiliza de forma alternativa a intervalos constantes.

Sistema frecuencial: Toda sirena ou alarma na que a frecuencia dominante do son emitido pode variar de forma controlada, manual ou automaticamente.

Ambulancia tradicional: Todo vehículo de transporte sanitario apto para o traslado de enfermos, que non reúne outro requisito que o transporte en decúbito.

Ambulancia sobreelevada ou mecanizable: Todo vehículo de transporte sanitario apto para o traslado de enfermos que poidan requirir algún tipo de asistencia durante o traslado.

Ambulancias medicalizadas (UVI móbil): Iguais ás anteriores cando se lles incorpora persoal sanitario fixo e material de electromedicina e tratamento de vías aéreas.

ANEXO III.2.- Niveis máximos no interior do edificio.

| Tipo de edificio | local | día | noite |
|----------------------------|-------------------|--------|--------|
| | | (8-22) | (22-8) |
| Residencial Privado | Estancias | 35 | 30 |
| | Dormitorios | 35 | 30 |
| | Servicios | 40 | 35 |
| | Zonas comúns | 45 | 35 |
| Residencial Público | Zonas de estancia | 35 | 30 |
| | Dormitorios | 35 | 30 |
| | Servicios | 40 | 35 |
| | Zonas comúns | 45 | 40 |
| Administrativos e oficinas | Despachos | | |
| | profesionais | 40 | -- |
| | Oficinas | 45 | -- |
| | Zonas comúns | 50 | -- |
| Sanitarios | Zonas de estancia | 45 | 30 |
| | Dormitorios | 30 | 25 |
| | Zonas comúns | 50 | 40 |
| Docentes | Aulas | 40 | 30 |
| | Sala de lectura | 35 | 30 |
| | Zonas comúns | 50 | 40 |

NOTA: Se as medidas se realizan coas ventás abertas, os límites expresados aumentaranse en 5 dBA.

ANEXO III.3.

A) VALORES LIMITE DO NIVEL SONORO EMITIDO POLOS DISTINTOS VEHICULOS A MOTOR E CICLOMOTORES.

O nivel sonoro non debe sobrepassa-los límites seguintes:

Vehículos da categoría M₁..... 80 dB(A)

Vehículos da categoría M₂
o peso máximo dos cales non sobrepassa
as 3,5 toneladas..... 81 dB(A)

Vehículos da categoría M₂
o peso dos cales sobrepassa as 3,5
toneladas e vehículos da
clase M₃..... 82 dB(A)

Vehículos das categorías
M₂ e M₃ o motor dos cales ten unha
potencia de 147 Kw (ECE) ou máis..... 85 dB(A)

Vehículo da categoría N₁..... 81 dB(A)

Vehículo das categorías
N₂ e N₃..... 86 dB(A)

Vehículos da categoría N₃
o motor dos cales ten unha potencia
de 147 Kw (ECE) ou máis..... 88 dB(A)

B) CLASIFICACIÓN DE VEHICULOS

Categoría M₁: Vehículos de motor destinados ó transporte de persoas, con capacidade para oito prazas, sentadas, como máximo, ademais do asento do conductor.

Categoría M₂: Vehículos de motor destinados ó transporte de persoas, con capacidade para oito prazas sentadas, ademais do asento do conductor, e que teñan un peso máximo que non exceda das cinco toneladas.

Categoría M₃: Vehículos destinados ó transporte de persoas con capacidade de máis de oito prazas sentadas, ademais do asento do conductor, e que teñan un peso máximo que exceda das cinco toneladas.

Categoría N: Vehículos de motor destinados ó transporte de mercadorías e que teñan catro rodas, cando menos, ou tres rodas e un máximo que exceda dunha tonelada.

Categoría N₁: Vehículos destinados ó transporte de mercadorías que teñan un peso máximo que non exceda de 3,5 toneladas.

Categoría N₂: Vehículos destinados ó transporte de mercadorías que teñan un peso máximo que exceda de 3,5 toneladas, pero que non exceda de 12 toneladas.

Categoría N₃: Vehículos destinados ó transporte de mercadorías que teñan un peso máximo que exceda de 12 toneladas.

NOTAS:

- No caso dun tractor destinado a ser enganchado a un semirremolque, o peso máximo que debe ser tido en conta para a clasificación do vehículo é o peso en orde de marcha do tractor, aumentado do peso máximo aplicado sobre o tractor polo semirremolque e, no seu caso, do peso máximo da carga propia do tractor.

- Asimílanse a mercadorías os aparatos e instalacións que se atopan sobre certos vehículos especiais non destinados ó transporte de persoas (vehículos-guindastre, vehículos-taller e vehículos publicitarios, etc.).

ANEXO III.4.- Táboa e gráfico de vibracións (coeficiente K).

| Situación | Horario | <u>Coeficiente K</u> | | |
|--|---------------|----------------------|------------------|-------|
| | | Vibracións Continuas | Impulsos Máximos | 3/Día |
| Hospitais, quirófanos e áreas críticas | Día/ noite | 1 | 1 | 1 |
| Vivendas e residencias | Día/ noite | 1,41 | 2 | 16 |
| Oficinas | Día/ noite | 4 | 4 | 128 |
| Almacéns e comercios | Día/ noite | 8 | 8 | 128 |

2. Gráfico de vibracións (Coeficiente K)

ANEXO IV.1.- Definicións.

Augas residuais municipais. A mestura de augas residuais domésticas, augas residuais industriais e de escorrentía urbana que entra nos sistemas colectores.

Augas residuais domésticas: As augas residuais que proceden das vivendas e que son de orixe humana principalmente.

Augas residuais industriais: As augas residuais que non son augas residuais domésticas nin de escorrentía urbana.

Augas residuais pluviais: Son as producidas simultánea ou inmediatamente a continuación de calquera forma de precipitación natural e como resultado da mesma.

Sistema colector: O sistema de conductos que recolle e leva as augas residuais municipais a unha planta de tratamento de augas residuais municipais.

Cloaca: É aquel conducto subterráneo colocado transversalmente á vía pública, que serve para conducir as augas residuais e, no seu caso, as pluviais dende calquera tipo de edificio ou finca á rede de sumidoiros ou a unha cloaca lonxitudinal.

Planta de tratamento de augas residuais municipais. Toda instalación que trata as augas residuais municipais antes de vertelas ás augas receptoras ou á terra.

Tratamento primario: Todo tratamento de augas residuais municipais mediante un proceso físico que inclúe a sedimentación de sólidos orgánicos en suspensión ou outros procesos nos que a DBO₅ das augas residuais que entran se reduce dun 20 a un 40 %.

Tratamento secundario: Todo tratamento de augas residuais municipais mediante un proceso que inclúe un tratamento biolóxico con sedimentación secundaria.

Lodos: Tódalas lamas residuais, tratadas ou non, das plantas de tratamento de augas residuais municipais ou de fosas sépticas.

Tratamento axeitado: Todo tratamento de augas residuais municipais mediante un proceso tal que, despois do vertido de ditas augas ás augas receptoras, estas cumpran coa normativa vixente.

Sólidos sedimentables: Entendendo por tales os que a súa análise de decantación se realiza nun tempo de 15 minutos.

Demanda Bioquímica de Osíxeno: É unha medida de osíxeno consumido na oxidación bioquímica da materia orgánica contida na auga. Determinase por un procedemento de análise normalizado nun período de cinco días (DBO₅).

Demanda Química de Osíxeno: É unha medida da capacidade de consumo de osíxeno dunha auga por mor da materia orgánica e mineral que se atopa presente. A súa determinación realízase mediante un ensaio normalizado no cal se mide o consumo dun oxidante químico, expresándose o resultado en miligramos de osíxeno equivalente por litro de auga estudiada.

pH: É o cologaritmo con signo cambiado da actividade de ións hidróxenos na auga estudiada.

ANEXO IV.2.- Documentación necesaria para a obtención do permiso de vertidos ás instalacións municipais de saneamento.

As instalacións industriais e comerciais para a obtención da licenzia de empalmar na rede ou para a autorización de vertido deberán leva-la documentación que a continuación se detalla:

1. Filiación:

* Nome e domicilio social do titular do establecemento ou actividade.

* Localización e características da instalación ou actividade.

2. Producción:

* Descrición das actividades e procesos xeradores dos vertidos.

* Materias primas ou produtos utilizados como tales, indicando as cantidades en unidades usuais.

* Produtos finais e intermedios, se os houber, consignando as cantidades en unidades usuais así como o ritmo de produción.

3. Vertidos:

* Descrición do réxime de vertidos (horarios, duración, caudal medio e punta, e variacións diarias, mensuais e estacionais, se as houber) e características e concentracións dos mesmos, previo a calquera tratamento.

4. Tratamento previo ó vertido:

* Descrición dos sistemas de tratamento adoptados e do grao de eficacia previsto para os mesmos, así como a composición final dos vertidos descargados, cos resultados das análises de posta en marcha realizados no seu caso.

5. Planos:

- * Planos de situación.
- * Planos da rede interior de recollida e instalación de pretratamentos.
- * Planos detallados das obras en conexión, das arquetas de rexistros e dos dispositivos de seguridade.

6. Varios:

- * Subministración de auga (rede, pozo, etc.)
- * Volume de auga consumida polo proceso industrial.
- * Dispositivos de seguridade adoptados para prever accidentes nos elementos de almacenamento de materias primas, compostos intermedios ou produtos elaborados susceptibles de ser vertidos á rede de sumidoiros.
- * Proxecto de medidas preventivas, correctoras, de seguridade e/ou reparadoras para supostos de accidente ou emerxencia de vertidos.
- * E, en xeral, todos aqueles datos que a administración considere necesarios, para o efecto de coñecer tódalas circunstancias e elementos involucrados nos vertidos de augas residuais.

ANEXO IV.3.

Táboa I

Intervalo de características e concentracións máximas permitidas nos vertidos ós colectores municipais.

| PARAMETRO | INTERVARLO | UNIDADE |
|-----------------------|------------|-------------|
| Temperatura | 40 | °C |
| pH | 6-10 | Unidades pH |
| Sólidos sedimentables | 10-20 | ml/l |
| Aceites e graxas | 150-200 | mg/l |
| Cadmio | 0,5-1 | mg/l |
| Chumbo | 1-2 | mg/l |
| Cromo total | 5-10 | mg/l |
| Cromo hexavalente | 0,5-1 | mg/l |
| Cobre | 3-6 | mg/l |
| Cianuros totais | 5-10 | mg/l |
| Cinc | 5-10 | mg/l |
| Selenio | 1-2 | mg/l |
| Níquel | 5-10 | mg/l |
| Azougue | 0,1-0,2 | mg/l |
| Ferro | 10-50 | mg/l |
| Sulfuros totais | 5-10 | mg/l |
| Sulfuros libres | 0,3-0,5 | mg/l |
| Fenois totais | 2-5 | mg/l |
| Toxicidade equitox/l | (50) | |

().- Este valor é indicativo e con carácter provisional.

Esta táboa ten un carácter orientativo, incluíndo un intervalo de características e concentracións máximas permitidas nos vertidos ós colectores municipais, entendendo que:

- para cada ordenanza do municipio correspondente debe elixirse un único valor para cada parámetro dentro do intervalo establecido, en función da tipoloxía e tamaño da industria existente e doutras consideracións locais;
- hai unha serie de parámetros como DBO, DQO, sólidos en suspensión, conductividade, etc., que estarán en función da capacidade de depuración

que teñan as instalacións municipais;

- en municipios concretos, a ordenanza municipal poderá establecer nalgúns casos valores superiores ós sinalados na táboa, en función das características das instalacións de tratamento existente e sempre e cando quede demostrado que non teñen consecuencias negativas;

- en municipios con necesidades específicas, poderanse fixar ademais outros parámetros que se consideren necesarios;

- en todo caso, atenderase ás prescricións establecidas nos artigos 92 a 101 da Lei de Augas e disposicións de desenvolvemento.

ANEXO VI.1.- Condicións para a realización de repoboacións forestais.

Simplificadamente, pódense agrupa-las repoboacións, segundo a súa finalidade, da maneira seguinte:

Reconstrucción da cuberta vexetal:

a) **Loita contra a erosión:** repoboacións das que non poden agardarse beneficios directos. En moitos casos, tratarase de reconstruír formacións estables, incluídos os materiais, segundo procesos de evolución positiva.

b) **Reconstrucción de áreas degradadas:** nas que, de produci-las repoboacións beneficios directos, será a tan longo prazo, que non poderán computarse en termos de renda. As accións terán efectos positivos no control da erosión e serán un procedemento para acelera-la evolución positiva da vexetación existente.

c) **Rexeneración dos bosques estragados:** as repoboacións tratarán de lograr rapidamente a cobertura suficiente, así como completa-la vexetación serial. Estes traballos permitirán asegurar unha produción probable que, cando menos, faga posible o financiamento da súa conservación.

Creación de bosques productivos:

a) **Producción de madeiras de calidade:** con plantacións de especies nobles, destinadas a fornece-la crecente demanda da industria do moble e a decoración, substituindo a importación de madeira tropical. O bosque resultante terá unha alta calidade ecolóxica. Rexeneración natural do bosque así creado.

b) **Producción de madeiras industriais:** con plantacións de especies susceptibles de ser aproveitadas a quendas medias e curtas formando masas moderadamente monoespecíficas, pero susceptibles de evolucionar cara a formacións climáticas mediante un simple cambio de

tratamento. Rexeneración natural da masa repoboada.

c) **Cultivos forestais:** plantacións monoespecíficas de árbores de crecemento rápido ou medio. Curtas finais a feito e nova plantación.

Nestes bosques productivos, con maior ou menor axuda á plantación ou mantemento do repoboado, a xestión económica resultante será rendible para o propietario.

O marco das accións de repoboación:

As diferentes características e finalidades das repoboacións darán lugar a condicións, tamén diferentes, en canto a se se establecen ou non límites ás superficies que se van repoboar, ó tipo e métodos de plantacións, tratamentos silvícolas, utilización de produtos agroquímicos, etc.

En todo caso, resulta necesario definir un marco global de actuación, que delimite claramente o desexable e o inadecuado dende diversas perspectivas, para prima-lo primeiro e evita-lo segundo.

a) **O marco ecolóxico:** Conforme ó previsto no Regulamento para a Avaliación de Impacto Ambiental e as Circulares 1/87 e 1/89 do ICONA, evítaranse os danos que, tanto as técnicas de preparación do solo coma a formación vexetal introducida, puidesen producir sobre:

- especies catalogadas como ameazadas e os seus hábitats.

- valores singulares edáficos ou paisaxísticos.

(Aínda que non teñen cabida neste epígrafe, tamén debe evitarse, por outras razóns, a destrución de xacementos paleontolóxicos, arqueolóxicos e históricos).

Para isto, tódalas propostas de repoboación deberán acompañarse dun informe previo detallando os valores naturais da paisaxe que se vai repoboar. Redactarase unha clave de incompatibilidades -espaciais e temporais- coa conservación dos valores naturais.

b) **O marco biolóxico:**

De acordo coas Circulares antes citadas, as propostas de repoboación describirán e xustificarán as especies a utilizar, os anos en que van introducirse, o tipo de bosque que se pretende reconstruír ou implantar, a forma de masa e o tratamento con que se agarda xestionalo bosque creado.

Para isto, xustificárase a evolución previsible da vexetación e a finalidade que cumpren as especies que se van empregar.

Así mesmo, describirase a procedencia da semente e da planta a utilizar.

c) O marco tecnolóxico:

As propostas de repoboación describirán o método de preparación do solo para a plantación, detallando os labores que se precise realizar.

Considéranse as técnicas seguintes, ordenadas de menor a maior impacto:

-Preparación do solo

- I- Sementeira, con remexedura local do solo
- II- Fochas de corenta centímetros de profundidade
- III- Cuadrículas de corenta por corenta
- IV- Banquetas de tracción animal, subsoladas menores ou iguais que un metro
- V- Subsulado lineal a tracción mecánica
- VI- Banqueta de tracción mecánica, subsolada menor ou igual que un metro.

-Tratamento da vexetación

- 1- Sen afección
- 2- Roza manual da vexetación
- 3- Roza con trituradora.

d) **O marco económico:**

As propostas de repoboación achegarán un breve estudio económico de rendibilidade que xustifique o seu carácter preferentemente productivo ou protector.

ANEXO VI.2.- VALORACION DE ARBORES

1. Valoración para árboles sustituibles.

Para as árbores sustituíbles, buscaríase o prezo da compra da árbore en cuestión nos catálogos de viveiros ornamentais, ou ben buscaríase na curva ou función de regresión correspondente ó grupo de especies de similar comportamento. Unha vez obtido o prezo de mercado, sumariánselle os gastos de plantación e arrinque e os gastos anuais de mantemento, capitalizados con interese composto durante o tempo que viviu a árbore. Considerouse a probabilidade de éxito no transplante (risco de transplante).

A fórmula máis xeral sería, de acordo con Caballer:

$$\text{Valor básico} = \frac{(P_m + C_t)}{\acute{O}} (1+r)^t + (C_{cn+1}) (1+r)^{t-1} + (C_{cn+2}) (1+r)^{t-2} + \dots + (C_{ct-1}) (1+r) + C_{ct}$$

Onde:

n = ano de plantación.

P_m = prezo de mercado para un calibre (e idade) determinado.

C_t = Custo de arrinque e plantación.

Ó = Probabilidade de éxito en transplante (0 ≤ Ó ≤ 1).

t = Idade da árbore arrincada (ano da valoración).

C_c = Custos de cultivo e mantemento o ano n + 1.

A introducción de C_t e de Ó permite fixa-lo límite das árbores sustituíbles (C_t non excesivo, igual que P_m e C_t alto) e tamén sitúa as árbores históricas con P_m e C_t altísimo, e Ó tende a cero, cos que V_b tendería a infinito.

Se se supón que os custos de cultivo e mantemento son iguais tódolos anos, a fórmula queda así:

$$V_b = \frac{(P_m + C_t)}{(1+r)^{t-n}} + C_c \frac{[(1+r)^{t-n+1} - 1]}{(1+r) - 1}$$

ó

r

2. Valoración para árbores non substituíbles. Frondosas e coníferas.

Para chegar á formulación obxectiva do valor básico, a Comisión de Valoración centrou o seu traballo no estudio da posibilidade de atopar unha certa función **f** a variable dependente da cal fose o valor básico (ou o prezo) en termos monetarios.

Existen, para isto, dous supostos de partida:

1. Non é posible atopar unha ecuación na que interveñan variables territoriais, culturais ou cualitativas da árbore (singularidade, rareza, etc.). Hai que procurar, polo tanto, **un valor básico**, como punto de partida, e deixar estas variables mencionadas para unha segunda etapa, a dos índices correctores.
2. Hai que utilizar variables cuantitativas, medibles, significativas, e no menor número posible.

Xa dende o principio se pensou que un camiño válido era a pauta de prezos existentes no mercado de árbores (viveiros ornamentais) en función dos valores de circunferencia para as frondosas, e de altura para as coníferas.

Hai que definir unha función circunferencia-prezo ou altura-prezo, de xeito que a simple medición poida traducirse inmediatamente en valor. O procedemento é obter por regresión as funcións, co axuste que dá o coñecemento profesional dos especialistas, facilmente converxente.

Para as árbores non substituíbles habería que supoñer que a función de regresión ou lei, conocida no tramo en que hai prezos de compra nos viveiros comerciais, mantense e trasládase fóra de dito tramo e, polo tanto, para obte-lo valor básico podemos extrapolar coma se tivese o prezo virtual que nos dá a curva para o tamaño real observado (Figura III).

Fixáronse nove grupos para as frondosas, de acordo coa información manexada, e seis grupos para as coníferas. Como se aprecia nas táboas I e II, ditos grupos formáronse

atendendo ó hábito de crecemento e á expectativa de lonxevidade de cada árbore (maior información en Anexos).

Probáronse varios modelos de regresión: lineal, multiplicativo, exponencial e logarítmico, con bos resultados de precisión estatística. Pero ó proxecta-la regresión fóra do ámbito habitual dos datos de prezos en viveiro, descartáronse finalmente todos eles.

Posteriormente, o comportamento de crecemento da árbore en si conduciu a unha regresión que presenta un axuste moi preciso para o caso proposto.

A sigmoide ou función de Richards, de fructífera tradición na análise dos fenómenos biolóxicos, e, no seu caso particular, a ecuación ou función loxística, acomódase moi ben ó xeito de comportamento da árbore na súa evolución; a semellanza do que ocorre con este, a función loxística presenta un punto de inflexión, a partir do cal comenza a diminuí-lo crecemento relativo, e tende asintoticamente a un valor máximo.

$$\text{A ecuación é } y = \frac{k}{[1+v e^{b(x-x_i)}]^{1/v}}$$

Onde v é un coeficiente que, despois de estudos detidos, fixouse en 0,01 para tódolos grupos.

k é o valor máximo, o parámetro máis independente do comportamento da árbore e ó que tende asintoticamente a curva. É o multiplicador máximo do prezo estándar en viveiro para un calibre característico (tamaño 10-12 cm de circunferencia en frondosas, e 100-125 cm de altura en coníferas). Tomáronse tres valores de k , que cambia coa lonxevidade das especies: 1.000, 750 e 500 (ver Táboa III).

x_i representa o punto de inflexión, que tamén cambia segundo a lonxevidade e o hábito de crecemento; b é un parámetro para o prezo de partida. (Ver valores de ámbolos dous na Táboa III).

Así, o valor básico y é un multiplicador do prezo que tería a árbore en viveiro ós calibres característicos. Este valor dáse tabulado para as 15 ecuacións que resultaron, nas Táboas IV e V, con valores cada 5 cm para o perímetro en frondosas, e cada 50 cm de altura para as coníferas.

Polo tanto, para obte-lo valor básico dunha determinada árbore, situaríase a través das Táboas I e II no grupo que corresponda. Coa medición da súa circunferencia de tronco (frondosas) ou da altura da árbore (coníferas), pasaríase á Táboa III para usa-las fórmulas ou ás Táboas IV e V para localizar directamente o multiplicador **y**.

Coas gráficas I, II e III pódese obter igualmente o factor multiplicador **y**, anque xa se sabe que será con menos precisión este procedemento gráfico que usando as ecuacións ou os valores tabulados. De ámbolos dous xeitos, chégase ó valor básico, **V_b**, por táboas ou por gráficas.

TABOA I
FRONDOSAS
ADSCRICION DE ESPECIES A GRUPOS, SEGUNDO A LONXEVIDADE
E CRECEMENTO (LOPEZ LILLO, 1989)
CRECEMENTO

| LENTO | MEDIO | RAPIDO |
|----------------|----------------|------------------|
| A | B | C |
| Acer campestre | Laburnum an. | Salix babylonica |
| Acer palmatum | Elaeagnus ang. | Salix matsudana |
| | Casuarina c. | Ailanthus a. |
| | | Acer negundo |
| | | Ulmus pumila |

VIDA ORNAMENTAL CURTA

| D | E | F |
|------------------|--------------------|----------------|
| Aesculus h. | Paulownia t. | Populus sp. |
| Carpinus b. | Gleditsia t. | Salix alba |
| Quercus rubra | Schinus m. | Tamarix sp. |
| Lagerstroemia i. | Fraxinus s.p. | Eucalyptus sp. |
| Citrus sp. | Morus sp. | |
| Betula sp. | Melia a. | |
| Liquidambar st. | Cercis s. | |
| Acer saccharinum | Koelreuteria p. | |
| Alnus sp. | Ligustrum j. | |
| Brachichyton sp. | Albizia j. | |
| Ceratonia s. | Catalpa b. | |
| | Chorisia sp. | |
| | Delonix r. | |
| | Parkinsonia a. | |
| | Acacia cyanophylla | |
| | Acacia dealbata | |

VIDA ORNAMENTAL MEDIA

| G | H | J |
|--------------|-----------------|--------------------|
| Ficus sp. | Celtis sp. | Platanus sp. |
| Quercus sp. | Ulmus sp. | Tipuana s. |
| Tilia sp. | Sophora j. | Acacia melanoxylon |
| Juglans sp. | Robinia s. | |
| Sorbus sp. | Liriodendron t. | |
| Caya o. | Acer sp. | |
| Fagus sp. | Grevillea r. | |
| Magnolia sp. | | |
| Olea e. | | |

VIDA ORNAMENTAL ALTA

TABOA II
CONIFERAS
ADSCRICION DE ESPECIES A GRUPOS, SEGUNDO A LONXEVIDADE
E CRECEMENTO (LOPEZ LILLO, 1989)

TIPO DE CRECEMENTO

LENTO. MOI LENTO MEDIO RELATIVAMENTE RAPIDO

| A | B | C |
|------------|---|----------------------------|
| macrocarpa | Pinus strobus Pinus griffithii | Pinus radiata Cupressus |
| | Pinus halepensis Biota orientalis Araucaria heterophylla Cryptomeria japonica Cunninghamia lanceolata | Cupressus glabra |

POUCO LONXEVA

| D | E | F |
|--|---|---|
| Araucaria araucana Abies pinsapo Abies sp. Juniperus sp. Podocarpus sp. Picea sp. Pinus sylvestris Pinus nigra Sequoiadendron g. | Thuyopsis dolabrata Thuja sp. Cupressus sempervirens Calocedrus decurrens Cedrus sp. Pseudotsuga menziesii Pinus canariensis Larix sp. | |
| Taxus baccata Sciadopitys verticillata Taxodium distichum Tetraclinis articulata Torreya sp. Tsuga sp. Ginkgo biloba Pinus uncinata Cephalotaxus sp. | | |

LONXEVA

TABOA III
ECUACION LOXISTICA DE VALORES DE COEFICIENTES
FRONDOSAS

| | LENTA | MEDIA | RAPIDA |
|------------------------------|--------------------------------|--------------------------------|--------------------------------|
| VIDA CURTA K = 500 | b = 0,0269295 xi = 80 A | b = 0,0221207 xi = 95 B | b = 0,017047 xi = 120 C |
| VIDA MEDIA K = 750 | b = 0,0243467 xi = 90 D | b = 0,0194282 xi = 110 E | b = 0,015265 xi = 137 F |
| LONXEVA K = 1000 | b = 0,0221054 xi = 100 G | b = 0,0180494 xi = 120 H | b = 0,0141538 xi = 150 J |

$$v = 0,01$$

$$\text{ECUACION: } y = \frac{k}{(1+0,01 e^{b(x-x_i)})^{100}}$$

CONIFERAS

| | LENTA | MEDIA | RAPIDA |
|---------------------------------|---------------------------------|---------------------------------|---------------------------------|
| POUCO LONXEVA K = 750 | b = 0,2555999 xi = 8,65 A | b = 0,1947736 xi = 11 B | b = 0,1554254 xi = 13,5 C |
| LONXEVA K = 1000 | b = 0,2216769 xi = 10 D | b = 0,1729567 xi = 12,5 E | b = 0,1417933 xi = 25 f |

$$v = 0,01$$

3. Valoración para árbores non substituíbles. Palmeiras e similares.

A distinta configuración morfolóxica das palmeiras, a súa sensible diferenza fisiolóxica respecto ás árbores frondosas e coníferas, fai ter presentes, á hora de establecer un método de valoración obxectivo, certos elementos de diferenciación:

- Os seus variados e á vez anárquicos xeitos de presentación, venda e expedición.
- A escasa representatividade de viveiros especializados, en comparación co resto do conxunto de viveiros ornamentais.

Por todo isto, é difícil a obtención de máis datos fiables e con evolución coñecida que nos permitan realizar unha curva de regresión, que proporcione un valor básico de arranque, susceptible de aplicarse na fórmula final de valoración. Séguese optando, polo tanto, por unha fórmula empírica.

O custo característico representaría nestes espécimes o prezo medio teórico de mercado dese individuo para o mínimo tamaño comercial (habitualmente posible) que se debe revisar e actualizar periodicamente.

Adóptase o termo h/k como mellor expresión da idade, onde h = altura en cm do tronco e k = constante de crecemento (Táboa VI). Así pois, patentízase neste cociente h/k a relación entre a altura do exemplar (en cm), como resultante da idade do mesmo e a súa resposta fisiolóxica. Na fórmula final aparecería este cociente elevado ó cadrado pola gran importancia do mesmo no cómputo do valor final.

Así pois, a fórmula quedaría como segue:

$$V_{\text{básico}} = V_{\text{característico}} \times \left(\frac{h^2}{k} \right)$$

Os índices correctores ponderarían igual ca nas frondosas e coníferas. As mesmas consideracións expostas antes, en canto ás árbores substituíbles e non substituíbles.

TABOA VI

**CARACTERIZACION DE GRUPOS DE PALMEIRAS
(PALOMARES, 1989)**

| ESPECIE | Valor característico (PTA) | Constante crecimiento K |
|---------------------------------|----------------------------------|----------------------------|
| Archonthophoenix cunninghamiana | | |
| Areca catechu | | |
| Arecastrum rommanzoffianum | 220 | 12 |
| Brahea edulis | | |
| Butia capitata | 190 | 5 |
| Chamaedorea elegans | 15 | 2 |
| Chrysalidocarpus lucubensis | | |
| Caryota mitis | | |
| Caryota urens | | |
| Howea forsteriana | 800 | 16 |
| Latania borbónica | | |
| Livistona australis | | |
| Phoenix canariensis | | |
| Phoenix dactylifera | 175 | 25 |
| Phoenix reclinata | | |
| Roystonea regia | | |
| Rhapis excelsa | 18 | 3 |
| Sabal palmetto | 250 | 20 |
| Sabal umbraculifera | | |
| Trachycarpus fortunei | 70 | 12 |
| Washingtonia filifera | 115 | 16 |
| Washingtonia robusta | | |

4. Índices correctores.

A partir de dispor do valor básico, entran en xogo uns índices correctores que se agrupan en dous bloques:

a) Factores intrínsecos (proprios da especie e do individuo):

1. Tamaño fotosinteticamente activo (Volume e superficie de copa), por comparación coa copa hipoteticamente ideal para o seu tamaño e idade.
2. Estado sanitario. Referencia ó vigor ou grao de decrepitude, presenza de alteracións sanitarias, ataques de parásitos, podremias, etc.
3. Expectativa de vida útil. É a suposta polo taxador, con relación ós valores tabulados, de vida ornamental e de vida total máxima agardada.

b) Factores extrínsecos (correspondendo ó medio que a rodea):

1. Estético e funcional. Apreciación do interese estético da árbore, illada, como parte dunha aliñación ou grupo, e do seu papel funcional (cortaventos, pantalla visual ou sonora, acompañamento de sombra).
2. Representatividade e rareza. Índice relativo a consideracións de maior ou menor abundancia na zona, e aprecio ou calidades históricas, culturais ou simbólicas do exemplar.
3. Situación. Índice relativo do interese da árbore no contorno que a rodea, e a súa contribución á mellora ambiental, plástica ou urbana.
4. Factores extraordinarios. Referencia a outros valores ou parámetros que merezan tal consideración.

A fórmula de aplicación dos índices descritos sería:

$$V_f = V_b (1 + \tilde{o} I_i + \tilde{o} I_e)$$

Onde:

V_f = Valor final

Vb = Valor básico

$\sum I_i$ = Sumatorio dos índices de factores intrínsecos

$\sum I_e$ = Sumatorio dos índices de factores extrínsecos

A escala de valores dos índices recóllese na táboa seguinte:

5. Troncos múltiples.

Para o caso de árbores con troncos múltiples, se se pode descubri-lo colo da árbore, medi-lo perímetro envolvente inmediatamente por encima do colo, que sería o valor de circunferencia co que se entra nas ecuacións ou curvas de regresión.

Se a árbore ten forte engrosamento no colo ou non se pode descubrir este, toma-las circunferencias de tódolos troncos que existan, a unha altura de 80 cm do chan, e tomar como perímetro virtual o dunha circunferencia que circunscribe como envolvente tódalas dos troncos existentes, tanxentes entre si (figura IV).

6. Danos parciais.

Cando se analizan os danos parciais dunha árbore, en moitas ocasións non é cuestión de valoración, senón de considerala especie e a estación do ano, elementos fundamentais á hora de estimar se os danos parciais son de consideración para o exemplar ou non.

Neste caso de danos parciais, por desgracia moi habitual no medio urbano, pode tratarse dunha situación na que o procedente para o técnico non sexa emitir unha valoración, senón un informe en canto ó risco de supervivencia, risco de estabilidade, seguridade para o peón e tráfico, medidas de restauración e de actuación en consecuencia.

Reprodúcese o texto aparecido no seu día no método xa clásico publicado por Icona en 1975, que segue tendo perfecta validez, para o cálculo da valoración referente a danos parciais.

O valor dos danos que se lle causen a unha árbore cifrarase nun tanto por cento do valor total deste, calculado coas anteriores normas. O causar danos a unha árbore en calquera das súas partes, este perde valor nas súas cualidades estéticas, sanitarias, etc, e esta perda debe ser compensada por medio dunha indemnización.

Os danos clasificaranse segundo sexan: feridas no tronco, esgazamento de pólas ou destrucción de raíces.

O cálculo das indemnizacións a que houber lugar por estas tres causas farase separadamente, sumando logo as porcentaxes obtidas para obte-lo valor total da indemnización. Se este total resultase maior do 100 %, tomarase, loxicamente, o valor total da árbore.

6.1.- Feridas no tronco.

Cando se causan feridas no tronco dunha árbore, destrúese moitas veces a capa viva deste, o que ocasiona un déficit na aportación de zume á copa, coa conseguinte perda de vigor. Estas feridas, sobre todo se son largas, cicatrizan moi lentamente, dando lugar a deformacións do tronco, polo que se ocasiona tamén unha perda no seu valor estético. Por último, as feridas no tronco supoñen un gran perigo para a vida da árbore, por ser un foco de infección e facilita-lo

ataque dos parásitos.

A extensión do dano mídese en largura, proxectando os seus extremos máis separados sobre a circunferencia que pasa polo punto máis alto da ferida. A proxección **P** exprésase como fracción da circunferencia citada **C** e multiplícase pola altura **h** da ferida en milímetros (figura V).

$$I \% = \frac{P}{C} (h + 50)$$

I considérase igual a 100 cando tome valores superiores ó 50 %.

Nesta expresión, **P** e **C** veñen dadas nas mesmas unidades e o seu cociente **P/C** avalía a fracción da circunferencia que foi afectada pola ferida, o que dá unha idea da magnitude do dano causado.

Este cociente multiplícase por (50 + h), sendo **h** a altura da ferida, expresada en milímetros, co que se introduce na valoración a magnitude da superficie danada; canto maior sexa esta superficie, maior será a dificultade de

cicatrización, coa seguinte perda de vigor e merma no seu valor estético. Por outra parte, o perigo de infeccións que poidan afectar á árbore, penetrando pola ferida, é tanto maior canto máis grande sexa esta, que, sendo **P** constante, é proporcional a "h".

Cando o dano causado sexa lineal, como o ocasionado por amarre de cables ós troncos das árbores, as feridas causadas teñen unha superficie moi pequena, o que daría lugar a indemnizacións moi baixas, sendo o dano causado moi grande. Para evitar esta discordancia entre danos e indemnización, dotouse ó segundo factor dun sumando "50" que nos dá o valor mínimo da indemnización cando sexa moi pequena a altura da ferida.

Cando a ferida lineal afecte a toda a circunferencia da árbore, a indemnización ha de se-lo valor total da árbore, pois esta ferida, ó destruí-la capa viva ou cambium en toda a súa largura, provoca un cesamento na subministración de zume á copa que pode provoca-la morte deste. Neste caso, o dano causado será:

$$I \% = \frac{P}{C} (50 + h);$$

$$\text{se } P = C, \frac{P}{C} = 1, h \rightarrow 0 \text{ e entón}$$

$$I \% > 50 \%$$

e esta cifra corresponde ó 100 % de indemnización, segundo a táboa de valores VIII.

6.2.- Perda de pólas.

A perda de pólas na copa dunha árbore supón unha diminución tanto do seu valor estético coma do seu vigor.

Esta perda do seu valor está en relación coa cantidade de pólas que sexan destruídas. Medirase en tanto por cento do volume inicial da copa. Se a destrucción das pólas afectara a máis do 80 % delas, o valor da indemnización será o do total da árbore.

Cando a destrucción supoña un desequilibrio na copa da árbore, incluírase tamén para o cálculo da indemnización o

volume de copa que sexa preciso quitar para acadar outra vez o equilibrio, e o custo disto.

6.3.- Destrucción de raíces.

A destrucción de raíces dá lugar a unha diminución na aportación de nutrientes e, polo tanto, a unha perda de vigor que pode chegar a ocasiona-la morte da árbore. Tamén pode representar perigo de socava da árbore, en caso de fortes ventos.

Para calcula-lo tanto por cento que supoñen as raíces destruídas sobre o conxunto do sistema radical, tómase como extensión deste a da proxección da copa da árbore e como profundidade, un metro.

Débese aplicar este criterio en caso de gabias que pasen preto da árbore, ou incluso en caso dunha trasplante deste.

6.4.- Outros danos.

Os danos non mencionados expresamente nos parágrafos anteriores, como os ocasionados por sacudidas, separación da vertical, corte de xema terminal ou outros calquera, valoraranse estimando a repercusión que poidan ter na vida futura da árbore, e na súa clasificación dentro dos distintos índices.

As consideracións anteriores sistematizáronse na táboa de valores que se dá a continuación:

TABOA VIII. VALORES DE INDEMNIZACION

| | % DE INDEMNIZACION | | | | | | |
|----------------------------|--------------------|----|----|----|----|----|----|
| | 20 | 25 | 35 | 45 | 60 | 75 | 90 |
| 100 | | | | | | | |
| Danos no tronco (%) >50 | 20 | 25 | 30 | 35 | 40 | 45 | 50 |
| Danos na raíz (%) >70 | 25 | 30 | 35 | 45 | 50 | 60 | 70 |
| Danos na copa (%) >80 | 30 | 35 | 40 | 50 | 60 | 70 | 80 |

A un 50 % na raíz corresponderalle unha indemnización do 60 % do valor da árbore; se, ademais, se dese un 30 % de danos na copa, habería que sumar un 20 % máis á indemnización anterior, que quedaría en $60 + 20 = 80$ %.